

Revela a Realidade,
Rebélate!

Vota



esquerda unida
izquierda unida

www.esquerdaunidaelecciones.org

PROGRAMA POLÍTICO E SOCIAL

Revela a Realidade,
Rebélate!

www.esquerdaunidaelecciones.org

Vota



esquerda unida
izquierda unida

ELECCIÓN AUTONÓMICA
Á XUNTA DE GALICIA 2009

ÍNDICE

| | |
|---|-----|
| 1) A XESTIÓN DO BIPARTITO. CATRO ANOS DE INCUMPRIMENTOS..... | 3 |
| 2) MODELO DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE. MEDIO AMBIENTE. POLÍTICA AGRARIA. AGROECOLOXÍA. VIVENDA. ORDENACIÓN DO TERRITORIO. EMPREGO | 26 |
| 3) CULTURA. FERRAMENTA DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL O DEREITO Á INFORMACIÓN | 54 |
| 4) MULLER. POLÍTICAS PARA ACADAR A IGUALDADE REAL CO HOME..... | 70 |
| 5) POLÍTICAS SOCIAIS. ENSINO. SANIDADE. AUTONOMÍA PERSOAL. INMIGRACIÓN. MOCIDADE. IDENTIDADE AFECTIVO-SEXUAL..... | 78 |
| 6) XUSTIZA..... | 130 |
| 7) AUTOGOBERNO E FEDERALISMO ESTADO SOCIAL. PLURALIDADE, DEMOCRACIA PARTICIPATIVA..... | 135 |
| 8) UNHA CULTURA DE PAZ INTERNACIONALISMO SOLIDARIO..... | 147 |

| | |
|---|---|
| 2 | POR UNHA ACCIÓN TRANSFORMADORA DESDE A ESQUERDA REAL CARA Á CONSTRUCCIÓN DO SOCIALISMO |
|---|---|

A XESTIÓN DO BIPARTITO



esquerda unida
izquierda unida

CATRO ANOS DE INCUMPRIMENTOS

1. AS RAZÓNS PARA UNHA VERDADEIRA ESQUERDA NO PARLAMENTO DE GALICIA

Esquerda Unida, despois da IX Asemblea Federal, aposta, máis que nunca e coas razóns que concede a deriva crítica do capitalismo na súa fase neoliberal, polas súas esencias: anticapitalismo, republicanismo e federalismo. Unha Esquerda Unida que fai da participación un motivo para loitar contra as derivas da democracia representativa, allea, as máis das veces, aos intereses das persoas. Unha Esquerda Unida que, artellándose como movemento político e social, ten como horizonte a construción do socialismo.

Diante da situación de crise económica e social que adquire un carácter sistémico, que está a golpear con extraordinaria forza e celeridade á meirande parte das clases traballadoras, Esquerda Unida quere afirmar nesta vindeira campaña electoral o seu compromiso programático e ético coa cidadanía que vive e traballa no noso país, con independencia da súa situación administrativa.

A voz e a proposta da esquerda que necesita a sociedade galega é a que constrúe un compromiso de análise radical, proposta programática transformadora e de loita social ao carón dos colectivos e movementos críticos, que sosteñen o carácter inxusto e insustentable do actual sistema económico galego.

A crise económica e social que se abate sobre o corpo da nosa sociedade pon de relevo o esgotamento do actual modelo de crecemento e acumulación capitalista apoiado no chamado **Consenso de Washington**, que, ao longo

4 POR UNHA ACCIÓN TRANSFORMADORA DESDE A ESQUERDA REAL CARA Á CONSTRUCIÓN DO SOCIALISMO

deste longo decenio, se caracterizou polo mantemento dunha distribución do excedente social que entregou beneficios records ás empresas (exemplares son os casos de Inditex ou Pescanova) a cambio dunha perda dos salarios reais e do retroceso do peso das rendas salariais no conxunto da renda nacional para a clase traballadora. Sacrificios e retrocesos que en modo algún permitiron reducir as taxas de precariedade e desemprego, amais de manter niveis de sinistralidade laboral que autorizan a certificar o fracaso das políticas económicas e de concertación social desenvolvidas pola Xunta co empresariado e as centrais sindicais de clase.

Esquerda Unida baseará a súa acción política e social nun conxunto de eixos que ligan coas necesidades fundamentais e as arelas da maioría traballadora do país:

- A crise e esgotamento do actual modelo económico, compartido polos partidos maioritarios, e afirmación da validez das nosas análises e propostas a prol dunha alternativa económica e social atenta aos intereses e necesidades da clase traballadora.
- A defensa do emprego estable e con dereitos, da cultura do reparto do traballo e os avances no eido da democracia económica, amais do pulo pola protección social pública como fórmulas alternativas para reorganizar unha sociedade xusta no social e sustentable no ecolóxico.
- O valor doutro modelo económico e social baseado no desenvolvemento sustentable, que garanta a protección do medio físico quen de albergar e

5 POR UNHA ACCIÓN TRANSFORMADORA DESDE A ESQUERDA REAL CARA Á CONSTRUCCIÓN DO SOCIALISMO

reproducir a vida, e que resulta un elemento xerador de riqueza material e benestar colectivo.

- O desenvolvemento dunha política pública de muller para afrontar a pervivencia dun patriarcalismo que se agocha nos teitos de cristal, nas diferenzas salariais a igual traballo, na discriminación da muller na súa inserción ao eido laboral, na feminización da pobreza, na falla de servizos públicos, na cosificación no ámbito simbólico ou da violencia criminal contra a muller.
- O pulo por unha profunda democratización da nosa sociedade, que aínda se atopa con eivas fundamentais para acubillar a ricaz pluralidade política e social da sociedade galega, que non encontra expresión nun Hórreo blindado pola lei electoral do fraguismo.
- O reforzamento do noso autogoberno nacional e da capacidade de financiamento, a partires da nosa proposta estatutaria e da nosa concepción federal e solidaria do Estado.

En resumo, os eixos políticos enunciados serán as liñas forza que entreguen coherencia e sistematicidade á alternativa política que representa Esquerda Unida para a sociedade galega. Eixos que trenzan os elos básicos da nosa proposta programática. Eixos que tentan significar a realidade doutra política posible e necesaria, a dun movemento político e social que expresa para un país novo a posibilidade dunha política alternativa caracterizada pola radicalidade da súa análise, a potencia transformadora da súa proposta programática e a firmeza do seu compromiso na loita e intervención social. Principios e valores da esquerda nacional anticapitalista e transformadora

6 POR UNHA ACCIÓN TRANSFORMADORA DESDE A ESQUERDA REAL CARA Á CONSTRUCCIÓN DO SOCIALISMO

quen de atender e responder satisfactoriamente ás arelas e necesidades da sociedade galega.

Esquerda Unida representa nesta etapa política a posibilidade de recualificar o curso da política galega, que nesta lexislatura se liberou da lóbrega faciana do ex ministro da ditadura franquista, pero coa onerosa peaxe das continuidades e herdanzas mantidas por un bipartito que apenas fixo outra cousa que xestionar o modelo económico e social herdado.

2. A XESTIÓN DO BIPARTITO. ANÁLISE DO ACORDO DE GOBERNO. UNHA MOSTRA DE CLAROS INCUMPRIMENTOS

As afirmacións do parágrafo anterior pódense verificar a partires da análise do *Acordo sobre bases programáticas para a acción da Xunta de Galicia que asinan os grupos políticos PSdG-BNG*, o documento asinado para o goberno bipartito no Goberno galego. O Acordo consta de cinco eixos que se sinalan a continuación:

- *O emprego estable e a aposta por unha economía competitiva* son desmentidos cando transcorrida a lexislatura (incluídos dous acordos asinados cos sindicatos, polo emprego e pola competitividade) as taxas de temporalidade e de desemprego permanecen constantes en relación á lexislatura pasada: entre decembro de 2005, que registraba 178.676 parados e decembro de 2008, que anota 189.903 desempregados; ou dos 50.420 contratos asinados en decembro deste ano, só o 10,18% deles (5.131) foron indefinidos, o resto case o 90% temporais. No eido

7 POR UNHA ACCIÓN TRANSFORMADORA DESDE A ESQUERDA REAL CARA Á CONSTRUCCIÓN DO SOCIALISMO

da sinistraliedade se en 2005 houbo 102 mortes e 1.001 accidentes graves, en 2007 rexistráronse 75 mortes e 834 graves, para repuntar no primeiro semestre do 2008 segue a crecer a sinistralidade (case 26.000 accidentes con baixa). O propio modelo económico segue a relegarnos ao furgón de cola, con baixos salarios e produtos de baixo valor engadido, sen melloras para a clase traballadora nos anos en que Galicia creceu máis que a media estatal.

- *O incremento no chamado capital humano* esgótase nunca política continuista: no ensino e na universidade seguemos a arrostrar un déficit nas dotacións económicas e a falla de pulso político para escapar as hipotecas da concertada e da igrexa ou o do atraso nas consignacións para I+D+i.
- *A pretendida consolidación dun sistema de benestar avanzado* apenas necesita máis que enfrontalo coa realidade dun Consorcio Galego do Benestar que apenas agacha a súa deriva privatizadora encuberta, e as peores mañas clientelares do BNG presionando aos concellos para a súa adhesión ao mesmo.
- *A posta en valor do territorio con políticas de sustentabilidade* arroxa un regueiro de críticas e mobilizacións nos eidos da protección dos espazos e das insuficiencias na salvagarda e extensión da rede natura, as agresións da minaría, as instalacións acuícolas, a falla de plan eólico, a situación das rías galegas, as infraestruturas entendidas nunha clave desenvolvista...
- *A normalización da nosa lingua e a revalorización da nosa cultura e patrimonio.* Non se desenvolveu unha concepción da cultura como

ferramenta crítica para a transformación social, entregada a unha recreación na que pesa fundamentalmente unha lectura folclórica da mesma. A normalización lingüística segue a fracasar porque é o galego a lingua ameazada e que se lle nega os dereitos que recoñece o Estatuto, de cooficialidade e lingua propia. Sobre o conxunto da xestión cultural esténdese a sombra alongada do mausoleo do Gaiás e a súa privatización.

3. REFORMA DA LEI ELECTORAL

O bipartito non foi quen de acometer o desafío da necesaria rexeneración democrática dun país eivado pola longa estadía no poder do aparello clientelar do fraguismo. Os pasos que se deron, positivos, semellan ser a todas luces insuficientes. No remate da lexislatura no noso país os sufraxios non valen igual e o voto emigrante carece das necesarias garantías democráticas. Esquerda Unida presentou unha proposta de reforma da lei electoral (reforma prometida tamén no devandito Acordo de goberno) que foi desestimada con argucias legais e unha total falla de vontade política pola Mesa do Parlamento e o silencio cómplice dos grupos que habitan o Hórreo, que co seu laissez passer cohonestaron a lei electoral imposta por Fraga.

Esquerda Unida defenderá unha reforma da lei electoral que de cabida no Hórreo a pluralidade política e social da nosa nación. Contamos co texto da proposta articulado para a súa presentación como Iniciativa lexislativa Popular – inadmitida a trámite nesta lexislatura - e estamos certos que o Parlamento de Galicia terá que recoller máis temprano que tarde a diversidade da nosa sociedade.

9 POR UNHA ACCIÓN TRANSFORMADORA DESDE A ESQUERDA REAL CARA Á CONSTRUCCIÓN DO SOCIALISMO

O atraso político galego tamén ten un indicador fiable na redución - nos anos de desenvolvemento do réxime autonómico – a só tres partidos, fronte á moita máis rica pluralidade dos parlamentos eúsjar e catalán.

O Parlamento Galego non gañou centralidade necesaria na vida pública do país diante da non reforma da lei electoral e co mantemento das dificultades para a constitución e funcionamento das comisións de investigación. Malia elo temos que recoñecer que a actitude do bipartito saínte foi outra no canto de comparecer na Cámara Parlamentar para a necesaria laboura fiscalizadora.

4. TRANSPARENCIA NO ÁMBITO PÚBLICO

Outro dos débitos do bipartito é a non elaboración dunha lei que garanta a autonomía e o carácter de servizo público da CRTVG, para evitar a tentación do uso partidista e gubernamental dos medios públicos. Neste mesmo senso non se avanzou no bipartito na regulamentación transparente e obxectiva das axudas ás empresas privadas de comunicación, ámbito especialmente sensible no tempo da chamada sociedade da información. A aprobación da **lei 4/2006 de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega**, non pode agochar os incumprimentos neste eido.

O desiderátum de transparencia e eficiencia do gasto público levou a aprobación da **lei 9/2007 de subvencións de Galicia**, mais non chegou para aprobar unha norma que regule a publicidade institucional, indispensable para conquistar un uso racional e austero dos recursos públicos.

Reformouse pola **lei 13/2007 e o Decreto Lexislativo 1/2008 o texto refundido da lei da función pública de Galicia**, malia non conseguir a redución dos postos de libre designación ou a creación dunha axencia pública de calidade e de avaliación das políticas públicas. O escándalo chegou co plus retributivo para os altos cargos.

5. PACTO LOCAL

Unha das grandes eivas do funcionamento dos poderes públicos é a febleza financeira dos entes locais. Esquerda Unida, forza municipalista, sabe do valor dos concellos como elementos de transformación social e espazos para a posta en marcha das políticas de democracia participativa (outro dos baleiros cero do bipartito) e consonte a elo pulará por superar as eivas e limitacións que lastran o desenvolvemento duns concellos que hoxendía contan con competencias e financiamento insuficientes.

Subliñar as insuficiencias do acordo subscrito entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento do pacto local e a relevancia da súa corrección: en particular o monto contemplado no Fondo Galego de Cooperación Local para o período 06-09, de só 6 millóns anuais e o subfinanciamento das competencias impropias (servizos que malia seren competencia exclusivamente autonómica son prestados polos concellos), e a superación do límite recollido no devandito Acordo no sentido de que o recoñecemento de competencias non poderá supor incremento do gasto público.

Esquerda Unida saúda a medida acordada a fins do ano pasado que supuxo a creación dun Fondo Estatal de Investimento Local cun importe de oito mil millóns de euros. Dito esto, temos que lamentar a súa improvisación e a falla de criterios que o orienten e lle presten unha meirande eficacia no emprego destes recursos. Esquerda Unida avoga pola prórroga deste Fondo (non semella verosímil que a esta crise vaiase esvaecer nun ano) e a fixación de criterios non só poboacionais para o seu reparto, nomeadamente o da taxa de desemprego e o do stock de capital neto acumulado en infraestruturas urbanas das corporacións locais. Tales baremos aumentarían a xustiza e eficiencia do devandito Fondo.

Esquerda Unida lembra que ao remate desta lexislatura nada se avanzou no tan debatido terreo da reorganización administrativa do territorio, mediante o desenvolvemento das comarcas e a conformación das áreas metropolitanas. Polo contrario, asistimos a un afortalamiento do papel das deputacións, dabondo tinguidas da vella pátina clientelar.

A xustiza galega segue a posuír unha falla crónica de recursos humanos e materiais que lle permitan cumprir a súa función de servizo público esencial. Neste senso hai que denunciar a atrofia da xustiza municipal, dos xuíces de paz, un factor desaproveitado para gañara en rapidez e eficiencia. Non se conqueiriu que a sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia gañe a condición de órgano do poder xudicial galego, así como hai que

advertir a falla dun programa que permita a galeguización deste servizo público fundamental.

A aprobación das **leis 4/2007 de coordinación de policía locais e 8/2007 de Policía de Galicia**, non deixaron de provocar notables problemas de adaptación as mesmas no capítulo de persoal nos concellos e non achegaron os recursos económicos necesarios para a súa axeitada implementación. Esquerda Unida ten que demandar que a policía recollida na lei dista de ter o enfoque de corpo integral, que desenvolve o conunto de funcións e competencias dos corpos policiais existentes nas outras nacionalidades históricas.

Non deixa de abraiarnos o pronunciamento do conselleiro da Presidencia, que se ben é certo sacou adiante a **lei 5/2007 de emerxencias de Galicia** non foi quen de dotarmos dunha situación de respecto á legalidade no país. No caso da planta de gas sita no interior da ría de Ferrol, aceptou un pseudo plan de emerxencia para a planta de gas que dá como bos os 400 metros de separación entre planta e poboación, cando a regulamentación europea do RAMINP esixe dous kilómetros. O accidente do Prestige de se repetir colleríanos aínda hoxe adolecendo dun porto de refuxio para esa continxencia e da dotación de medios xerais adecuados para enfrontala.

6. AUTOGOBERNO E ESTATUTO

Un Parlamento reducido a tres partidos conduciu o país á grande frustración política de non acadar un novo estatuto. Desinterese e partidismo

pesaron para botar abaixo a necesidade nacional de acadar un meirande autogoberno e contar, xa que logo, cunha ferramenta mellorada para a actual negociación sobre o financiamento.

Federalismo, solidariedade e afondamento no autogoberno caracterizan a proposta estatutaria presentada por EU no Parlamento Galego. Non houbo por parte dos tres grandes partidos o máis mínimo interese para acadar un acordo nacional e un proceso de mobilizacións que como acontecera no arranque da autonomía permitira a nosa nación xogar un papel protagonista. Entón como agora, Esquerda Unida vai alimentar as fontes da pluralidade política e social e da mobilización do noso pobo para conquistar un novo estatuto que forneza o noso autogoberno, nunha clave federal e solidaria.

Neste mandato restan no debe do bipartito unha serie de competencias non traspasadas: as de tráfico, seguridade ou a inspección de traballo.

No que atinxe a relación co Estado, Esquerda Unida defenderá que o noso país participe nos espazos de cooperación e acordo multilaterais consontes coa nosa tradición federalista, sabedores do erro conceptual e político que vai ínsito nas propostas bilaterais e confederalistas.

7. EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

No eido do emprego e o desenvolvemento económico a lexislatura péchase coa destrución de emprego e a perda de cotizantes á seguridade social, de cuxa caixa única somos firmes defensores. Nada se arranxou no que afecta as taxas de precariedade (31% da poboación activa a pesares dos

milleiros de millóns de euros entregados en bonificacións, deducións e exencións ao empresariado) e cunha sinistralidade laboral sen atallar, froito desa maldición neoliberal que é a precariedade. Os acordos polo emprego e a competitividade só serviron para entregar recursos públicos o empresariado en troques dun catálogo de boas intencións.

Os corolarios son baixos salarios, maiores taxas de explotación, polígonos industriais clandestinos, economía mergullada (os técnicos da axencia tributaria cifran en 10.700 millóns de euros o que se move en negro, en particular nos ámbitos da comparavenda de inmobres e nos alugueres. O bipartito tampouco elaborou unha lei que facilite a conciliación da vida laboral e familiar.

A política agrogandeira deixou como cadavres imposibles a creación do grupo lácteo galego, e en xeral a falla de recursos da administración pública para xerar un marco favorable para os gandeiros e labregos do noso país, asfixiados pola PAC comunitaria obediente ás imposicións dos grandes grupos agroindustrias europeos (v.gr. cotas ou prezos do leite). Renuncias que contribúen ao desartellamento do noso territorio e non supoñen avances no eido da soberanía alimentaria.

A recente aprobación da **lei 11/2008 de 3 de decembro de Pesca** non significou avances reais no ámbito dunha máis xusta e ampla regulamentación laboral do sector, que poña o acento na protección social e o relevo xeneracional (recentes están os casos denunciados de mariñeiros indonesios enrolados até por 300 euros mensuais). A protección e pulo da riqueza das nosas rías choca co desleixo existente na protección das mesmas (o arco atlántico vai da de Vigo sen depuradora a de Ferrol coa planta de gas).

8. EDUCACIÓN E CULTURA

O continuísmo preside o que atinxe a educación e lingua. Non se incrementaron os recursos económicos na porcentaxe do PIB galego e xa que logo falla profesorado, non se rebaixan as rateos e non se aborda un plan ambicioso que corrixa o fracaso escolar (fracaso da sociedade para formar o seu futuro). A continuidade preside a aceptación da vampirización do sistema educativo galego pola concertada, maioritaria xa nas cidades. O desmantelamento DAS unitarias e a non vertebración do espazo rural cun plano de equipamento que as faga atractivas para a poboación. O incumprimento do decreto de normalización lingüística (124/207 que regula o uso e promoción do galego) expresa outras das liñas de continuidade. Ou o recente decreto do bacharelato onde para salvar a relixión , que segue dentro da escola e no medio do horario lectivo, sacrifícanse outras asignaturas merecentes deste nome para deixar sitio a unha cataquese encuberta.

O sistema universitario galego non chega a selo en realidade e no marco de Boloña – que a nosa organización rexeita – segue a padecer un financiamento insuficiente (0,8% do PIB cando o Consello Económico e Social esixía alomenos o 1%) e un acentuado localismo, que lastra as potencialidades do mesmo.

A xestión cultural padece o lastre da herdanza, cargada dun extraordinario simbolismo, do Gaiás, mausoleo na procura de ideas e identidade.

9. BENESTAR

Continuismo e mercantilización desputan como sinais de identidade neste apartado. Continuismo que caracteriza o eido sanitario. Desaparecen unhas fundacións (MEDTEC) e xurden outras (Galaria) nun perpetuo tecer e destecer que pon en perigo un dereito e servizo público fundamental. Escurantismo e ineficacia tinguen a xestión das listas de espera.

A aplicación da lei da Dependencia está a dar a razón a EU cando dixo que sen financiamento público estaba condenada a xerar decepción. A **lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia** é obsecuente co panorama de falla de compromiso público para construír un cuarto pilar do estado social verdadeiramente público, universal e gratuíto. Esta lei recolle en pé de igualdade o conxunto de servizos, programas e prestacións sexan de titularidade pública ou privada , outorgando carta de natureza ás entidades privadas e mercantís para facer negocio. No sentido expresado se recolle a figura da Axencia Galega de Servizos Sociais. Hai que sembrar a esixencia de Vicepresidencia – raiana na imposición – aos concellos par a súa adscrición ao Consorcio Galego. Lonxe e moi por diante quedará, valga o exemplo, a lei de sanidade do ano 86. O certo é que non se cumpre o compromiso desta lexislatura de garantir a atención a todas as persoas con dependencia grave e o 60% con moderada.

A pobreza e a exclusión social afectan o 20% dos fogares galegos e falla un planeamento que derrote e erradique esta plaga froito das políticas neoliberais e do capitalismo. Nada se fixo no que se refire a reforma da RISGA.

No ámbito das migracións, subliñar que o plan galego – aprobado cun notable número de achegas de Esquerda Unida, feitas súas polos movementos asociativos de migrantes-, dorme un sono inxusto, sen aplicación algunha. Hai oportunidade onde habería que desenvolver políticas públicas de integración e a prol da interculturalidade. Desatención e falla de dereitos para unha poboación que vive e traballa e paga os impostos xunto con nós, e que suma no padrón por riba dos 95.000 persoas, a cuarta cidade galega por poboación.

10. TERRITORIO E SUSTENTABILIDADE

A xestión do bipartito ben merece un rotundo suspenso neste epígrafe. O Goberno saínte fixo e practicou unha lectura desenvolvista do uso do noso territorio, empregando un binomio perverso que asocia consumo do territorio con crecemento económico, asociación ineficiente e ineficaz asemade de insustentable.

A nómina das desfeitas acometidas polo bipartito tenno confrontado coa farcción máis crítica e lúcida da sociedade galega, sabedora dos límites do crecemento e do vencello profundo que se tece entre a sustentabilidade e un modelo social integrador e solidario. Sen ánimo de exhaustividade: na salvagarda e extensión da rede natura, as agresións da minaría, as instalacións acuícolas, a falla dun plan eólico que netregue coherencia, sustentabilidade e participación á sociedade galega, reducíndoo todo á poxa do concurso; a situación de degradación das rías galegas, de Vigo a Ferrol ; o desenvolvemento dun planeamento viario de estradas – pensadas para o emprego ilimitado do transporte privado -, como é o caso do plan viario integral; o abandono da modernización dos camiños de ferro convencionais e dunha

rede de cercanías sacrificada no ara do ave dos prazos adiados; a dubidosa racionalidade de continuar dous portos exteriores no ámbito ártabro; a planta de gas no interior da ría de Ferrol; a teimuda aposta polos polígonos industriais se necesiten ou non, cando os propios datos oficias recoñecen que están un 40% baleiros, etc.

Esquerda Unida ten que denunciar o regueiro de feridas provocadas ao noso patrimonio natural e paisaxístico: o Parque de Tecnoloxía Alimentaria mais grande de Galicia (308.000 metros cadrados) vai ser instalado na zona do Corgo do Cabo Corrubedo, excluído para ese fin do LIC Complexo Húmido de Corrubedo (Natura 2000). O futuro macroparque de tratamento de refugallos do sur galego(mal chamado parque medioambiental de Carballeda de Avia). Esta ubicado entre Ribadavia (a menos de 2 Km) e Carballeda de Avia , o pe da A-52 e o regato de maquias. A realidade de ENCE, que desmentindo o compromiso de Goberno mantense en Pontevedra e apunta ao horizonte do ano 2018. A especulación dos plans xerais de Vigo e Lugo – pasando por urbanizacións como as de Miño - duplicando os parques de vivenda actuais, cando a realidade demográfica galega sumou un incremento de 10.000 habitantes neste último decenio. A ampliación do peirao de Rodas nas Cíes, illas que conforman o Parque das Illas Atlánticas. As canteiras que inzan o Caurel como a da Campa, legalizada en 2007 tras vinte anos funcioanando sen permiso e cunha orde de paralización vixente dende 2002 (máis outras 26 concesións mineiras que ameazan un hábitat privilegiado da Rede Natura, espazo cunha das máis vasta biodiversidade en Europa). Ou a ocupacion de terreos da lagoa de Budiño polo poligono industrial en Cerquito, perto do Porriño.

As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia cabe caracterizalas como un exercicio modelo de cementación e destrución irreversible do territorio galego, que no ámbito litoral concibe o noso país como unha sorte de cidade única que enlaza dúas metrópoles ao norte e o sur: a Ártabra que percorre da ría da Coruña até a ría de Cedeira e a metrópoli das rías Baixas que vencella as rías de Vigo e Pontevedra e parte de Arousa.

Directrices que aceptan que se triplique o número de vivendas en 12 anos cando as previsións demográficas non autorizan semellante exercicio especulador coa vivenda, concebida como mero valor de cambio.

Non garanten a protección dos primeiros cincocentos metros do litoral – medida concebida no seu día como transitoria – nin dos espazos protexidos. Semella imposible non atopar unha contunidade, case unha filiación directa entre o borrador de directrices que tiña o PP e estas que veñen de seren aprobadas no último intre da lexislatura. Compsten a determinación de facer do espazo unha mercadería sometida a lei do mercado e a redución do valor do territorio a espazo para construír e como ámbito propicio para o negocio turístico.

Un último apunte en relación co Plan Sectorial de Vivenda, elemento fundamental nun enfoque que se queira social e de esquerdas.

A realidade é que entre o ano 1991 e o ano 2007 incrementouse o parque de vivendas en Galicia nun 35% (case 20.000 vivendas anuais nos 90 e o dobre no primeiro decenio deste século), contra un crecemento demográfico do 1,76%, desproporción evidente, que ten provocado nun contexto de liberalización e desregulamentación do solo un enorme conxunto de vivenda baleira. Circunstancia que o Plan Sectorial elude e que distorsiona certamente o dereito das galegas e galegos de acceder a unha vivenda segundo recolle a Constitución. O Plan sobreestima a demanda de vivenda para o vindeiro decenio.

O Plan descansa e confía na iniciativa privada para darlle saída a este desaxuste. En resumo vai en contra dos parámetros de sustentabilidade ao propiciar nova urbanización de solo na súa meirande parte periférico, extensión do tamaño dos núcleos de poboamento, elevación do custo de mantemento das infraestruturas de comunicacións, aumento da mobilidade e deixando en segundo plano o valor en custes económicos e de sustentabilidade da rehabilitación. Asemade fíxose de costas, sen diálogo previo, aos concellos.

Esquerda Unida plantexa deixalo sen efecto e reformular o estudo e previsións acollendo nas estimacións o envellecemento da poboación, a vindeira xeración en emanciparse máis reducida que a súa previa e máis o stock de vivenda baleira. Do antedito desprenderíase a nosa aposta : emprego do patrimonio público de solo para promover vivenda protexida; aplicación de

medidas conducentes a pór en aluguer a vivenda baleira; e o fomento da rehabilitación e renovación urbana.

A política de transporte público é, sinxelamente, unha ofrenda á inutilidade e á mala xestión. Seguen os soños de AVES que usan inxentes recursos enerxéticos e teñen un impacto medioambiental negativo que repercute, e moito, nos usos da terra, escachando recursos hídricos e desartellando o territorio. Desmóntanse as vías de cercanías cando se debera priorizar a interconectividade e seu uso. O ferrocarril segue padecendo o esquecemento do Estado e a desgana da Xunta. O rural coñece un auténtico abandono comunicacional. Certo é que algo mellorou o uso do bus en tempos de ocio coa aplicación do “noitebus” ou “mouchobus”, pero, en liñas xerais a mobilidade e o uso do transporte colectivo para desprazar á clase traballadora está lonxe de acadar uns niveis satisfactorios en frecuencias, liñas, interconectividade de transportes, uso do billete único, adaptabilidade a persoas con discapacidade, etc. Non existe unha planificación unitaria. Só o uso do transporte público colectivo permitirá acadar a necesaria redución da contaminación medioambiental provocada polo uso individual do auto e facer así máis saudables os centros nerviosos das cidades e vilas galegas.

Esquerda Unida constitúese como a alternativa de esquerda ás políticas de continuidade (privatizacións e insustentabilidade) do bipartito da resignación.

11. MEMORIA

A memoria constrúe a esencia do ser dunha sociedade, dunha nación. Non se pode construír a democracia, a verdadeira democracia, permitindo que o silencio se apodere da memoria das persoas represaliadas polo franquismo. Que a sociedade o faga xa é negativo, pero que un Parlamento, coma o de Galicia, non dea o paso adiante de recoñecer as vítimas do franquismo e de proceder á inmediata indemnización é, simplemente, unha ofensa á nosa memoria, a dos republicanos e republicanas que tanto entregamos do nós para que hoxe exista un sistema democrático, sequera imperfecto, en Galicia. Ante este silencio non caben equidistancias perigosas: non saberían dar xustiza á dor que deixa unha historia que non nos recoñece, unha historia escrita desde o lado dos vencedores sobre o corpo dos vencidos. Esquerda Unida é froito desa memoria. É nosa a obriga, xa que logo, de torcer as liñas da historia e reescribila para que a memoria conserve intacta a verdade da democracia neste país.

12. CONCLUSIÓN. UNHA GALICIA SEN CAMBIO REAL

Estamos, xa que logo, nun momento de vital importancia para os galegos e galegas. O contexto de crise non pode deixarse en mans da socialdemocracia máis timorata de Europa: só orquestrarán unha partitura para os hinos banquarios, da gran patronal e das clases financeiras que foro, lembremos, os que nos levaron á actual situación. É preciso unha transformación do modelo social que rexe as relacións produtivas. Control do mercado para que as persoas saibamos que acontece co noso diñeiro. Regular para non verse exposto a un caos desregulado onde os tabeiróns neoliberais están moi

habitados a navegar para, despois de asentir as mortais dentadas á regulamentación fuxir a outros mares máis tranquilos para voltar a facer das súas. Non cabe dúbida de que o pobo galego xa tivo catro longos anos para comprobar que entenden PSdG e BNG por esquerda. Non cabe dúbida, dicimos, que Esquerda Unida é sentida como a forza de esquerdas que levará ao Parlamento de Galicia a voz do pobo.

Esquerda Unida sabe que deberá loitar contra as pantallas mediáticas ben aliñadas cos partidos que máis os favorecen na poxa de subvencións que se realizan co diñeiro de galegos e galegas. Tecen, de forma mesmo maquiavélica, unha tea carente de pluralidade e chea de silencios sobre o traballo que realizamos como organización.

Somos a Esquerda real, transformadora, que quere construír unha sociedade e país desde os principios básicos da democracia participativa, dunha política redistributiva da riqueza, dunha política que asente o social por riba dos intereses mercantís.

Esquerda Unida traballará arreo para que sociedade galega non siga no furgón en materia de pensións, en materia de salarios, e en tantos outros eidos. Debemos facer fincapé en que **todos os logros e avances sociais foron conquistas gañadas pola esquerda ao poder establecido**. As loitas de onte son os dereitos de hoxe. E en todas esas loitas estivemos as mulleres e os homes de esquerdas. Non podemos deixar que nolas arrebate esta socialdemocracia timorata, este social-liberalismo económico devastador.

Debemos camiñar cara un horizonte de emancipación real, desatándonos do abafo que estende o capitalismo sobre a nosa sociedade. Debemos avanzar cara a un socialismo. Pero mentres, todo un abano de reformas non

reformistas, de reformas que emancipen o sistema das gadoupas capitalistas, que o debiliten e derroten na conquista de novos dereitos e na consolidación e afortalamiento dos que hoxe están pisoteados a abafados.

Esquerda Unida traballará desde coherencia, honestidade e transparencia co programa político. Nestas eleccións xerais voltaremos a escoitar a dialéctica do famoso voto útil: algo do que queren sacar tallada os partidos que cogobernaron Galicia nesta lexislatura. Tamén escoitaremos dicir que o BNG representa un nacionalismo de esquerdas. Non nos deixemos enganar e non permitamos que enganen á sociedade galega. Non hai voto máis coherente que aquel que representa unha verdadeira política de transformación e alternativa e ese é o voto que quere conquistar Esquerda Unida. E unha organización que proclama alianzas tan “progresistas” (*sic*) como as o PNV e CIU, con postulados conservadores na súas políticas sociais, nunca pode recibir o cualificativo de “esquerdas”. O voto non pode caer no saco da política do “mal menor”, porque entón o capital seguirá como fixo até o de agora en Galicia: conquerindo espazos públicos.



esquerda unida
izquierda unida

**MODELO DE DESENVOLVEMENTO
SUSTENTABLE**

**MEDIO AMBIENTE
POLÍTICA AGRARIA.AGROECOLOXÍA
VIVENDA
ORDENACIÓN DO TERRITORIO
EMPREGO**

MEDIO AMBIENTE

Despois de vinte anos de gobernos liberais, dezaseis do PP e catro do bipartito formado polo PSOE e o BNG, o pobo galego segue sen obter unha verdadeira resposta as súas necesidades ecolóxicas e sociais. As políticas desenvoltas nestas dúas décadas, lonxe de buscar o equilibrio entre desenvolvemento e sustentabilidade, preocupáanse só de contentar ao capital.

Comezamos esta última lexislatura, a do goberno bipartito, coa esperanza de que mellorara a situación do noso medio natural. Esperábase que desastres medioambientais como o *Prestige* nunca se repetirían, pero o certo é que agora, catro anos despois, parece que cada vez estamos máis afastados de cumprir os obxectivos medioambientais que unha sociedade moderna, democrática e xusta demanda.

As políticas caciquís seguen a producirse como en épocas anteriores. Unha vez máis os intereses económicos situáronse por enriba da cidadanía. Así o pobo galego tivo que saír de novo a rúa para defender os seus intereses que non son outros que a protección do medio natural como base de xeración de riqueza social para todos e todas e non só para uns poucos especuladores amparados polo poder político.

Desde Esquerda Unida somos conscientes de que o problema ecolóxico e social só pode solucionarse mediante un profundo cambio do noso modelo produtivo, por iso apostamos por un modelo radicalmente oposto ao desenvolvido polo actual goberno que ten como mostras o devastador plan acuícola, a permanencia da Planta de Gas no interior da Ría de Ferrol, a legalización de canteiras ilegais, a creación dun Sogama 2 no Avia ou o irresponsable plan eólico. Non cabe dúbida de

que o crecemento económico está condicionado polos recursos limitados do noso planeta, por iso avogamos por un decrecemento sostible onde se faga máis con menos respectando ao medio natural e sen perder o actual nivel de benestar.

O interese pola defensa do medio natural avanzou moito nos últimos anos, e problemas como o cambio climático ou o cénit do petróleo, que levará aparellada unha crise enerxética sen parangón, acadan un lugar preferente nas preocupacións dos cidadáns. Esquerda Unida considera as asociacións ecoloxistas como actores sociais relevantes e representativos do sentir da cidadanía galega respecto co medio natural, por iso incorpora ao seu programa de goberno as medidas recollidas no “Programa para a terra” elaborado polos principais colectivos ecoloxistas.

Dende Esquerda Unida temos moi claros cales deben ser os nosos obxectivos no referente á política medioambiental, que non son outros que obter calidade de vida para as maiorías sociais sen pór en perigo a das xeracións futuras. Consideramos que a protección, conservación e restauración do medio ambiente é garantía de saúde e benestar para todas as persoas e garante a satisfacción das necesidades que teñan as xeracións vindeiras. Por iso, Esquerda Unida, presenta un programa de goberno onde a sustentabilidade ecolóxica e a xustiza social son o centro das súas políticas. As medidas presentadas están encamiñadas a establecer as bases necesarias para cambiar o noso modelo produtivo coa intención de crear emprego de calidade, potenciar a preseza “do público” tanto no sector enerxético como no rural e diminuír a nosa dependencia exterior de enerxías fósiles como é o petróleo ou o carbón, o que, ademais de reducir as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) como o CO₂, mellorará a competitividade das nosas empresas en beneficio da economía galega.

A continuación presentamos as 20 medidas que propón Esquerda Unida para executar unha política sostible que permita recuperar o medio natural galego, activar ao desenvolvemento rural e mellorar a saúde dos galegos e galegas.

- 1 Reducir de forma masiva o consumo enerxético mediante unha **Lei de Aforro e Eficiencia Enerxética** que permita reducir as emisións de CO₂ ata cumprir cos compromisos acadados pola Unión Europea para 2020 e 2050. Utilizando os novos fondos Europeos para frenar o cambio climático.
 - 2 Apoiar e apostar polo rápido crecemento das enerxías alternativas promovendo unha **Lei de Enerxías Renovables** que favoreza a descentralización e a inversión pública para democratizar a enerxía. Ao amparo da devandita Lei desenvolverase un novo plan eólico, democrático, xusto, transparente e sostible.
 - 3 Fomentar a redución do uso do automóbil e a mellora do transporte público, en especial do ferrocarril de proximidade e da rede de autobuses, mediante unha **Lei de Mobilidade Sostible**, a que a través da inversión pública, permita mellorar o servizo, aumentar a dispoñibilidade e reducir prezos. Estas actuacións traerán consigo un considerable aumento da oferta laboral, tan necesaria nestes intreos.
 - 4 Establecer medidas efectivas para reducir a xeración de refugallos, favorecer a separación en orixe para facilitar a súa reutilización e **modificar a obsoleta xestión centralizada de residuos urbanos por unha rede de centros descentralizada**. O custo económico, social e medioambiental xerado pola empresa pública SOGAMA debe rematar.
 - 5 Incentivar o aluguer e a rehabilitación de vivendas fronte a compra das novas, impulsar a bioconstrución e **fomentar o urbanismo sostible, racional e xusto** para evitar plans urbanísticos especulativos. Por intre, cada Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) debe incorporar un Plan de Mobilidade Sostible.
 - 6 **Recuperar tódolos acuíferos do país**, controlando vertidos ilegais, saneando os contaminados e asegurando caudais ecolóxicos mínimos. É fundamental mellorar e ampliar a rede de Estacións Depuradoras de Augas Residuais (EDAR) para rematar cos vertidos sen depurar nos concellos galegos, acadando os recursos económicos a través dos novos fondos europeos para a xestión do auga.
 - 7 **Protexer a costa fronte a urbanización, as industrias acuícolas e os portos deportivos**, creando unha rede de espazos protexidos coherente, integrada e ben xestionada, que inclúa áreas tanto litorais como oceánicas.
 - 8 **Remodelar o sector pesqueiro e marisqueiro recuperando as pesqueirías artesanais** mediante a creación dunha rede de Reservas Mariñas de Interese Pesqueiro tutelada pola administración e autoxestionada polos propios pescadores e
- 29 **POR UNHA ACCIÓN TRANSFORMADORA DESDE A ESQUERDA REAL
CARA Á CONSTRUCCIÓN DO SOCIALISMO**

mariscadores. O que permitirá establecer unha certificación de pesca sostible (MSC) que aporte valor engadido á pesca galega nos mercados.

- 9 **Potenciar o medio rural** coa intención de dinamizar e repoboar o agro galego, fomentando as actividades agrícolas, gandeiras e de silvicultura mediante a creación de infraestruturas, cooperativas e canles de distribución públicos que fomenten o consumo de produtos locais, utilizando os novos fondos europeos para fomentar o desenvolvemento do rural.
- 10 **Asegurar a limpeza do noso monte** para evitar incendios forestais mediante a incorporación de cuadrillas forestais e industrias públicas. Convertendo deste xeito un gasto nunha activade productiva, que xere emprego estable, consistente na transformación dos residuos forestais en biomasa, compost o incluso bioetanol.
- 11 **Potenciar unha industria madeireira sostible de calidade (FSC) que dote ao noso monte de valor engadido**, favorecendo a preservación das especies autóctonas e promovendo coa inversión pública o establecemento da industria de transformación necesaria para que a riqueza xerada polos nosos montes fiquen no noso país e que os nosos silvicultores perciban un prezo xusto polo seu traballo.
- 12 Reducir o uso dos agroquímicos, para reducir a contaminación e obter produtos sans de calidade, **incentivando á agricultura e a gandería ecolóxica** mediante formación, promoción e axudas económicas e técnicas. Deste xeito, ao reducir a dependencia do petróleo, lograrase a estabilidade e a dignidade económica que necesita o agro galego para se converter no motor da nova economía sostible.
- 13 **Protexer os espazos naturais a través de novas Directrices de Ordenación do Territorio acadadas coa participación cidadá** e impulsar os espazos naturais protexidos, como a rede *Natura 2000*, garantindo a súa correcta xestión ao tempo que se favorece o ecoturismo rural coma nova fonte de riqueza. Se utilizará para isto os novos fondos Europeos para a protección da biodiversidade.
- 14 **Promover o desenvolvemento das Axendas 21 Locais nos concellos e cidades para acadar, mediante participación democrática cidadá, un maior grado de desenvolvemento sostible**, tanto no ámbito social como no medioambiental. Ademais potenciarase o Consello do Medioambiente de Galicia.
- 15 **Establecer o código de boas prácticas medioambientais na administración galega** coa finalidade de reducir o seu impacto medioambiental. Ampliarase a oferta de emprego público para dotar á Administración de técnicos medioambientais e garantirase o consumo responsable nas adquisicións efectuadas, concretamente no referente á madeira e produtos forestais, se esixirá certificados como o FSC.
- 16 **Favorecer o consumo responsable, sostible, local e ecolóxico** da cidadanía a través de axudas e plans de concienciación, isto permitirá mellorar a calidade medioambiental da nosa terra así como os rendementos das empresas galegas e en consecuencia mellorará a economía galega e de toda a cidadanía en xeral.
- 17 **Fomentar a educación medioambiental** e o decrecemento sostible tanto nos rapaces e a mocidade nas escolas e universidades como nos adultos mediante

obradoiros. Que tódolos galegos estean capacitados para aplicar a regra das “catro R”: Reducir, Reparar, Reutilizar e Reciclar.

- 18 **Elaboración dunha nova fiscalidade ecolóxica que grave as actuacións que provoquen impactos sobre o medio natural e fomente as boas prácticas ambientais.** Que sirva como antesala para emprender unha reforma ecolóxica e social da economía baseándose no Ciclo Económico Natural (CEN), para que cada actividade produtiva, asuma os custos naturais e se establezan prezos xustos.
- 19 **Establecer os mecanismos necesarios para protexer a saúde dos cidadáns** realizando as inversións necesarias para poder levar a práctica o principio da prevención mediante a implantación do Plan Integral de Mellora da Calidade do aire na Comunidade e o Plan de Protección da Contaminación Electromagnética.
- 20 **Engadir ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a prestación das chamadas medicinas alternativas,** como a homeopatía ou a medicina naturista. Estas, pola súa propia filosofía reducen o consumo de fármacos químicos en favor de solucións naturais máis sostibles tanto económica como mediambientalmente.

Desenvolvemento da Lei de Aforro e Eficiencia Enerxética

- Nova fiscalidade enerxética que bonifique a eficiencia no consumo.
- Plan de mellora da eficiencia enerxética en todas as ramas da actividade económica, incluso con auditorías nas administracións públicas co fin de reducir os consumos.
- Plan de concienciación e formación cidadá de cara o aforro enerxético, para que todos os galegos sexan conscientes que aforrar enerxía non implica perda de calidade de vida, senón sinxelos cambios nos seus hábitos.
- Programa de subvencións para rehabilitación e climatización sostible de vivendas.
- Introducción de criterios bioclimáticos na construción, orientación e entorno urbanístico dos edificios.
- Cambio dos sistemas menos eficientes de iluminación pública das zonas urbanizadas e estradas, para reducir o consumo e a contaminación lumínica.

- Potenciación da Oficina da Enerxía e o Cambio Climático de Galicia.

Desenvolvemento da Lei de Enerxías Renovables

- Creación dunha empresa pública dedicada a promoción das enerxías renovables. A súa actividade primordial, que será gratuíta, consistirá no deseño, cálculo e estudo de viabilidade económica dos proxectos que soliciten os cidadáns, as empresas e as administracións. Así mesmo encargarse da instalación, inspección e mantemento das instalacións levadas acabo polas distintas administracións, podendo facer o mesmo coas instalacións privadas que así o demanden. Os prezos destes servizos constituirán unicamente os custes de xestión da actividade.
- Desenvolver un novo Plan Eólico que permita a instalación xeneralizada de aerogeneradores, tanto por terra como por mar, na procura da autosuficiencia eléctrica. Os principios que definen o devandito Plan Eólico serán a eficacia, a protección do entorno, a descentralización e o control público.
- Potenciar a instalación masiva de enerxía solar térmica para a obtención de auga quente en vivendas e servizos, mediante a subvención con xuro 0 a cinco anos do custo do 75% dos colectores.
- Favorecer a instalación de enerxía solar fotovoltaica para a obtención de electricidade, mediante subvencións sen xuros.
- Introducción da enerxía solar fotovoltaica en todos os centros públicos galegos.
- Aproveitamento enerxético dos residuos forestais, agrícolas e de xardinería mediante a creación dunha empresa publica encargada da limpeza dos bosques, construción de plantas de biomasa e comercialización, a prezos xustos, da biomasa obtida.

- Potenciar os sistemas de calefacción baseados na biomasa anteriormente producida, mediante axudas e campañas de concienciación.
- Desenvolvemento da implantación de sistemas de coxeración na industria e servizos, como hospitais.
- Fomentar a creación de Axencias Locais da Enerxía como un instrumento claro e vertebrador das políticas enerxéticas municipais, que son a administración máis próxima á cidadanía.

Desenvolvemento da Lei de Mobilidade Sostible

O transporte é unha fonte primordial de emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro, ademais é unha das primordiais fontes de consumo de petróleo, polo que contribúe activamente a aumentar a nosa dependencia de un recurso inexistente no noso país, provocando debilidade na nosa economía. Por outra banda o transporte privado ocasiona numerosos problemas nos núcleos urbanos, fundamentalmente relacionados coa contaminación atmosférica, o ruído os accidentes e o estrés.

Dende Esquerda Unida consideramos fundamental exercer políticas que favorezan a mobilidade sostible para revertir a actual situación de dependencia dun ben que, ademais de estar a esgotarse, contamina o medio natural, prexudica a saúde, e reduce a capacidade económica. É por elo que, xa dende a pasada lexislación, o noso grupo parlamentario elaborou unha proposta de Lei de Mobilidade Sostible baseada nos seguintes principios:

- Fomento do transporte colectivo: aumento de frecuencias e impulso do billete único nas áreas metropolitanas.
- Potenciación dos trens de proximidade, recuperando as paradas que se están a perder por mor do tren de alta velocidade.
- Recuperación dos tranvías como transporte urbano.
- Establecemento de Plans de Mobilidade Sostible en empresas e polígonos industriais, ademais da obrigatoriedade de dotar cun Plan de Mobilidade Sostible a cada novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- Creación dun Plan de Loita contra a Contaminación Acústica.

Desenvolvemento da Protección de espazos naturais e biodiversidade

Por desgraza, Galicia atópase na cola dos países europeos no referente a espazos naturais protexidos. Dende Esquerda Unida somos conscientes de que a declaración dun espazo como protexido non é suficiente para evitar os perigos que o ameazan, polo que a nosa aposta vai encamiñada a unha verdadeira protección en aras a perpetuar a nosa riqueza natural. Por iso propoñemos:

- Creación dunha Rede de Parques Rexionais e Espazos naturais. Cun verdadeiro Plan de Xestión dos mesmos.
- Desenvolvemento da figura de protección de Monumento Natural e de Paisaxe Protexida.
- Creación de corredores ecolóxicos.
- Elaboración dunha Lei de Acceso Motorizado aos Espazos Naturais.
- Promoción do cooperativismo e defensa dos montes en mancomún.

- Elaboración de Programas de protección e estudo das especies ameazadas partindo do catálogo galego de especies ameazadas.
- Desenvolvemento dunha gardería específica de espazos naturais.
- Promoción do cumprimento dos convenios medioambientais adoptados pola administración pública que non están sendo postos na práctica como: *Convenio Ramsar* sobre a Protección dos Humedais, *Convenio de Espoo* sobre a Avaliación Estratéxica do Impacto Ambiental, Convenio sobre Biodiversidade e Estratexia Española sobre a Biodiversidade, *Convenio de Aarhus* sobre o Acceso á Información, Participación Pública nos procesos de Decisión e Acceso á Xustiza en temas Medioambientais, Directivas ambientais da Unión Europea, etc.

Desenvolvemento do fomento de urbanismo sostible racional e xusto

Mediante a reforma da Lei do Solo de maneira que incida nos mecanismos de intervención pública na adquisición, xestión, promoción, e execución urbanística sobre o solo, nas cesións obrigatorias de propiedade, na protección do patrimonio e na conservación do rural e natural.

Así mesmo se asemella fundamental confeccionar un mapa de infraestruturas. Se queremos conservar o noso patrimonio natural non podemos caer na improvisación e no localismo. É necesario desenvolver un mapa onde figuren as necesidades de infraestruturas e localizalas alí onde o seu impacto ambiental sexa menor. O solo é un ben precioso e é a nosa obriga a súa xestión e conservación.

Desenvolvemento da protección da saúde dos cidadáns

Ademais de todas as medidas adoptadas nos anteriores puntos, como a Lei de Mobilidade Sostible ou a promoción da agricultura e gandería ecolóxica, encamiñadas a reducir a contaminación ambiental e a mellorar a calidade dos nosos alimentos, consideramos necesario:

- Incorporación dun Plan de Protección contra la Contaminación Electromagnética onde se procederá ao soterramento ou desviación e illamento das liñas eléctricas que atravesen núcleos urbanos, ademais da realización dun inventario de antenas de telefonía móbil, eliminando aquelas que se encuentre nas proximidades de zonas sensibles como colexios, hospitais, etc.
- Deseño dun Plan Integral de Mellora da Calidade do Aire na Comunidade, que permita a transposición inmediata das Directivas da Unión Europea relativas á calidade do aire.
- Promoción da investigación ambiental en colaboración con universidades e organismos públicos, na procura de reducir a contaminación e o quecemento global.
- Esquerda Unida declara a súa oposición á comercialización de alimentos procedentes de Organismos Modificados Xeneticamente.

POLÍTICA AGRARIA. AGROECOLOXÍA

A Enquisa de Poboación activa sinala en abril de 2008 que a poboación que se dedica ao sector primario é de 97.000 persoas, isto é, a metade que 10 anos antes. Hai expertos e gurús que consideran esta redución de forma positiva por crer que o “progreso” dunha sociedade vén dado primordialmente polo desenvolvemento urbano. Trátase dun erro. Esta redución obedece a unha desestruturación global do mundo rural, sen acceso aos servizos, sen artellamento e dinamismo territorial, sen que as administracións públicas soubesen aproveitar dentro dun marco de racionalidade regulado os recursos propios da

terra para potencia. A poboación foi sentindo como os sacrificios realizados non obtiñan unha rendibilidade digna e ollan como o prezo que se lles dá é ínfimo mentres o mercado, por medio dos especuladores e da intermediación, situaba os prezos dos produtos básicos nun límite que encareceu a cesta da compra de forma inadmisibile, Os prezos dos carburantes, dos fertilizantes e o prezo sobre os produtos tensaron a corda e levaron á desaparición de numerosas explotacións agrogandeiras de pequeno tamaño. O sector pesqueiro viviu a expensas da mesma dinámica de abafío debido ao encarecemento de carburante, materia prima esencial para poder faenar.

Non hai moito, en maio de 2008, o presidente Touriño, de forma absolutamente cega, cualificaba o contexto aínda de desaceleración e non de crise e afirmaba que o sector primario galego estaba “mellor que nunca”. Optimismo desaforado que meses despois amosa a onde nos leva a irresponsabilidade. O rural tamén vive a súa crise.

Cómpre poñer orde e intervir desde a administración pública para que os produtores vivan dignamente do que producen. Desde o sector vinícola ata o gandeiro. Todo precisa dun marco regulador e dunha negociación colectiva.

É necesaria unha reforma da PAC cunha nova orientación das políticas comunitarias, adaptada á nova contorna emerxente e asentada sobre principios firmes e realistas. Isto significa que Europa debe renovar a súa aposta estratéxica pola agricultura, garantindo un mínimo de abastecemento alimentario no marco da soberanía alimentaria e a preservación do medio ambiente e o medio rural. Os agricultores e agricultoras teñen que ver recoñecida e valorada o seu labor, principalmente a través duns prezos xustos para os seus produtos, o que fai imprescindible desenvolver políticas de estabilización dos mercados.

Para Esquerda Unida é importante presionar para:

37 **POR UNHA ACCIÓN TRANSFORMADORA DESDE A ESQUERDA REAL
CARA Á CONSTRUCCIÓN DO SOCIALISMO**

- Rexeitar a proposta para uniformizar o pago único en todas as rexións, cun enfoque territorial, dada a heteroxeneidade da agricultura española.
- Mellorar e simplificar as normas de condicionalidade en base a obxectivos concretos.
- Defender as axudas axustadas á produción, por activo agrario e vinculadas ao modelo social de agricultura.
- Establecer límites máximos ás axudas directas. Estes límites deberíanse implementar por activo agrario que traballe nas explotacións e de forma decrecente (a maior tamaño da explotación menor límite por activo).
- Rexeitar a ampliación das porcentaxes de recorte obrigatorio desde o 5% ao 13%. Esta medida está perudicando aos labregos e labregas profesionais que cada vez ven máis reducida a rendibilidade das súas explotacións.
- Fortalecer as medidas de regulación dos mercados (intervención).
- Manter as cotas lácteas a partir de 2015. Rexeitar o incremento xeneralizado da cota a nivel europeo.
- Integrar os novos desafíos do século XXI: cambio climático, agroenerxías, xestión da auga e biodiversidade.

Agricultura social. Compromiso coa sociedade. Desde a base do modelo de agricultura social: profesional, sostible e multifuncional. Non todos os modelos son válidos da mesma forma para facer fronte aos novos desafíos sociais, ambientais e económicos que se presentan á sociedade moderna.

Propomos:

- Novo marco de comercialización agroalimentaria, xusto e transparente, que contribúa a unha maior participación dos produtores e produtoras na cadea agroalimentaria e no valor dos produtos, que teña en conta os custos de produción e a renda dos agricultores e agricultoras e os consumidores e consumidoras, de tal forma que articule mecanismos de

- control de prezos na cadea agroalimentaria, contemplando unha Comisión de Exame de Prácticas Comerciais coa participación dos axentes implicados, entre eles as Organizacións Profesionais Agrarias e de Consumidores máis representativas.
- Fiscalidade. Revisión xeral dos módulos dos sectores agrícolas e gandeiros, ante a grave situación de crise que atravesan os profesionais agrarios de forma xeneralizada polo descenso dos prezos, o aumento dos custos e a redución das axudas comunitarias. Implantación do gasóleo profesional para o sector agrario.
 - Reforzamento do control das importacións dos produtos procedentes de terceiros países mediante o establecemento de protocolos de garantía sanitaria (sanidade e calidade) axeitados, para comprobar os condicionantes de calidade e seguridade, e a non utilización de produtos prohibidos na UE.
 - Elaboración de estratexias de adaptación ao cambio climático de carácter sectorial. A agricultura contribúe positivamente como sumidoiro de CO² ao mesmo tempo que algunhas prácticas agrícolas emiten gases de efecto invernadoiro. Deben existir apoios tanto para aquela agricultura que en maior medida contribúe como sumidoiro de carbono, como para transformar aqueloutra con maiores emisións.
 - É imprescindible asegurar a calidade da auga en todas as fases de aproveitamento, que garantan a correcta utilización en todo momento da auga. Ademais, os novos usos da auga deben reflectir o criterio de consolidación de poboación no medio rural co fin único de mellorar as rendas, sen crear expectativas tanto de novos usos como de usuarios de auga. Para iso deben implantarse de forma urxente en determinadas zonas regadíos sociais.
 - Agricultura Ecolóxica. Potenciación do mercado interno, local e as canles comerciais curtos, así como a agrupación da oferta e o cooperativismo de produtos ecolóxicos.

- É necesario complementar as axudas agroambientais de maneira que se garanta a todos aqueles que queren incorporarse á produción ecolóxica que o seu sobreesforzo será compensado.
- Maior adaptación dos seguros agrarios ás realidades das producións agrícolas e gandeiras así como ao cambio climático e desenvolvemento dun verdadeiro seguro de explotación que englobe a totalidade das producións baixo unha mesma póliza máis alcanzable para o tomador/a.
- Apoio, en prol da seguridade alimentaria, ao produtor, tanto técnica como economicamente, na súa adaptación ao cumprimento das normativas, fornecendo información veraz para lograr a confianza da poboación consumidora e fomentando o consumo dos nosos produtos.
- Rexeitamento ao cultivo de variedades transxénicas ata que non se dispoña de medidas e estudos que garantan a non-contaminación da agricultura convencional e a ecolóxica polos cultivos modificados xeneticamente. Así mesmo, é imprescindible a elaboración de plan de seguimento que permita vixiar adecuadamente a efectividade destas variedades e as posibles repercusións negativas das variedades transxénicas para o medio ambiente e a saúde.
- Apoiar políticas de desenvolvemento rural cuxo eixo sexa a actividade agraria e esencialmente as dirixidas á mellora das condicións de vida dos habitantes do medio rural que garantan e fomenten a multifuncionalidade, freen procesos de despoboamento nas zonas rurais e propicien a interacción entre o medio urbano e o rural, discriminando positivamente aos agricultores polas distintas funcións que realizan a favor da sociedade no seu conxunto (producir alimentos, xestionar o territorio, coidar a paisaxe e os recursos naturais, etc.). Especificamente, compensaranse as limitacións á actividade agraria impostas nas zonas da Rede Natura 2000.

- Políticas Agrarias de Xénero para unha agricultura social e viva apostando polo ecolóxico. A visibilización do traballo das mulleres supón a aplicación definitiva da lei de Igualdade onde se afirma que hai que apostar polo empoderamento e a transversalidade das políticas.

- Apoio á incorporación de agricultoras e agricultores novos con políticas eficaces, que eviten o despoboamento e o envellecemento da poboación rural (principal problema do medio rural). Sería conveniente incrementar tanto o nivel de axudas á incorporación como o número de beneficiarios para contrarrestar a elevada saída de activos que se producirá no futuro, tendo en conta da alta idade que estes detentan.

VIVENDA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

A resposta da Bipartito, condensada no Plan Sectorial de Solo Residencial, é o traspaso de capitais públicos a mans privadas a través da acción pública consistente en expropiar e urbanizar para despois subastar os solares resultantes ao sector privado, desprazando o risco do investimento á administración autonómica e as cargas aos pequenos propietarios.

O Bipartito aprobou ao longo do 2008 o Plan de Estradas e o Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia, que inciden no mesmo modelo de transporte, en coherencia coas Directrices de Ordenación Territorial, como se todos os problemas se resolvesen con autoestradas e vías rápidas. Mesmo chegan a formular o Plan de Estradas como oportunidade para reducir o número de vítimas de accidentes de tráfico, cando o principal factor do altísimo número de accidentes de tráfico é a cantidade de desprazamentos que se fan en vehículo propio, pola extrema carencia de transporte público de calidade, especialmente no ámbito interurbano.

Esquerda Unida aposta polo transporte público de calidade, priorizando o remate do Eixo Atlántico Ferroviario, entre Ferrol e Porto, a conexión dos ámbitos portuarios por

ferrocarril, pola paralización de infraestruturas como a autovía do Sil entre O Barco e Ourense, o corredor do Beelle, ou moitas outras infraestruturas non xustificadas –como as do Plan Vigo Integra- na demanda real de tráfico, senón no mero oportunismo político e no negocio das empresas construtoras.

Esquerda Unida propón diferentes medidas que se artellan ao redor de dous eixos: por unha banda, a necesidade de conter o crecemento desbocado e imposible, sen deixar de satisfacer o esencial. Pola outra, a confianza en logralo a través da iniciativa pública, participativa, afastada do interese privado de lucro pero tamén do burocratismo, que contrapoña un ético "o de todos é tamén meu" ao interesado e miope "o de todos non é de ninguén".

Comunicacións

- a) Adecuación destas infraestruturas a previsións estratéxicas encamiñadas a un novo equilibrio territorial, nas condicións, previsibles, de adaptación a unha de crise de decrecemento.
- b) Moratoria na construción de novas autovías e autoestradas, salvo situacións de necesidade moi concreta.
- c) Paralización da construción de novas liñas ferroviarias de alta velocidade.
- d) Atención ás liñas férreas de alta capacidade e boa velocidade, modernizando a rede no seu conxunto, estendéndoa onde sexa racionalmente necesario, fronte á política de cancelación de liñas dos últimos tempos.
- e) Estratexias para a diminución do transporte por estrada, consecuente co acusado déficit do noso país en combustibles fósiles.
- f) Atención ao transporte público, creando un sistema xeral de interconexións que reduza a necesidade de usar o vehículo privado.

g) Revisión das concesións ás empresas de transporte, esixindo condicións precisas na prestación dos seus servizos, e eliminando aquelas cláusulas que impidan na práctica cancelalas no caso de non cumprirse estritamente as condicións en que fosen concedidas.

POLÍTICAS DE CHAN

a) Debe primar a cidade compacta fronte á difusa, establecendo límites, tanto máximo como mínimo, ás densidades de edificación. En chan residencial non deberían permitirse edificabilidades menores de $0,5 \text{ m}^2/\text{m}^2$.

b) A acción urbanizadora pública debe ser preferente, e subsidiaria a privada.

c) Iniciativa pública para as transformacións urbanísticas, pero con posibilidade de intervención dos propietarios do chan. Os axentes privados non vinculados á propiedade poderían actuar só en caso de incumprimento.

d) Fixar nun 40% a edificabilidade suxeita a protección pública, sinalando a estas vivendas un prezo máximo de venda ou aluguer.

e) Asignación prioritaria das reservas de chan público residencial a programas de vivenda pública.

f) Identificación do chan rural como un valor en si.

g) Cesión mínima obrigatoria á administración dun 10% do aproveitamento, sen fixar máximo.

h) Impedir a aprobación de instrumentos de ordenación territorial e urbanística sen garantir a súa sustentabilidade ambiental e económica.

i) Evitar a monetarización das cesións obrigatorias.

- k) Garantir nas actuacións o recoallo dos ocupantes e a indemnización por traslado de actividade.
- l) Fixar como preferente o réxime de aluguer nas actuacións de vivenda sobre patrimonios públicos de chan.
- ll) Prohibición por 20 anos para actuar en terreos de nova urbanización declarados ilegais.
- m) As Comunidades Autónomas substituirán aos concellos se estes incumpren os obxectivos da lei.

APROVEITAMENTO DO EXISTENTE, FRONTE A NOVA CONSTRUCCIÓN

- a) Prioridade das actuacións de rehabilitación fronte ás de nova construción, salvo casos moi xustificados. Antes de continuar a expansión da cidade debe recuperarse e mellorarse a cidade consolidada. Por iso, Esquerda Unida considera prioritario mellorar a calidade de vida nas vivendas ocupadas, evitando o seu abandono, ampliando as políticas de axuda para a rehabilitación actualmente existentes.
- b) En zonas con necesidade urxente de vivendas deben gravarse fortemente as vivendas baleiras, ata o máximo do 50 % tal como contempla a Lei, previa elaboración dun censo motivado de vivendas baleiras.

POLÍTICAS DE AXUDA PÚBLICA

- a) Aumentar o gasto público estatal en vivenda, moi inferior á media europea, e reorientalo desde o indirecto dirixido á promoción e compra (beneficios fiscais) cara ao gasto directo e políticas activas.
- b) Reorientar o apoio á promoción e compra cara á promoción do aluguer alcanzable.
- c) Abandono progresivo do modelo de vivenda protexida en propiedade.
- d) As axudas deben vincularse ás persoas, seguindo criterios de renda e patrimonio, e non aos inmobles con independencia das circunstancias socioeconómicas do beneficiario.

CONDICIÓN DE DESEÑO DA CIDADE

- a) O crecemento urbano debe conformarse ao redor de corredores susceptibles de ser servidos por liñas de transporte público de alta capacidade.
- b) A consideración de itinerarios e paradas dos distintos medios do transporte público (ferrocarrís, metro, tranvías, autobuses) debe integrarse no proceso de decisión do modelo urbano desde o primeiro momento.
- c) Empregos e vivendas deben concentrarse ao redor das estacións de transporte público, con densidades medias e altas, que poden diminuír ao afastarse delas.
- d) Comercio, servizos e espazos públicos de calidade deben achegarse a devanditas estacións, e en xeral todas as actividades xeradoras de viaxes.
- e) Cara a elas debe *polarizarse a trama urbana, e en especial a peonil e a ciclista.
- f) A bicicleta será considerada como un medio de transporte de gran eficiencia potencial, coa mesma atención que se dedica a outras formas de desprazarse.
- g) Diseñaranse infraestruturas específicas que garantan a seguridade dos ciclistas e ofrezan condicións confortables de utilización, conformando redes que cubran os grandes itinerarios de movemento da contorna metropolitana.
- h) Conexión intermodal nos puntos estratéxicos do transporte público, con estacionamentos seguros e suficientes para bicicletas e automóbiles.
- i) Debe terse en conta o desprazamento a pé como un medio de transporte urbano, masivo e económico, ao mesmo nivel que o resto dos sistemas de transporte.
- k) Focos potencialmente xeradores de desprazamentos deben situarse a distancias razoables das zonas de demanda, e comunicarse con elas mediante itinerarios para peóns.

l) A rede de itinerarios peonís principais que conecte as zonas urbanas entre si non ten por que coincidir coa rede viaria rodada, senón que debe buscar a optimización funcional, de seguridade e confort, deses desprazamentos.

ll) Nos lugares de coincidencia de ambas as redes tomaranse medidas de tépedo do tráfico que reduzan a circulación automóbil a intensidades e velocidades compatibles co uso peonil seguro.

m) Debe desincentivarse aparcar en centros urbanos e outras zonas conxestionadas, mediante unha severa limitación do número de prazas de aparcadoiro de longa duración, porque cada unha delas supón que un automóbil máis acceda cada día a estes lugares.

EMPREGO

Os sucesivos gobernos da Xunta de Galicia, nomeadamente os do fraguismo mais tamén o bipartito veñen mantendo un fío de continuidade no eido económico e laboral, veñen sostendo **unha política económica caracterizada pola precariedade, os baixos salarios e a produción de bens e servizos de baixo valor engadido**. Fío de continuidade que atopamos tanto nos periodos de crecemento como nos de crise. As taxas de desemprego e precariedade amosan no remate desta lexislatura a súa inutilidade para achegar unha mellora efectiva do mercado laboral, que repercuta positivamente no benestar e cohesión social da sociedade galega.

A economía galega desaproveitou os anos de crecemento dos beneficios empresariais para remudar o modelo produtivo e laboral. Cos datos de decembro de 2008 o número de sempregados acadou a cifra de 189.903 persoas , cun incremento en todas as provincias . Na evolución interanual o número de desempregados aumentou en 34.921 persoas, un

valor porcentual do 22,35%. A EPA de xaneiro deste ano recoñece un incremento do paro dun 33,65% no 2008. Hai que engadir ao parto a precariedade: remata a lexilatura cun 31% de emprego precario, que neste mes de decembro arroxa a realización de 50.420 contratos dos cales só 5.131 foron indefinidos (10,18%). Centos de millóns de euros, cartos públicos, se entregaron ao empresariado en troques de boas intencións, hoxendía desmentidas.

A pesares da arañeira de axudas as empresas para conquistar estabilidade no emprego, a teimuda realidade desminte a eficacia das medidas implementadas a tal fin. Bonificacións, deducións e subvencións non foron quen de reducir a precariedade, dando razón a Esquerda Unida na súa análise e esixencia de que resulta necesario recausalizar as contratacións para reducir a taxa de precariedade, a cal carrega efectos negativos sobre a produtividade do traballo, asemade da probada relación entre a sinistralidade e os contratos precarios.

Temos que amosar a decepción que supuso no eido laboral a sinatura do acordo polo emprego e o subseguinte pacto pola competitividade, que en nada contribuíron a mellorar as condicións da clase traballadora galega ou pór a economía galega en vías de desenvolver outro modelo produtivo.

A defensa da **intervención pública na economía** semella decisiva para cambiar realmenta as condicións materiais de vida da cidadanía. Para superar o fiasco das políticas da globalización capitalista. Fracasado o mercado como mecanismo regulamentador de todas as esferas da vida social, a proposta de esquerdas que supón EU plantexa un planeamento económico cuxo eixe director sexa a repolitización da economía, mediante o desenvolvemento de políticas públicas nos eidos económico e

laboral, rematando coa impunidade do capital tanto nos ámbitos laboral, produtivo como financeiro. Fronte a proposta que supón profundizar na xungla neoliberal co concepto da flexiseguridade, Esquerda Unida entende que o necesario para a sociedade é o emprego estable e con dereitos.

Esquerda Unida plantexa unha proposta programática que non faga recaer os custos da crise sobre o lombo da clase traballadora, **que permita unha saída social e democrática á crise.**

As políticas públicas en materia económica e de emprego deben orientarse a conquistar un emprego estable e con dereitos, o reparto do traballo e unha ampla e efectiva protección social pública.

Para acadar estes obxectivos, Esquerda Unida desenvolverá un abano de medidas centrais:

- **Recualificar o INEM para convertilo nun verdadeiro organismo de emprego, que coide da legalidade do emprego e sexa un factor determinante para a redución da temporalidade.** Os propios datos da inspección de traballo recoñecen que alomenos o 50% da contratación se fai en fraude de lei. O Servizo público de emprego debe xogar un papel activo para correxir semellante ilegalidade. Para elo ten que dotarse dos medios materiais e humanos (mediante unha ampliación da plantilla para que cumpran a función de controladores laborais) que permita controlar a legalidade dos contratos de traballo visados. Xunto a isto Esquerda Unida rexeitará que nas relacións coas administracións públicas se utilicen

empresas de traballo temporal, demandando no plano competencial do Estado a súa supresión.

- **Elaboración dun plano de emprego que avance no senso da calidade do emprego e do reparto do traballo.** Os seus eixos se centrarán no cambio de modelo produtivo, baseado no I+D+i e a sustentabilidade aproveitando os novos nichos de emprego (tecnolóxicos, políticas de sustentabilidade e as políticas públicas de benestar social); a limitación das empresas de traballo temporal e a súa exclusión de facto das administracións públicas; a derogación das empresas privadas de colocación; que preste unha atención preferente aos colectivos con maiores problemas de inserción laboral, a mocidade, as mulleres e os maiores; que fomente a reorganización do tempo de traballo e do reparto do traballo como fórmulas que melloran a calidade de vida e contribúen a inclusión social e a creación de emprego.
- **Elaboración dun Plano de emprego específico para as mulleres** baseado na igualdade social e salarial.
- **Desenvolvemento dunha ampla oferta pública anual de emprego para o conxunto das administracións públicas,** que permita prestar os servizos públicos nas condicións adecuadas. Non podemos compartir as ofertas de última hora para consolidar emprego feitas dende Vicepresidencia. Emprego público que evite o inaceptable recurso as externalizacións .
- **Penalización das modalidades de contratación temporais** ao través da cota empresarial á seguridade social.
- **Vinculación de calquer axuda pública para o emprego a unha avaliación dos resultados obtidos en termos de creación de emprego estable e con dereitos.**

- **Acordo parlamentar para instar o goberno do Estado a unha reforma de base do mercado laboral que permita a recausalización dos contratos e a mellora efectiva do poder adquisitivo dos salarios, na liña de conquistar emprego estable e con dereitos.**
- **Pulo a Inspección de Traballo** para superar a situación de exposición das e dos traballadores a condicións de traballo insalubres e perigosas e combate rigoroso dos incumprimentos da lei de riscos laborais. Plano que terá que ir acompañado dunha memoria económica que contemple o incremento de plantilla para acadar a ráteo da UE- 15 e dos recursos económicos anexos.
- **Elaboración dun Plano Integral de Política Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico**, coa implementación de actuacións específicas de reindustrialización, en particular nas comarcas e concellos aqueixados de maiores taxas de edsemprego e peor balanço demográfico.
- **O desenvolvemento dun plano integral de I+D que permita superar nun cuatrienio a fenda que hoxendía nos separa da media estatal (0, 80% - 1, 20%).**

Esquerda Unida quere aplicar un conxunto de políticas públicas, que a desenvolver nos diversos eidos competencias, nomeadamente no ámbito estatal, supoñan programa de acción que permita revertir os efectos da crise e darlle a esta unha saída social e democrática, a prol dos intereses da maioría traballadora do noso país

Medidas sobre financiación urxente da banca:

- Modificación decretos-lei propostos polo Goberno nos seguintes termos:

- os 30-50.000 millóns previstos como axuda deben tramitarse a través do Instituto de Crédito Oficial con destino preferente a pequenas e medianas empresas e emprendedores.
- Estudiar un sistema que permita a reinserción na economía legal do “diñeiro negro”; debe ter unha penalización financeiro-fiscal axeitada. Mobilizariáanse así 60.000 millóns de euros.
- Reformas fiscais de urxencia:
 - Reforma da Lei e do Regulamento do IVE para considerar exentos do imposto a quen merque produtos e bens destinados a rehabilitación da vivenda residencial e locais comerciais.
 - Creación dun Imposto Especial de Solidaridad para Altos Ingresos.
- Acordar un paquete de medidas sociais cos seguintes contidos:
 - Non autorización de ERE en empresas con beneficios no 2007.
 - Incremento do SMI até acadar o 60% do salario medio, consonte establece a Carta Social Europea. E actualización paulatina do IPREM.
 - Incremento do mínimo do subsidio de desemprego ao 100% do IPREM e aumento do 10% por cada fillo a cargo.
 - Prohibición a executivos e membros de Consellos de Administración de institucións financeiras e sociedades en Bolsa de percibir retribucións superiores por todos os conceptos a 400.000 euros anuais.
 - Conxelación de todas as privatizacións en curso, derogación das leis que permiten a privatización dos servizos sanitarios.
 - Recuperar o carácter público da propiedade e xestión dos servizos públicos.

Outras medidas complementarias a curto prazo:

- Reactivar a demanda pública e manter e afortalar o Estado de Benestar.

- Manter os criterios de sustentabilidade medioambiental.
- Loitar contra a fraude fiscal e oposición á desfiscalización das rendas altas.
- Nova tarifa deflactada do IPC.
- Novo sistema de financiación autonómica.
- Manter e mellorar para as contías máis baixas o poder adquisitivo dos empregados públicos e os pensionistas.
- Nacionalización da banca: redefinir o rol de institucións financeiras dentro da creación dun Sistema Financeiro Público.
- Creación da Axencia de Control do chamado “Plan de Rescate”

Medidas a medio prazo:

Sobre emprego:

- Emprego estable e de calidade, elemento de cohesión social.
- defensa e protección social da clase traballadora, mediante unha política de gasto público.
- Mantemento do poder adquisitivo dos salarios; suba do SMI até acadar o 60% do salario medio.
- Política de reparto do emprego: lei de redución da xornada laboral sen redución salarial ás 35 horas, na procura dun reequilibrio que facilite a conciliación do tempo de traballo e o tempo libre, a meirande riqueza das persoas.
- limitación da temporalidade

Sobre fluxos do capital e fiscalización:

- Controlar a transparencia de todas as operacións financeiras.

- Fondos de investimento obrigatorios das empresas con incremento de beneficios para mellorar e aumentar o emprego.
- Establecer un sistema de límites e taxas (Taxa Tobin, p.ex.)
- Erradicar os paraísos fiscais.
- Recuperar o carácter progresivo da imposición fiscal mediante o incremento da presión fiscal sobre as rendas altas e as plusvalías.
 - elevar o tipo máx. ao 50%
 - consideración no IRPF de todos os ingresos por igual
 - reinstaurar o imposto sobre o Patrimonio
 - reforma do sistema de módulos en beneficio de pequenas empresas e traballadores autónomos (facturación inferior a 200.000€, menos de 5 traballadores dependentes, ata 5º ano actividade)
 - IVE reformado para adquisición de bens de luxo ou contaminantes
 - reforma IBI para penalizar as vivendas baleiras.

Sobre o beneficio público e social

- Renacionalización dos sectores económicos de interés estratéxicos e remunicipalización dos servizos públicos xestionados polas empresas privadas
- Potenciación da economía social (SAL, Cooperativas...) mediante un Estatuto da Economía Social e a creación de institucións financeiras especializadas neste tipo de empresas.

Unha economía planificada e xestionada de forma democrática

- Creación dun órgano de Planificación e Control Democrático da Economía.

- control de prezos dos produtos básicos, a vivenda, a enerxía e servizos públicos fundamentais.
- Control social das decisións estratéxicas das empresas de máis de 250 traballadores
- Recuperación do control político democrático sobre o Banco de España e BCE.



CULTURA



esquerda unida
izquierda unida

**FERRAMENTA
DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL
O DEREITO Á INFORMACIÓN**

CULTURA

Esquerda Unida mantén unha concepción da arte e a cultura alonxada dunha visión que a reduce a condición de mercadoría e espectáculo, visión dominante nos últimos anos no país. Fenómenos como a chamada cidade da cultura, nados co PP e que o bipartito posterior no soubo ou poudo frear, desviando unha inxente cantidade de esforzos materiais e humanos imprescindibles para a consecución dunha serie de obxectivos prioritarios.

Resulta curioso que un complexo de lousa, pedra e deseño arquitectónico sen contidos ben definidos sirva para definir o modelo cultural imperante hoxe en Galicia.

A mal chamada Cidade da Cultura representa, de forma meridiana, o continuismo da política fraguista. Un mausoleo pétreo, ambicioso, cun orzamento inicial de 132 millóns, ideado como gran testamento de Fraga, e que contou coa oposición inicial dos que agora nos gobernan, xa leva consumidos do erario público máis de 400 millóns de euros, estando preto dos 500. Isto, de por si, representa un insulto á cidadanía galega, xa que o desfase contou coa anuencia do bipartito PSdG e BNG. Dito desfase, no tempo de goberno bipartito xa estaría en 70 millóns de euros, sen que saibamos realmente en que se licitaron. Falta de transparencia, ocultación, erros, e mal uso de diñeiro público que foron expostos polo informe do Consello de Contas e polas denuncias da sociedade civil organizada ao redor da *Plataforma Cultura Si Mausoleo Non*.

A factura de gastos diarios que orixina a Cidade da Cultura é desorbitada e, loxicamente, resta capacidade económica na consellería de Cultura para a realización de accións culturais necesarias como a protección, preservación, catalogación, información do patrimonio arqueolóxico galego ou para afrontar o fortalecemento da cultura de base ou

mesmo para a verdadeira promoción da lectura do libro galego. Existen denuncias por falta de persoal en museos, investigacións arqueolóxicas que se clausuraron, bibliotecas sen dotación para novas adquisicións ou para dar un servizo de calidade ao público. Pénsese que existe unha estimación de que son necesarios 48 millóns de euros en cuestión de mantemento do complexo do Monte Gaiás. Aínda están pendentes de pago 1 millón de euros, e 45 pendentes de licitar.

Non deixa de ser escandaloso que se manifieste que a súa xestión vai ser entregada a empresas privadas. De novo, a demostración de que non se sabe realmente como rendibilizar o complexo e como amortizar os gastos de mantemento (só en seguridade calcúlase uns 1000 euros diarios). O burato sen fondo da Cidade da Cultura, obriga á consellería de Cultura a intentar vías de financiación privada para manter un mínimo de produción cultural polo que dita Consellaría xa ten previsto a creación durante o ano 2008 de Fundacións e entidades privadas para xestionar o IGAEM, nunha industrialización e mercantilismo da Cultura alleo á dinámica cultural galega e que suporía unha falta de compromiso coa xestión pública e o fomento da cultura de base.

A cultura debe ser entendida non como algo meramente superficial, senón coma un dereito fundamental de todos os galegos e galegas, e por iso debe ser xuridicamente protexida e parcialmente financiada polo Goberno da Galiza. O acceso á cultura só é posible se previamente se goza doutros dereitos fundamentais, como son o emprego, a saúde, a vivenda así como todas as condicións económicas e sociais que fan digna a vida humana.

Estas premisas están lonxe de cumprirse nun país castigado pola precariedade, pola inestabilidade laboral, por salarios reducidos en comparación coa media española, por

pensións discriminatorias e que fomentan a desigualdade. Non cabe, polo tanto, deixar que sigan os exercicios de desbaldimento practicados polo PP e agora polo PSdG e BNG na Cidade da Cultura.

A cultura precisa da activación dun verdadeiro marco de participación social desde a base. Non pode ser que nalgúns concellos os centros socioculturais estean tomados polos gobernantes e que imposibiliten a participación cultural dos movementos culturais de base.

O modelo Cidade da Cultura representa un afastamento das necesidades reais do pobo galego, tanto nos aspectos esenciais da vida coma nos culturais. Hipermercantilización da cultura, turistificación elitista, privatización, eis os parámetros que guían a construción dos actuais edificios do Monte Gaiás. E mentres todos os cartos viaxan para o Gaiás

Que un Alcalde como Sánchez Bugallo diga que coñecía desde o principio que a Cidade da Cultura suporía un investimento de diñeiro público maior do estimado, pero que calara por “lealdade institucional”, supón unha acción irresponsable e, desde logo, egoísta e interesada, xa que dito alcalde só pensaba na rendibilidade económica para Compostela, cando o diñeiro sae do peto de todas as persoas que vivimos en Galicia.

Por iso, e perante a inacción e o continuismo do goberno bipartito, Esquerda Unida propón:

- non investir un euro máis en rematar o proxecto inicial de Eisenmann, a todas luces mal dimensionado economicamente e arquitectonicamente.
- Evitar o lucro de grupos empresariais para converter as instalacións nun parque temático semellante á ruínosa “Terra Mítica”.

- Disolución da Fundación da Cidade da Cultura.
- Destinar os edificios xa construídos para unha finalidade social: estudarase en primeiro lugar a viabilidade de trasladar ao complexo do Gaiás a toda a administración da Xunta de Galicia, hoxe espallada en duciais de edificios por toda a capital. Outra posibilidade sería facermos un complexo sanitario e de servizos sociais.

Esquerda Unida defende o fomento dunha cultura atenta as inxerencias e demandas de base da cidadanía, cunha ollada social e o certidume do valor da cultura como ferramenta de transformación social. Consonte a este modelo cultural, a nosa organización propón un conxunto de medidas necesarias para atopar un punto de equilibrio entre os distintos factores que interveñen no eido cultural.

A realidade indícanos a existencia de espazos indefinidos e infrautilizados, centros baleiros que non souberon implicarse cos seus potenciais espectadores, e o malestar de amplos sectores artísticos e culturais, nun mosaico que demanda de nós unha reflexión que supere vellos complexos para traballar arreo unha política cultural de carácter social e da profundidade necesaria para arraigala no seo da nosa sociedade.

A creatividade forma parte esencial da condición humana, sendo un elemento imprescindible para o desenvolvemento persoal e social, quen de permitirmos acadar unha ollada crítica respecto do mundo que nos rodea e, xaque logo, ferramenta para construír un mundo mellor.

Esta posición implica un traballo que comprometa o seu mantemento nun espazo temporal longo, como condición para que esta nova política cultural sexa efectiva.

Semella que é hora de fuxir dos excesivos individualismos que dominan actualmente a xestión dos organismos encargados da cultura do noso país, que produce unha inestabilidade crónica, fragilidade, e o imperio das decisións arbitrarias ou persoais.

Esquerda Unida adoptará, entre outras, as seguintes medidas:

- Necesidade de facilitar e propiciar o achegamento da cidadanía ás diferentes manifestacións artísticas.
- Potenciar o traballo dos profesionais do sector nas súas distintas variantes: artistas, xestores, comisarios, críticos, etc. Respaldo que debe manifestarse ao longo de todo o proceso creativo.
- Obriga de actuar como factor de equilibrio entre os distintos gremios ou especialistas citados anteriormente, para acadar o necesario respaldo en todos os eidos, impedindo que algún elo da cadea cultural se desvincula nun proxecto que ten que ser común.
- Contribuír á formación dos nosos creadores e profesionais, nunha formación que ten que se desenvolver dun xeito continuo, procesual.
- Respaldo a creación de foros e pular polo asociacionismo entre os diversos colectivos artísticos como fórmula axeitada para intervir na toma de decisións e na consecución de melloras laborais e sociais nun sector especialmente desprotexido en ditos aspectos.
- Contextualizar a creación cultural galega coa producida no Estado e no conxunto do panorama internacional. O arte como forma universal de comunicación presentásenos como unha excepcional vía de unión e intercambio cos outros pobos.
- Pular pola promoción exterior dos nosos artistas polo valor que supón a súa obra como expresión da riqueza plástica do noso país.

- Elaboración dun proxecto patrimonial que determine os pasos máis urxentes para conquistar a adquisición, conservación e catalogación e estudo dos bens culturais do noso país.
- Esfuerzo orzamentario para dotar aos nosos museos e centros de arte dun fondo de obras que poidan achegar unha visión plural e integral da creación no noso país.
- Desenvolvemento dunha partida que garanta a axeitada dotación humana e material nos museos e centros de arte de Galicia.

Temos que aunar dous factores interrelacionados: mellorar a actitude do público potencial cara ao feito artístico ou cultural, asemade de achegar físicamente as distintas manifestacións plásticas a todos os lugares da nosa xeografía.

Hai un amplo traballo de pedagogía social para vencer o desinterese ou hostilidade de amplas franxas da poboación con respecto ás formas máis avanzadas do arte. Pedagogía e traballo a longo prazo cunha acción concertada no ensino, nos medios de comunicación e nos propios centros culturais.

No eido do ensino a nosa aposta por un ensino público de orientación humanista que permita completar unha educación integral. Hai que desenvolver un plano de acción pedagóxica que concerte centros educativos e centros culturais. Hai que fornecer os departamentos didácticos dos centros culturais. Desenvolver unha política editorial que permita a difusión e convivencia de edicións de diferente formato técnico e económico. A planificación ten que chegar aos medios de comunicación, elemento comunicativo central nas nosas sociedades.

Unha política cultural pública ten que ser quen de sementar unha oferta cultural que alimente a demanda. Aínda hai centralismo dabondo no noso país no que atinxe a programación cultural. Esquerda Unida aposta por desenvolver circuitos plásticos comarcais ou zonais, que faciliten espazos para os artistas locais.

ARTES PLÁSTICAS

O crecente complexo mundo da arte fai necesario que a administración pública se involucre cos artistas e dinamizadores culturais na súa actividade cotiá. Este apoio, que non debe ser unicamente material, faise imprescindible nun país coma o noso cunha iniciativa privada feble.

Esquerda Unida é consciente da imposibilidade de chegar a todo o mundo, o que é imperativo para nós é artellar un sistema transparente e plural para a adquisición, apoio á creación e exposición do traballo dos nosos artistas.

O excesivo personalismo que se deu nos últimos anos na toma de decisións neste eido provocou que un amplo sector do mundo cultural se sentise excluído de forma sistemática.

Unha cultura clientelar, en base a afinidades políticas, é unha boa mostra de continuismo das malas políticas anteriores. Para Esquerda Unida a acción política da consellería de cultura foi pésima para a conformación dun tecido social na base social do noso país.

É preciso, xa que logo, mellorar a representatividade e participación dos distintos sectores na toma de decisións, revisar a composición e as funcións das fundacións dependentes da Xunta.

Esquerda Unida aposta por unha convocatoria aberta, con carácter anual, dun concurso para presentar proxectos, xa sexa para artistas, comisarios, historiadores ou críticos, que serán apoiados polo goberno autonómico, tanto na súa realización como na súa promoción, para dinamizar e incentivar a creación plástica en Galicia.

Conceptos como “espazo de produción”, xa instaurados con notable éxito noutros puntos da xeografía estatal, convértense en interesantes á hora de xerar centros de evidente efecto dinamizador cultural. Igualmente, será necesario diferenciar funcións para os espazos que asumen unha mesma finalidade aparente.

No que se refire ao apoio a nova creación, se ben parte desta función será tratada desde o aspecto educativo, cun aumento e mellora substantiva na oferta de bolsas, o certo é que merece unha atención especial. A tales efectos, contarán dun espazo específico dentro dos grantes centros de arte. Se ben, como é lóxico, o apoio á creación non se pode limitar a un tramo cronolóxico e debe ter continuidade.

Esquerda Unida, como queda reflectido neste programa, non considera que a creación cultural deba ser considerada como unha actividade supérflua ou de luxo e, xa que logo, os seus profesionais non poden ser tratados de tal xeito.

Desde a nosa responsabilidade adquirimos o compromiso de acadar melloras laborais, sociais e fiscais para un gremio especialmente desprotexido en ditos aspectos. Ao igual que sucede noutros sectores produtivos, artellaremos unha serie de axudas para a adquisición de novas tecnoloxías ou calquera iniciativa interesante que se produza en dito ámbito. Somos consciente de que estes traballadores e traballadoras son a base dunha

industria, a cultural, que xera cada vez máis postos de traballo subsidiarios e riqueza para o país.

Esquerda Unida impulsará o asociacionismo no sector e equilibrará o peso dos distintos intereses presentes na realización da política cultural no noso país. A participación cidadá é un dos aspectos diferenciadores fundamentais da nosa organización. Consciente das dificultades de atopar formas de actuación colectiva dentro deste campo, Esquerda Unida comprométese á realización de censos, á actualización dos existentes, de todos os estamentos con intereses no sector, como medida previa á súa convocatoria co fin de determinar cales son as inquedanzas reais máis importantes dentro da área, así como acordar cales serían as formas máis eficaces de representación na toma de decisións na nosa política cultural. Estas xuntanzas terían necesariamente un carácter periódico.

Esquerda Unida entende que nos centros deben crearse equipos de traballo co fin de que estes dean cabida a todas as sensibilidades ou puntos de vista xerados ao redor do fenómeno artístico. Non é saudable que determinados sectores se sintan excluídos de forma sistemática polo orde establecido. A transparencia na elección de órganos de dirección das distintas institucións así coma no traballo realizado polas mesmas é condición inexcusable para nós.

Outro fin, para Esquerda Unida, será favorecer o intercambio na nosa creación e cultura co exterior. A cultura configúrase coma un dos máis eficaces medios de estreitar ligazóns con outros pobos ao mesmo tempo que se amosa a singularidade creativa do noso país. Unha das inquedanzas para Esquerda Unida é acadar un mundo solidario, desde o seu enfoque internacionalista.

Galicia conta xa con salas axeitadas para a realización de grandes exposicións de

carácter internacional. É nosa a obriga ofrecer a galegos e galegas a posibilidade de achegarse ás obras e artistas que marcan a tendencia na escena artística mundial. Os nosos creadores terán a oportunidade de expoñer e intercambiar ideas con tan sinalados profesionais. O noso compromiso pasa tamén pola promoción exterior dos nosos artistas, favorecendo intercambios con outros centros e países e acudindo ás convocatorias internacionais que se estimen interesantes.

O mundo da cultura, cada vez máis esixente en canto á necesidade dunha formación contínua, amosouse sempre inqueda por coñecer as maneiras e ideas desenvolvidas noutras latitudes xeográficas. A nosa organización entende a necesidade de reforzar os sistema de bolsas e apoios para a investigación artística no estranxeiro. É noso o compromiso de ofertar anualmente bolsas para estadias formativas no estranxeiro, con carácter aberto e non condicionado pola idade.

POLÍTICA PATRIMONIAL

Esquerda Unida cualifica a política patrimonial desenvolvida nestes últimos anos de errática e caprichosa. Cómpre establecer un plan de prioridades, marcado, loxicamente, polos recursos dispoñibles, en canto ás distintas tarefas a desenvolver para a conservación, adquisición e estudo dos nosos bens artísticos.

Cómpre organizar e racionalizar todo o sistema museístico na nosa comunidade co fin de obter o maior rendemento posible dos nosos centros. O rigor debe ser a pauta de traballo á hora de completar as nosas coleccións.

Esquerda Unida considera que debemos ofrecerlle á cidadanía unha visión rica e plural da nosa creación, contextualizándosa dentro das distintas correntes internacionais e non

pode estar supeditada a unha visión individual e cambiante. Os patronatos dos distintos museos ou centros de arte, encargados desta función, amosáronse con demasiada frecuencia inoperativos ou meramente decorativos. As distintas polémicas desatadas ultimamente dentro destes órganos á hora de desenvolver o seu traballo amósannos a necesidade de establecer procedementos regulados, transparentes e eficaces.

O esforzo inversor realizado desde a Xunta debe reverter de maneira máis directa na cidadanía. Non é lóxico manter custosas coleccións de arte nos almacéns das nosas institucións, máis, se cabe, cando se producen discursos estériles sobre como encher de contido infraestruturas sobredimensionadas (Cidade da Cultura).

Esquerda Unida entende a arte e a cultura como unha ferramenta de crecemento social e persoal. Cómpre facilitar a interacción entre os artistas e a sociedade. Deseñaremos, empregando unha maior axilidade de fondos e creadores, mostras itinerantes ao longo da nosa xeografía, contribuíndo así á necesaria descentralización e divulgación cultural no noso país.

O DEREITO Á INFORMACIÓN

A difusión e implantación das TIC é desigual en Galicia. Dándose diferenciación territorial no acceso (urbán vs. rural) e tamén unha diferenciación social entre as capas maior nivel socioeconómico e as máis desfavorecidas, polo que ás **desigualdades tradicionais creadas polo sistema de produción capitalista engádese a dun desigual acceso á información e á cultura**, coas consecuencias de todo tipo que isto representa.

Resulta cada vez máis evidente que o chamado “**analfabetismo tecnolóxico**”, é dicir a falta de coñecementos para o uso das novas tecnoloxías por persoas ou colectividades, é

un factor que dificulta significativamente as posibilidades socioeconómicas e a integración social e laboral; a “**alfabetización tecnolóxica**” **devén** un dereito social de nova xeración e un deber dos poderes públicos.

Esta nova alfabetización non consiste unicamente en que a cidadanía saiba usar as aplicacións informáticas máis habituais senon tamén en que estean debidamente formados e informados sobre temas de protección de dereitos como a privacidade ou a liberdade de expresión.

A alfabetización tecnolóxica haberá que completala ademais co **dereito de acceso á información**, como garantir o acceso universal e a distribución masiva, de forma libre e gratuita, de todos os contidos culturais propiedade das diversas Administracións Públicas de Galicia nos seus fondos, bibliotecas ou rexistros de depósito legal.

Neste senso, Esquerda Unida propón desenvolver as seguintes medidas no campo da **difusión social das Tecnoloxías da Información e da Comunicación**, co obxectivo de **que no curso da próxima lexislatura se acade en fogares, escolas e centros sociais de todo tipo unha porcentaxe de utilización das TIC igual á media dos quince países que formaban parte da Unión Europea antes da última ampliación, con atención prioritaria a pobos, barrios e zonas de menor nivel socioeconómico e sobre todo á súa virtualización no rural.**

Nesta Lexislatura lanzouse en Galicia o *Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007-2010*, que segundo define o limiar, “céntrase en contribuír activamente ao desenvolvemento sustentable de Galiza de maneira que se garanta de forma real a compatibilidade entre crecemento económico con creación de emprego de

calidade, maiores niveis de progreso e cohesión social no conxunto da cidadanía galega e preservación do contorno ambiental, cultural e lingüístico propio”. Sen entrar na coctelera interdisciplinar, o certo é que o limiar non menciona o dereito á información que é, nesta época de dominios e monopolios mediáticos, un dereito a garantir con forza desde as administracións públicas.

Por iso, propoñemos a creación dun **Consello Galego para a Sociedade da Información**, con participación das Corporacións Locais, axentes sociais e económicos, así como de universidades, asociacións de usuarios, de profesionais, colexios, colectivos sociais, etc., con obxecto de asesorar ao Goberno da Xunta nestas materias desde unha perspectiva ampla e pluridisciplinar. Será desde este Consello, e de forma participativa, que deban saír os programas ou plans para desenvolver os obxectivos que se fixen desde o Consello. E non ao contrario. Ademais, cabe criticar o discurso que emprega o PEGSI actual á hora de describir as súas estratexias, xa que está inzado da retórica neoliberal que consiste en dicir sen facer. Así, un dos propósitos é “a xeración e desenvolvemento ***dunha economía dinámica e competitiva, baseada no capital*** intelectual e no coñecemento, para o cal se procurarán os espazos acaídos para ***a mellora da competitividade*** por medio do fomento da innovación mediante o uso das tecnoloxías da información e as comunicacións”. Isto é, a xerga debedora da Estratexia neoliberal de Lisboa. Así, coma en todos os eidos deste sistema capitalista, as TIC empréganse con obxectivos que non son os do progreso social e a igualdade. A Rede emprégase para estender a ideoloxía capitalista na súa fase neoliberal. Por iso, Esquerda Unida traballará para impulsar desde o público unha utilización progresista, alternativa e socializadora das mesmas, capaz de xerar unha conciencia social transformadora en lugar de conformismo y consumismo exacerbados.

- Elaboración e posta en práctica dun ambicioso **Plan de Alfabetización Tecnolóxica**, coa colaboración das Corporacións Locais e dos actores sociais implicados, que incluiría:

- Un Programa de Difusión das TIC con obxecto de levar líñas de banda ancha, tipo ADSL, e equipamentos informáticos axeitados a:
 - Fogares, con especial atención a familias de menos ingresos e ás monoparentais, ás persoas con diversidade funcional e aos núcleos xeográficos peor comunicados.
 - Todos os centros da rede educativa pública de nivel primario ou medio, cun PC conectado a Internet por cada dous ou tres alumnos.
 - Toda a rede de bibliotecas públicas.
 - Centros sociais de todo tipo (centros de maiores, asociacións veciñais, etc.), así como centros de detención de menores e de asistencia a persoas migrantes.

Dentro deste plan habería que actuar especialmente nas Localidades e Barrios onde a penetración da banda ancha sexa máis pequena, poñendo a disposición da cidadanía desas zonas sás con acceso a Internet públicas e gratuitas, con persoal formado e capaz de formar na cultura do 'software libre' e do "coñecemento libre", o traballo en grupo e a publicación de contidos multimedia (texto/audio/video) en Internet.

- Desenvolvemento dun programa específico, participado polos axentes sociais e os colectivos destinatarios, para que as persoas con diversidade funcional teñan acceso ao uso normalizado das novas tecnoloxías, segundo os obxectivos marcados pola Unión Europea para estas persoas.

Fomentárase que os sitios web de Galicia cumpran con ditas normas europeas.

- Desenvolvemento dun Programa de Formación para profesorado do Ensino Público de todos os niveis, concreto, ben avaliable e supervisado nos propios centros de ensino, de forma que se asegure a utilización efectiva e racional das novas tecnoloxías nas actividades educativas.
- Extensión na Administración Autonómica e Local de programas de “software libre” reducindo a dependencia tecnolóxica que nestes momentos ditas Administracións, e a sociedade en xeral, teñen respecto ao monopolio por parte dunha única empresa e reducindo os custos que este monopolio representa.
- Promoción, especialmente en centros de ensino públicos de nivel medio e superior, de redes inalámbricas, xa que ofrecen un acceso ubicuo e sinxelo á Rede.
- Creación do punto gal, como paso de acceso á Rede para identificar aos contidos propiamente galegos.



MULLER



esquerda unida
izquierda unida

POLÍTICAS PARA ACADAR A IGUALDADE REAL CO HOME

Análise da situación

V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).

Plan que se autoproclama participativo porque nel participaron as consellarías, esquecendo que a participación haina que levar á rúa, aos veciños e veciñas, ás asociacións de mulleres, ás organizacións sindicais e políticas. Pero elaborar un Plan de Igualdade de costas ás mulleres sinala cara onde se dirixiu a política do bipartito, xa que, se hai alguén coñecedor da situación, estas son, sen dúbida, as mulleres, e non un artellado de consellarías que só dispensan fría tecnocracia.

Cómpre, xa que existe Plan, que este se desenvolva con recursos e racionalidade. Un Plan que non se desenvolve é simple literatura escrita que permanece para adormecer a nosa conciencia. Cómpren actuacións claras para que igualdade da muller co home sexa unha realidade en todos os eidos: en acceso ás oportunidades laborais, en salarios, en protección social, na preservación e aplicación dos dereitos acadados.

Houbo demasiado institucionalismo e mentres as mulleres seguían caendo asasinadas polas súas parellas actuais ou anteriores. A prevención e a protección actuais semellen inaxeitadas.

O V Plan presenta 4 liñas estratéxicas:

- 1) Participación e empoderamento
- 2) Acceso á información e aos recursos
- 3) Formación en Igualdade entre mulleres e homes
- 4) Abordaxe integral da violencia de xénero

Pois ben, Esquerda Unida considera que os avances acadados en cada unha desas liñas son moi escasos.

Esquerda Unida, en coincidencia coas organizacións de mulleres, aposta por unha lei onde se inclúan medidas políticas que traten todos os aspectos estruturais de discriminación e de violencia que aínda seguen sufrindo as mulleres, para acadar unha sociedade con valores de equidade e igualdade, onde a violencia non teña cabida. Unha lei que abordase todo tipo de violencia de xénero dunha forma realmente integral, pero a lei centrouse basicamente na violencia chamada doméstica e na súa penalización. Isto demostrou desgraciadamente que non foi eficaz. Aínda que agora se empeñen en centrar que o fracaso da lei se debe á súa aplicación (da que tamén é responsable en gran medida o goberno), senón porque a lei non recolle medidas transversais contra a violencia de xénero.

A de igualdade, non tivo maior transcendencia na súa aplicación. Só un apartado da mesma é o que se exportou como transcendente: “a paridade”. O que se chama paridade, non é o que reivindicán as mulleres. Perdése unha gran oportunidade de plasmar a súa promesa de investidura de “facilitar o acceso ás mulleres no poder”, xa que o traballo ímprobo de representación paritaria que as mulleres estaban realizando, plasmouse legalmente na súa mínima expresión, e os resultados das eleccións municipais demostran que a porcentaxe de mulleres, aínda que subiu en relación con 2003, quédase por debaixo da mínima establecida do 40% segundo datos da FEMP sitúase entorno ao 36%.

O resto da lei centra a igualdade case en exclusiva no ámbito laboral e, dentro deste, na conciliación e a maternidade, esquecendo o resto dos ámbitos.

As promesas de erradicar a desigualdade das mulleres, o fomento do emprego estable e a accesibilidade ao mesmo quedaron niso, en promesas. Podemos afirmar no día de hoxe, polos datos que nos achegan as estatísticas, que a taxa de desemprego feminino é superior á dos homes en Galicia, que a desigualdade salarial entre homes e mulleres en traballos iguais, segue sendo unha realidade, que a discriminación por razón de sexo ou polo estado civil das mulleres segue sendo un condicionamiento para o acceso ao emprego e que os traballos máis precarios, son os que destinan as empresas para as mulleres.

O outro pilar da igualdade, a conciliación entre a vida laboral e familiar, de momento é unha expectativa. Os homes seguen sen compartir equitativamente as cargas familiares e as tarefas domésticas. Porque para que isto ocorra, non é só necesario leis que o regulen, senón tamén, e moito máis importante, crear unha conciencia social de igualdade que transforme a cultura patriarcal e sexista que aínda existe. Ademais, a conciliación real será imposible mentres non se modifiquen os horarios da xornada laboral, verdadeiros causantes das distorsións e desestruturacións nos modelos sociais de convivencia en Galicia.

As promesas, os Plans, precisan dotación económica para que poidan desenvolverse con calidade.

Desde EU, propoñemos unha serie de medidas destinadas a unha transformación real da nosa sociedade, onde as mulleres sexamos cidadás en plenitude de dereitos.

As propostas programáticas de EU parten do compromiso coa sociedade no sentido de que en todos aqueles municipios nos que a nosa organización governe, loitará para que a

igualdade de xénero sexa unha realidade, contribuíndo decididamente a que todos os aspectos de discriminación sexual se eliminen impulsando necesariamente a superación da discriminación.

1) Propostas institucionais : Participación Política e Social das mulleres.

- Asignación de partidas orzamentarias non inferior ao 5 % para a realización de políticas específicas de igualdade das mulleres e aplicación efectiva do Plan Galego de Igualdade.
- Creación do Consello Estatal das Mulleres. Constituído por asociacións feministas, de mulleres pola igualdade e consellos autonómicos de mulleres, como elemento fundamental para afondar na súa participación e na elaboración e seguimento das políticas específicas e transversais de igualdade entre mulleres e homes.
- Dentro da nosa aposta polos Orzamentos participativos, estes deben ser enfocados a partir da perspectiva de xénero. É dicir, o proceso débese iniciar cunha perspectiva de participación activa das mulleres.
- Modificación da lei de Réxime Electoral Xeral para garantir que as listas electorais contemplen realmente un 50% de mulleres, contemplando que polo menos os seus números pares ou impares teñan que estar integrados por mulleres.
- Apoio institucional ao asociacionismo de mulleres e fomento de organizacións con perspectiva de xénero, tendo en conta a diversidade.

2) Igualdade de dereitos económicos das mulleres. Aposta polo público.

- Medidas dirixidas a potenciar a igualdade das mulleres no mundo laboral, a partir de propostas encamiñadas a corrixir a segregación ocupacional, a precariedade e a desigualdade salarial, con especial atención á discriminación e á sobreexplotación das mulleres inmigrantes.

- Adoptaranse medidas encamiñadas á eliminación das discriminacións directas e indirectas na desigualdade salarial das mulleres.
- Efectividade dos Plans de Igualdade nas empresas previstos na Lei de Igualdade, para o que cada Dirección Provincial de Traballo elaborará unha Memoria anual cuantificada. Extensión dos plans de igualdade a empresas non obrigadas pola Lei.
- A promoción de convenios marco con cláusulas que garantan a igualdade no ámbito laboral e a conciliación da vida familiar, persoal e laboral. A tal fin non se procederá ao rexistro de ningún convenio que conteña elementos discriminatorios por razón de sexo.
- Regulación de formas paritarias de contratación funcional e laboral, para aqueles postos e corpos en que existe escasa representación das mulleres
- Dotación de créditos brandos para potenciar as iniciativas empresariais das mulleres así como impulsar programas de financiamento preferente coas caixas de aforro.
- Establecemento de cláusulas sociais nos pregos de condicións dos contratos e subvencións das administracións públicas, que garantan a presenza de mulleres nos sectores laborais con menos representación.
- Integración das Empregadas de Fogar no estatuto dos traballadores e o Réxime Xeral de Seguridade Social.
- Medidas contra a feminización da pobreza e contra a discriminación múltiple das mulleres maiores, inmigrantes, rurais ou en risco de exclusión social.

3) Erradicar a violencia de xénero e repolitizar o privado.

- Dotación presupostaria real e suficiente para un desenvolvemento efectivo da Lei contra a violencia.
- Coordinación administrativa para a adopción de medidas con carácter transversal e integral para erradicar todo tipo de violencia estrutural contra as mulleres
- Programas integrais de actuación dirixidos a mulleres que exercen a prostitución.

Devanditas actuacións en ningún caso favorecerán nin lexitimarán aos que comercian e se lucran (proxenetas, clientes, traficantes, ...) cos corpos e as vidas das mulleres.

- Axeitar o Fondo de Pensións de Alimentos en parellas divorciadas creado en decembro 2007, ás demandas históricas das organizacións de mulleres, aumentando a duración e contía.

- Formación dos colectivos profesionais que interveñen no proceso de información, atención e protección ás vítimas de violencia contra as mulleres.

- Desenvolvemento dun Plan integral de sensibilización e prevención contra a violencia de xénero, coa participación de todos os Ministerios.

4) Dereitos sexuais e reproductivos:

- Facer efectivo o dereito á maternidade e paternidade consciente e responsable, garantindo que a información e práctica da contracepción estea realmente ao alcance de mulleres e homes e sexa unha prestación normalizada na rede sanitaria pública.

- Ampliar a seis meses o dereito a baixa por maternidade.

- Despenalización da interrupción voluntaria do embarazo e substitución da actual lei de supostos por unha Lei de prazos, que garanta o dereito das mulleres a decidir. Garantir a práctica da IVE dentro da rede sanitaria pública e a cargo da seguridade Social.

5) Pola incorporación da perspectiva de xénero e a erradicación dos estereotipos sexuais

- Presenza das mulleres nos proxectos de planificación urbanística para que se contemplen as demandas de vivendas, equipamentos e infraestruturas de acordo cunha perspectiva de xénero.

- Adxudicación de vivendas sociais segundo baremos sociais, que inclúa a valoración das mulleres con cargas familiares non compartidas, destinadas a mulleres con cargas

familiares non compartidas, vítimas de violencia con escasos recursos económicos, potenciando o parque público de vivendas en aluguer.

- Posta en marcha de programas destinados a potenciar actividades artísticas, culturais e de investigación das mulleres, tendo en conta a diversidade existente.
- No conxunto do marco educativo, garantir que se represente á muller como suxeito activo da Historia e da sociedade, eliminando os estereotipos que reproduzan modelos e actitudes sexistas.
- Poñer en práctica, de forma efectiva, un código anti-sexista nos medios de comunicación e a realización anual unha auditoria de xénero que afecte a contidos, protagonismos e papeis sociais das mulleres.

POLÍTICAS SOCIAIS



esquerda unida
izquierda unida

**ENSINO
SANIDADE
AUTONOMÍA PERSOAL
INMIGRACIÓN
MOCIDADE
DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL**

ENSINO

ESQUERDA UNIDA reafirma o seu **compromiso en defensa dunha escola pública e laica de calidade** como garantía do exercicio do dereito a unha ensinanza con garantías para todas as persoas de ser unha escola que procura a igualdade de oportunidades para todas as persoas.

ESQUERDA UNIDA entende que hoxe é posible desenvolver unha acción social e legislativa que revirta a situación actual e permita avanzar propostas a favor dun ensino público, científico, democrático e participativo, laico e coeducativo, isto é, unha ferramenta para acadar a igualdade social.

Eixos deste ensino serían a centralidade da escola pública para garantir unha educación para tod@s. O desenvolvemento dunha serie de medidas de calidade para a igualdade no sistema educativo, o que supón non só a equidade no acceso á educación, senón no proceso educativo e na súa culminación, mediante o emprego diferenciado dos recursos, ao poner máis onde máis se necesitan (reducción de ratios, atención a diversidade, medidas de compensación educativa, o estudio asistido, a apertura de centros fóra do horario escolar, o papel das bibliotecas, as aulas multimedia...). Un marco legal que favoreza unha praxe democrática e participativa nos centros de ensino. A defensa dunha escola pública laica. A defensa e recoñecemento dos traballador@s que participan na educación, e en particular do profesorado. Un ensino comprometido coa lingua galega, respectando de forma firme o decreto de normalización lingüística.

As liñas básicas en torno as cales se desenvolven as nosas medidas van desde unha firme aposta polo ensino público ata a dignificación do profesorado, pasando por un ensino laico e pola progresiva supresión dos concertos educativos coa patronal privada.

A Consellaría dirixida por Sánchez Piñón traballou na improvisación na aplicación da LOE. De feito, mentres se celebren estas Eleccións Autonómicas á Xunta de Galicia 2009, o Decreto de Educación Infantil segue sen publicarse. O do Bacharelato saíu cando o curso na ESO xa finalizara e cando, xa que logo, os orientadores desta etapa educativa non podían afrontar a tarefa de orientar pedagoxicamente aos alumnos e alumnas.

A Consellaría de Educación foi anunciando as modificacións curriculares (supresión dalgunhas materias, de forma exemplarizante) que eran coñecidas polo corpo docente afectado e pola comunidade educativa en xeral a través de rumores e notas de prensa. Foi así como se deron mobilizacións a favor da Educación Física, de Filosofía ou Música entre outras materias afectadas. A presión popular provocou que a Consellaría modificara as primeiras intencións.

Improvisación permanente que nos acompañou ao longo destes catro anos que coñeceron un incremento da burocratización na xestión dos centros educativos mediante un mal planificado *Programa de Préstamos de Libros de Texto* e outras tarefas que non deberan corresponder ao profesorado que exerce funcións administrativas. Neste sentido, é lamentable comprobar que son os centros públicos os que teñen que facerlle fronte ao pagamento da itinerancia do profesorado de relixión, cando debera ser a patronal eclesiástica xa dabondo beneficiada durante estes 4 anos polas feblezas e medos dos gobernos central e autonómico.

1. Aposta polo ensino público

Propoñemos, en primeiro lugar, a promulgación dunha **Lei de medidas para a extensión e mellora do ensino público**, que sirva para recuperar o seu prestixio e potenciar o seu

papel como eixo artellador do sistema educativo, mediante una **rede pública suficiente** que atenda a demanda educativa nas súas diferentes etapas e modalidades de ensinanza; e que conte cos recursos e servizos necesarios para garantir o **dereito a aprender** de todo o alumnado, especialmente nas etapas obrigatorias. Destacamos, entre outras, as seguintes propostas de actuación:

- Creación de centros públicos nos novos desenvolvementos urbanísticos. O *solo público só para o ensino público*.
- Prazas públicas suficientes de 0-3 anos para atender a demanda e para que non deriven ao ensino privado. Neste sentido, non ten razón de ser o tratamento diferenciado da Etapa de Educación Infantil que lle está dando a Xunta de Galicia: de 0-3, na Vicepresidencia de Igualdade e Benestar o e mediante un concurso-oposición cunhas valoracións cualificativas nada doadas de entender a non ser, claro está, que se busque favorecer certo tipo de prácticas clientelares; de 3-6, na Consellería de Educación e mediante un sistema de oposición (se ben este tamén debe modificarse para atender aos criterios de transparencia e igualdade de oportunidades). Esquerda Unida entende que toda a Etapa de Educación Infantil ten que ser tratada de forma unitaria, tanto no que se refire aos aspectos pedagóxicos como administrativos.
- Ampliar cuantitativa e cualitativamente a Formación Profesional e racionalizar o Mapa de Titulacións para que todo o potencial alumnado dispoña nun eixo territorial máis ou menos veciño (25 km-35km) dunha oferta o suficientemente ampla e plural para no sentirse empurrados ao sector privado.
- Redución da ratio a 20 alumnos por aula (ratio básica), redución que será menor nas materias de linguas estranxeiras (15 alumnos máximo), e nos primeiros niveis da ensinanza: adecuar a ratio á materia e ao nivel de ensinanza do alumnado.

- Medidas de prevención do fracaso escolar que segue estando nun preocupante 30% de abandono. Atención real á Diversidade. Dentro do horario escolar e da clase. O Decreto de Atención á Diversidade está lonxe de acadar o obxectivo de crear unha escola inclusiva. As medidas contempladas enfatizan a diferenza, ao alumnado “que ten problemas”. De aí que non compartamos a idea de sobrecargar o horario dos nenos e nenas coa actual filosofía dos reforzos educativos fóra do horario escolar. Dita sobrecarga alimentaría a sensación de rexeite cara a un sistema que o abafa. Tampouco estamos de acordo coa creación de centros de escolarización preferente, onde se situaría ao alumnado cun determinado tipo de necesidade educativa especial. Cómpre rachar con esta idea da diferenciación. Cómpre artellar solucións desde dentro á Diversidade.

É necesario formar ao corpo docente en Atención á Diversidade. Formación real e de obrigado cumprimento, en cursos que non sexan de simple reclamo para cubrir o expediente dos sexenios, senón que teñan contidos e que cumpran co criterio de ser avaliáveis. Dotaremos aos departamentos de Orientación con máis recursos humanos e materiais. Reduciremos a ratio das aulas con presenza de alumnado con necesidades educativas específicas. Respecto da optatividade, máis aló de criterios cuantitativos.

- Extensión dos servizos complementarios de transporte e comedor.
- Implantación da lingua portuguesa na educación secundaria obrigatoria.
- Consideración para nais e pais de deber público inexcusable a atención as actividades de formación en relación coa escola de seus fillos e fillas.
- Creación da figura do/a bibliotecario/a e do establecemento do sistema de acceso para esta praza. Ata agora, foron os mestres e profesores (ás veces os conserxes), quen de forma voluntaria, exerceron e exercen este labor de manter aberta a biblioteca escolar, nas súas horas libres. O mellor ou peor funcionamento das

bibliotecas nos centros escolares está ao albur da maior ou menor vontade, das ganas ou o interese que haxa por parte dos docentes e das posibilidades de cada un dos Centros educativos. De sorte que nalgúns centros educativos (os menos) a biblioteca é unha parte moi importante, mentres que noutros, segue a ser residual. No noso país, as bibliotecas escolares son aínda unha ficción. Os centros educativos foron incorporando moitas “novidades”: profesores de educación física, orientadores, auxiliares técnicos educativos, profesores de música..., pero as súas bibliotecas, se ben se dotan de fondos de forma periódica, seguen a estar sen bibliotecario que as organice, que ofrezca un servizo estable, que semente o amor pola lectura e fomenta o desenvolvemento das competencias no acceso, a comprensión e a avaliación da información. Resulta increíble que os responsables da educación non relacionen os ínfimos niveis de comprensión lectora que pon en evidencia o Informe PISA coa falta de bibliotecas escolares ou das dotacións necesarias (persoal, material, económico etc.) para facer que estas poidan desempeñar o labor que lles corresponde.

Por iso é polo que as bibliotecas (escolares, públicas e universitarias) teñen que repensar os seus roles e servizos para converterse en verdadeiros instrumentos para a cohesión social, a participación cidadá e o desenvolvemento local, cultural e económico. Esquerda Unida faise eco das esixenzas ditadas no **I Congreso Nacional de Bibliotecas Escolares** celebrado en Salamanca os días 18, 19 e 20 de outubro do 2006. En relación cos programas institucionais de bibliotecas escolares, nas conclusións do Congreso, ínstase ás administracións públicas competentes en materia educativa a crear a figura do responsable da biblioteca escolar, o cal debe ter as competencias pedagóxicas e documentais que permitan traballar conxuntamente co claustro de profesores, e avógase pola utilidade de dispor de estudos que analicen a

situación global das bibliotecas escolares e o seu impacto positivo nos resultados académicos.

- Gratuidade real de libros e materiais de aula.
- Potenciar o deporte escolar, o gran esquecido, desde a Xunta de Galicia, procurando ofrecer competicións sanas onde os nenos e nenas podan relacionarse de forma sana con outros compañeiros e compañeiras doutros centros. Cómpre facilitar o acceso dos nosos escolares ás instalacións deportivas existentes.

2. Progresiva supresión dos concertos educativos

En coherencia co anterior, propoñemos a modificación da normativa que sexa preciso con fin de suprimir os concertos educativos, establecendo unha **moratoria** e abrindo vías para avanzar cara a unha **rede única de centros públicos**. Propostas de actuación prioritarias:

- **Carácter subsidiario** dos concertos existentes respecto da rede pública. Ningún concerto onde existen prazas públicas suficientes.
- **Supresión de concertos aos centros que non cumpran** estritamente todos os requisitos legais **ou incorran en prácticas de selección ou discriminación do alumnado** por razóns socio-económicas, de sexo, ideoloxía, crenzas ou procedencia cultural.
- **Condicións equivalentes** ás dos centros públicos en **escolarización, xestión democrática e condicións laborais do profesorado** (en tanto que o profesorado formará parte do sistema público de nomeamento e acceso) e outros profesionais do ensino, incluído o seu acceso.
- **Incorporación progresiva á red pública**, mediante un proceso negociado de integración voluntaria.

3. Mellorar, dignificar e recoñecer o labor do profesorado e outros profesionais da educación

Outro bloque de medidas refírense ao profesorado e outros profesionais do ensino, cuxo labor resulta cada vez máis complexo debido á diversidade do alumnado, das súas familias e das crecentes demandas da nosa sociedade ao sistema educativo, que non pode nin debe limitarse a transmitir coñecementos máis ou menos especializados. Por iso, propoñemos, entre outras medidas:

- **Corpo único de profesorado**, a partir dunha formación inicial co mesmo grao académico e que teña en conta as distintas vertentes da función docente.
- **Aumento das plantillas** de persoal docente e non docente para unha efectiva atención á diversidade ao longo de toda a escolaridade. Limitación do número de alumnos e grupos a cargo de cada profesor.
- **Estabilidade laboral** para o profesorado interino.
- **Estatuto da función docente**, acordado cos sindicatos do profesorado, que regule o acceso, as condicións de traballo, de promoción e xubilación dos profesionais da educación pública.

4. Incrementar a autonomía, descentralización e participación democrática nos centros e nos distritos educativos

Propoñemos tamén medidas para avanzar na **democratización** do servizo público educativo, a través da súa descentralización en **distritos escolares** para impulsar a **participación** de todos os sectores da comunidade educativa na toma de decisións.

Algunhas propostas de actuación :

- **Creación de distritos escolares** con competencias en escolarización e planificación da oferta educativa do seu ámbito de actuación.
- **Elección democrática de Directores e representación equitativa** de todos os sectores da comunidade educativa nos Consellos Escolares
- **Autonomía efectiva dos centros** na organización e planificación das súas ensinanzas para responder ás necesidades e expectativas do seu alumnado.
- **Participación da comunidade escolar** en planificación educativa, potenciando asociacionismo e o papel dos Consellos Escolares de centro, municipais, de distrito, da Comunidade e do Estado.

5. A relixión fóra das aulas

Renovamos o compromiso de traballar para facer realidade XA un ensino público laico que respeta a liberdade de conciencia, eduque sen dogmas e elimine toda forma de adoutramento do currículo escolar. Por iso, presentamos e esiximos:

- Derogación inmediata dos acordos co Vaticano.
- Que a relixión estea fóra do currículo e saia do horario lectivo
- Que desapareza a simboloxía relixiosa dos centros escolares.

6. Unha Universidade pública ao servizo da sociedade nun Espazo Europeo de Educación Superior NON subordinado ao mercado

A reforma da LOU aprobada nesta lexislatura quedou a medias e, por riba, non conta cunha **financiación imprescindible** para que o proceso de converxencia nun Espazo Europeo de Educación Superior estea efectivamente centrado na renovación pedagóxica e non na subordinación aos intereses do mercado.

Estando a LOU xa aprobada, propoñemos a súa reforma, pero, en calquera caso, o que si quere facer Esquerda Unida é paralizar a implantación do chamado Plan Boloña mentres non se produza un amplo debate en todos os sectores afectados.

Galicia precisa unha racionalización do Mapa Universitario. O Plan Boloña engade máis problemas a un sistema que xa comezara a externalización de servizos e a comportarse como un provedor de servizos económicos a un cliente.

Propoñemos unha **completa a reforma da LOU**, establecendo o **corpo único docente**, a **representación democrática** de todos os sectores universitarios nos órganos de goberno, a **gratuidade dos estudos de Grado** e un sistema de **becas prioritario** sobre a política dos préstamos-renda que posibilite completar os estudos sen obstáculos derivados da orixe social e económica.

7. Aumento sostido dos recursos destinados a I+D+i

A pesar do esforzo inversor realizado nos últimos anos, a realidade é que seguimos moi por debaixo da media europea en gasto público dedicado a I+D+i. Ademais seguen computando aí os gastos relacionados coa produción e fabricación de armamento (un 27% do gasto total de I+D). As nosas propostas son:

- Destinar polo menos un **2% do PIB** a I+D+i
- **Aumento do persoal nun 50%.**
- **Contrato laboral para becarios de investigación**
- **Orientar todos os recursos de I+D a aplicacións civís.**

8. Un compromiso de financiación suficiente de todo o sistema educativo

Por último e como colofón, formulamos unha vez máis a necesidade inaprazable de garantir unha **financiación suficiente do sistema educativo** para dispoñer dos recursos imprescindibles que permitan asegurar a igualdade no dereito á educación desde a Educación Infantil ata a Universidade.

Esiximos que se destine o gasto público educativo cando menos o **6% do PIB nesta lexislatura**.

SANIDADE

A asistencia sanitaria de noso país, facilitada fundamentalmente polo Servizo Nacional de Saude, é, sen dúbida, un dos logros sociais máis importantes conseguidos desde a desaparición da ditadura franquista. Lembremos que en Galicia, con maioría de poboación campesiña sen seguridade social, máis da metade dos seus habitantes vivían con anguria polo temor a unha enfermidade que non podían afrontar por falta de recursos económicos. O camiño foi longo. Até 1986 non se aprobou a Lei de Sanidade e, en 1997, comenzou a súa financiación, case na súa totalidade con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Creábase así un Servizo Nacional de Saude público, universal, equitativo e gratuito. Socialmente progresivo ao ofrecer un servizo igual para todas as persoas, con independencia da súa achega a través dos impostos.

De maneira case simultánea á súa creación comezou a configurarse a necesaria descentralización do Estado e a aprobación dos sucesivos estatutos de autonomía, e as transferencias sanitarias. Moitas veces sen a financiación axeitada, coas conseguíntes débedas históricas, o que dificultaba a provision dos servizos autónomos de saude.

A Lei de cohesión e a creación do Consello Interterritorial, que pretendía coordinar os diversos servizos autónomos non solucionou apenas nada e transformouse nun campo de competencia e confrontación dos dous partidos que gobernaban a maioría das autonomías.

Os problemas foron facéndose cada vez máis importantes e máis difíciles de solucionar. As expectativas da cidadanía foron aumentando, moitas veces creadas artificialmente por intereses externos, comerciais, de laboratorios e vendedores de novas tecnoloxías, que van camiño de convertela en mera consumidora. Se lle engadimos o aumento da poboación asistida (Inmigrantes, turistas) e o envellecemento da poboación galega, produciuse un desaxuste cada vez maior entre as súas expectativas e a posibilidade do sistema para satisfacelas, por falta de financiamento, camas e persoal.

A Atención Primaria, que debería ser o pilar fundamental da asistencia sanitaria, así como da prevención e a educación para a saúde, a pesar do esforzo dos últimos anos para mellorar as súas estruturas e medios, está lonxe do papel artellador que ten que xogar, atendendo á case á totalidade da poboación enferma, que non necesitaría acudir ao Hospital.

Ante a grande magnitude destes problemas, a postura do PP foi a de deixar pasar e camiñar paseñadamente cara a privatización da sanidade vía provisión concertada dos servizos. Cando perderon o goberno do Estado avanzaron máis apresurados, si é posible, nas comunidades que gobernan. O espectáculo na Comunidade de Madrid onde asistimos a un constante empobrecemento do sistema público para xustificar así o fortalecemento do sector privado, é unha mostra evidente. En Galicia as facianas semellan menos duras, pero dáse un deterioro paulatino e constante da sanidade en tanto que servizo público.

Non podería ser doutra maneira. Ambos os dous partidos están integrados no mesmo sistema capitalista neoliberal culpable das guerras, da fame e das miserias que sofren milleiros de millóns de persoas. A Organización Mundial de Comercio (OMC), un dos instrumentos dese sistema xunto ao Fondo Monetario Internacional (FMI) e ao Banco Mundial (BM) esixe desde hai anos a privatización de todos os servizos públicos, entre eles o da sanidade, quizais a máis rendible para o capital. Só cun sistema socialista se pode evitar a desaparición dos servizos públicos. EEUU de América, a superpotencia mundial, e guía do capital mundial, carece del. No ano 2007 morreron por falta de asistencia médica máis de 150.000 persoas, segundo a testemuña de Vicente Navarro, un

dos técnicos en saúde máis prestixiosos do mundo, profesor até a súa xubilación na John Hopkins University de Baltimore.

ESQUERDA UNIDA propón, ademais da construción do socialismo:

- FINANCIACION suficiente que nos iguale á media da Europa dos 15.
- ESTUDO serio e científico das necesidades e prioridades para adecuar os servizos a estas.
- PERSOAL, aumento e adecuación das plantillas. Melloras salariais. Esixenza da Exclusividade.
- CAMAS. Aumentar a dotación por riba do 5 por mil como nos países máis desenvolvidos. En Galicia, hoxe, a duras penas chegamos ao 4 por mil. Precísanse camas en centros de crónicos, hoxe inexistentes. A maioría dos ingresos hospitalarios en camas de agudos son pacientes crónicos, anciáns con entradas frecuentes que poderían ser atendidos nestes centros.
- A creación dun **Organismo Central de compras de medicamentos** e de todo o necesario de utilización na sanidade pública para abaratar os custos da nosa sanidade e realizar unha mellor xestión das compras. Este organismo, como é lóxico, estaría participado por todas as CCAA, onde se desenvolven en teoría as competencias.
- A creación de **Oficinas de farmacia nos centros de saúde** que despachen os medicamentos recetados polos médicos. Esta medida encamiñase cara a un maior financiamento da sanidade pública –os beneficios que hoxe obteñen as farmacias– e unha maior utilización dos medicamentos xenéricos, que é ínfima con respecto ao que debera ser.
- Garantir aparcadoiros suficientes e gratuitos nos Hospitais.
- ÓRGANOS COLEXIADOS de dirección en cada centro.

- SISTEMAS TUTELADOS de avaliación clínica e tecnolóxica como existen xa en Francia e Inglaterra.
- EDUCACION, a curto e longo prazo da poboación nunha cultura de prevención da saúde e do uso correcto dos servizos, fármacos e tecnoloxías.
- INCREMENTO do gasto, hoxe moi cativo, na saúde non asistencial e na investigación.
- MELLORA e CONTROL na sanidade LABORAL, que hoxe parece inexistente sen apenas enfermos nin mortos orixinados por e nos centros de traballo. Exemplos hai dabondo nos asteleiros, pizarras, canteiras, construción, industrias químicas, insecticidas agrarios, traballadores da saúde, etc...
- ATENCION PRIMARIA, a protagonista fundamental, para curar e para non enfermarse, hoxe aínda non considerada axeitadamente. Investiremos para dotala das instalacións, persoal e tecnoloxía suficiente para convertila no LUGAR onde acudir para solucionar calquera problema de saúde.
- Buscar o mecanismo legal para impedir que hospitais privados, caso de POSIVA en Vigo, ou multinacionais como CAPIO en Madrid, sexan hospitais de referencia para as persoas de calquera zona do país. Unha cousa é un concerto privado para solventar escasezas ou problemas puntuais que teña a sanidade pública e outro moi distinto é o escándalo de políticas sanitarias privatizadoras como a do PP en Madrid.
- A creación dun **Centro Estatal Farmacéutico** que investigue novos medicamentos en conexión cos importantes avances científicos (células madre etc). Non é de recibo deixar algo tan fundamental como a saúde das persoas en mans privadas.
- Incluír nas carteiras de servizos de atención primaria, urxencias e saúde mental a atención á violencia de xénero, que garanta tamén o acceso dos seus fillos e fillas a un tratamento psicolóxico.

- Incluir a violencia de xénero como un grave problema de saúde pública no Plan de Saúde.

PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL EN SITUACIÓNS DE DEPENDENCIA

Levamos varios anos, case dúas décadas, dun contiuado proceso de valoración da promoción da Autonomía Persoal e da análise das diversas situacións de dependencia. Desde o **Plan Xerontolóxico (1992-1997)**, ata a aprobación da **Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia** o 29 de novembro de 2006, pasando pola presentación en decembro de 2004 do **Libro Branco de Atencións ás Persoas en Situación de Dependencia en España**. Moitos anos, xa que logo, para que as administracións públicas do Estado e de Galicia tivesen traballado arreo de forma racional, equilibrada e xusta para que dita promoción acadase o estatus de universal e gratuita en tanto que Dereito. Pero non sucede así: por unha banda, a Lei establece a fórmula do copago, fixando unha proporción que deberá pagar o beneficiario do sistema de axuda, polo que deixa de ser gratuita; pola outra, a maquinaria burocrática da “gaiola de aceiro” das Administracións encárgase de frear a súa universalización ao acceso do sistema de axudas, establecendo problemas, demorando valoracións, dilatando a concesión efectiva das axudas, desconsiderando o espectro global das situacións de dependencia –que semellan cingirse ao das persoas maiores, obviando outras situacións-, e, sobre todo, enfatizando máis a “dependencia” que a “autonomía”.

A Lei, a proposta do noso grupo parlamentario, incorporou sensibles melloras que fixeron a lei máis aceptable:

- Recoñecemento expreso do dereito subxectivo e esixible administrativa e xuridicamente, incluídos os menores de 0 a 3 anos.

- Sistema de carácter público que integra de forma coordinada centros e servizos públicos concertados.
- Recoñecemento da enfermidade mental e discapacidade intelectual como situación de dependencia.
- Catálogo de servizos e prestacións básicas iguais en todo o territorio e financiados polo estado ampliables polas CC.AA.

No entanto, aínda quedan importantes atrancos que sortear e unha decidida vontade política nunha dirección: garantir unha provisión pública deses servizos. Evitar o camiño cara a privatización pola vía da concertación con entidades privadas. Este é o camiño que seguiu a consellería de Vicepresidencia, co Consorcio Galego de Servizos Sociais. A visión que se traslada aos concellos é de serio perigo de privatización dos servizos sociais. Así, acontece, por poñer un exemplo ilustrativo, en Compostela, onde xa se constituiu unha Plataforma en defensa dos servizos públicos e en contra da creación do Instituto de Benestar Social, unha porta aberta á privatización. A demora na aplicación da Lei, debido a unha pesada burocratización, acompáñase en Galicia da posta en práctica de fundacións privadas que, ao ser loxicamente empresas, o que procuran é rendibilidade económica e beneficios empresariais.

Para Esquerda Unida é fundamental que esta Lei dependa de forma plena do sistema público, tanto na titularidade como na xestión. Así, poderase garantir unhas regras de xogo limpas, combatir a atomización laboral, o clientelismo e a especulación. Só o carácter plenamente público, xestionado de forma eficaz e eficiente, con recursos suficientes, pode garantir a calidade no servizo a prestar. Por iso, a posta en marcha definitiva da Lei debe servir para a creación dos postos de traballo que se precisen para poder atender á poboación galega como se merece.

As carencias na aplicación da Lei procuráronse camuflar desde Vicepresidencia co aproveitamento de diñeiro público para desenvolver estratexias de propaganda institucional, pero sobre todo partidista, encargando publireportaxes nos medios de comunicación e coas escenas habituais de “baile e empanada” nas festas das persoas maiores no mellor mantemento da memoria Fraga.

Pero esta propaganda, non obstante, é insuficiente cando se detalla polo miúdo, coa obxectividade que ás veces conceden os datos numéricos, a realidade do desenvolvemento da promoción da Autonomía Persoal e da cobertura social ás persoas en situación de dependencia. E iso que os números tampouco son doados de obter debido á deficitaria transparencia dos mesmos nas páxinas web dos organismos oficiais con competencia neste eido.

O consorcio de Servizos Sociais, no que están Xunta de Galicia e os Concellos que decidiran adherirse, anotou, logo da súa creación, que se construírían e equiparían 55 Centros de Día durante a lexislatura, pero a realidade dos números reflicte que non se acadaron os obxectivos. Todo o contrario.

Crearon:

| | Prazas RS | Prazas CD | Plazas CV |
|-----------------------------|--------------|--------------|--------------|
| TOTAL A CORUÑA | 72 | 213 | 36 |
| TOTAL LUGO | 0 | 123 | 20 |
| TOTAL OURENSE | 52 | 180 | 18 |
| TOTAL PONTEVEDRA | 12 | 173 | 0 |
| TOTAL Prazas GALICIA | 136 | 689 | 74 |

En Galicia, ademais, o Bipartito contribuíu non só a feminizar o traballo de asistencia a persoas con dependencia, senón a facelo coas mulleres da familia, a cambio dunha

remuneración simbólica que non recobre o sacrificio realizado. Un reclusión voluntaria/forzosa da muller para atender a un familiar. Unha comercialización do sentido do coidado, no fondo, seguir perpetuando un rol ao que a tradición relegaba á muller e agora, en pleno século XXI, son as administracións públicas as que apoian economicamente ao que ditaba a tradición patriarcal.

De feito, pódese dicir que é o dato realmente coñecido no desenvolvemento da lei. Eis como se reflicte a situación en xaneiro de 2009.



CONVENIO ESPECIAL DE COIDADORES NON PROFESIONALES DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

15 DE XANEIRO DE 2009

| ÁMBITO TERRITORIAL | Resultos | |
|----------------------|--------------|--------------|
| | OBRIGATORIOS | VOLUNTARIOS* |
| TOTAL GALICIA | 2501 | |
| CORUÑA | 823 | 12 |
| LUGO | 392 | 7 |
| OURENSE | 564 | 8 |
| PONTEVEDRA | 722 | 6 |
| TOTAL ESTADO | 44088 | 201 |

| | Total | % | edad | Total | % |
|----------------|--------------|----------------|---------------------------|--------------|----------------|
| HOMES | 2273 | 5,15 % | Menos de 50 anos | 20390 | 46,25 % |
| MUIIERS | 41815 | 94,85 % | Entre 51 e 55 anos | 7522 | 17,06 % |
| TOTAL | 44088 | | Entre 56 e 60 anos | 7329 | 16,62 % |
| | | | Máis de 60 anos | 8847 | 20,07 % |

No entanto a Lei consigna de forma clara na súa formulación estatal e galega que a remuneración para coidados no contorno familiar será **excepcional**.

Articulo 14

4. El beneficiario podrá, excepcionalmente, recibir una prestación económica para ser atendido por cuidadores no profesionales, siempre que se den condiciones adecuadas de convivencia y de habitabilidad de la vivienda y así lo establezca su Programa Individual de Atención.

Artigo 8.2.d

d) Excepcionalmente, a libranza para coidados no contorno familiar, cando a persoa beneficiaria sexa atendida no seu contorno familiar e se reúnan as condicións axeitadas de convivencia e habitabilidade da vivenda, con indicación dos datos persoais da persoa coidadora e demais condicións específicas de acceso a dita prestación

Para percibir as prestacións non chega con estar valorado, requírese o Plan Individual de

| | Prestacións recoñecidas a 9-01-2009 | Prestacións Libro Branco | Prestacións totais % Galicia | Prestacións totais % País Vasco |
|---------------|--|-------------------------------------|---|--|
| RS | 3122 | 27758 | 4980 | 9798 |
| CD | 477 | 1654 | 760 | 4257 |
| AD | 2464 | 1947 | 3928 | 5873 |
| AP | 31 | 596 | 51 | 172 |
| At.inf | 14228 | 1973 | 22687 | 10253 |
| TA | 114 | 0 | 182 | 2690 |
| PVS | 841 | 0 | 1340 | 885 |
| TOTAL | 21277 | 33928 | 33928 | 33928 |

Atención (PIA) e a fixación do copago que lle corresponde afrontar ao beneficiario. O seguinte cadro permite percibir mellor onde estamos:

Recoñécéronse até o de agora en Galicia 21277 prestacións nas diferentes modalidades, en calquera caso lonxe do fixado polo Libro Branco. A distribución das prestacións por provincias é a seguinte:

Sogaserso: afirman que crearán 8 residencias: 1170 prazas

| | Plazas |
|------------------------|-------------|
| Residencia de Vimianzo | 150 |
| Residencia Ferrol | 150 |
| Residencia Vigo | 150 |
| Residencia Monforte | 150 |
| Residencia Ourense | 150 |
| Residencia A Mariña | 150 |
| Residencia Pontevedra | 120 |
| Residencia Santiago | 150 |
| TOTAL GALICIA | 1170 |

E que comezarán a funcionar: 2º semestre 2008

Crearon : ¡ 0 ¡

Só está en obras Vimianzo.

Compraron (cambio de titularidade):

Fundación Residencia Chantada. 193 prazas.

Residencia persoas maiores de Bande: 50 prazas.

O plan de propaganda institucional de Vicepresidencia desmóntase por si só. Prazas públicas, realmente públicas: 0. O que fixeron foi acoller o privado e cambiarlle a titularidade co que tamén acolleron ás persoas que xa estaban sendo tratadas no seu interior. Incrementaron números como se fosen de nova creación.

Enfatizando as eivas da aplicación da Lei, como se dixo antes, desde as institucións públicas se insitiu máis na dependencia que en procurar medidas que permitan acadar a autonomía das persoas, tal como denuncia VIGALICIA. De feito, as persoas con

diversidade funcional non queren, en ningún momento, que se adoiten cara eles actitudes paternalistas, senón que queren xusto o contrario e poder vivir no seo da comunidade.

O concepto de dependencia e as medidas ideadas por Vicepresidencia cinguíronse a unha determinada situación –grave polas altas taxas e a inexistencia de prazas realmente públicas despois de 4 anos de xestión de Vicepresidencia-, ao das demencias e enfermidades mentais en persoas maiores. Por iso, é moi importante incorporar medidas para que as persoas con diversidade funcional teñan acceso a programas de axuda que realmente desenvolvan a súa autonomía persoal.

Tendo en conta o que di a orde do 17 de decembro de 2007, onde se establecen os criterios para a elaboración do PIA (Programa Individual de Atención), e onde se especifican os diversos servizos e os dereitos aos que se opta, condiciónase todo “a la efectividad del acceso al servicio y/o prestación económica del sistema para la autonomía y atención a la dependencia en la Comunidad Autónoma de Galicia determinados en la resolución de reconocimiento **a la aprobación del correspondiente Programa individual de atención, que deberá producirse en el plazo máximo de seis meses desde la notificación de la citada resolución a la persona interesada.**” (o subliñado é noso). Ante esta circunstancia, de dilatada burocratización do dereito, cabe rexeitar a actual demora na concesión efectiva das axudas, demora que acada os 6 meses por riba do prazo establecido pola orde citada.

Por riba, a pesar de que a propia norma di que se priorizará o acceso aos servizos (“En todo caso, los servicios tendrán carácter prioritario respecto de las prestaciones económicas”, artigo 10.4), o certo é que o que prevalece é o pago económico. E, no caso de Galicia, pago destinado a feminizar o coidado xa que se destina a contratar a unha muller familiar directa da persoa que deba ser beneficiaria do acceso aos servizos.

Por iso, Esquerda Unida propón:

- A redución do prazo de aplicación da lei en canto á cobertura total de todas as persoas dependentes.
- Financiación suficiente, estable e sostida no tempo.
- Elevar as contías de prestación propostas polo goberno para o ano 2009 correspondentes ao grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2, así como a contia en concepto de asistencia persoal e a contia dos cuidadores informais.
- Reducir a burocracia que impide dar solución aos casos de dependentes máis graves que mesmo provocaron, nestes días, unha denuncia ante os tribunais por incumprimento das súa obrigas a Quintana e Touriño.
- Acelerar o proceso de creación de centros de Día públicos e outros espazos de respiro familiar.
- Realizar un mapa xeográfico de actuacións prioritarias en canto a provisión de recursos.

SERVIZOS SOCIAIS

A integración social e a normalización esixen tamén unhas condicións obxectivas de accesibilidade e emprego. Condicións que, hoxe, estamos lonxe de acadar. Os servizos sociais teñen que ir máis aló da coñecida como Lei de Dependencia e teñen que converterse realmente no Cuarto Piar dunha verdadeira política de igualdade de oportunidades prestada desde as Administracións Públicas.

Os Orzamentos Xerais do Estado contemplarán unha partida específica e nova para a financiación dos programas do Plan Nacional para a Inclusión Social.

Para evitarmos indesexadas asociacións derivadas da redución de recursos sociais, cómpre aumentar as dotacións para que ningún colectivo social se sinta discriminado pola prestación de servizos.

A federalidade, que implica xustiza e solidariedade interterritorial, indícanos que debemos vixiar pola equidade de prestacións dentro do Estado sen mimetismos nin uniformismos infructíferos pero coa conciencia clara e a vontade política de acadar a igualdade de dereitos que a Constitución inspira.

En Galicia, por exemplo, estase dando a situación, paradoxal, de que hai galegos e galegas que se poden ver beneficiados porque seu Concello pertence a un Consorcio de Benestar Social, pero, ao mesmo tempo, se o seu Concello, normalmente por ser de signo político distinto, se opón a integrarse en dito Consorcio, pode suceder que se vexan privados de ditos beneficios. Esta política, por suposto, é contraria ao que debe ser a acción dunha Administración Pública que debe prestar o servizo de forma xusta a todas as persoas. Por iso, reclamamos a disolución de dito Consorcio.

Insistimos, ante a distribución competencial derivada da nosa Carta Magna, convén establecer con claridade os cometidos que desde a Administración Xeral do Estado deben asumirse para a plena consolidación e desenvolvemento do sistema público de servizos sociais. Por iso, se a responsabilidade efectiva da competencia recae na Xunta de Galicia, onde se artella unha descentralización consecuenta nos municipios, o papel do Ministerio correspondente debe centrarse na formulación de programas transversais que impulsen a calidade do sistema e o seu desenvolvemento técnico, amais da iniciativa lexislativa que en cada momento sexa preciso.

INMIGRACIÓN

Esquerda Unida leva anos denunciando a situación de desamparo que provocou e segue provocando a Lei de Estranxeiría 14/2003. De feito, agora, coa proposta do goberno Zapatero as condicións endurecéense, seguindo as directrices da vergoñenta Directiva de Retorno.

Dentro do marco competencial actual, do que agora se olla unha apertura ao permitir que sexan as CC.AA. as concedan as autorizacións de traballo, cómpre destacar a nula capacidade do bipartito para poñer en marcha o *Plan Galego de Inmigración*. Os grandilocuentes discursos e as fotos para a galería non agochan unha dura realidade que persigue as persoas migrantes como chivos expiatorios: e aí está o que catalogamos como comportamentos esquizoides tales como solicitar a documentación ás persoas connotadas etnicamente nas estacións de autobuses, nas estacións de tren ou mesmo, paroxismo dunha conduta xenófoba, en centros de saúde.

Cómpre destacar o continuismo con respecto á era Fraga: segue vencellándose inmigración coa emigración galega no exterior. Durante a última lexislatura de Manuel Fraga créase unha Consellaría de Emigración, que, de forma subsidiaria se ocupaba de actuacións de tipo asistencial coa poboación inmigrante en Galicia. O goberno bipartito seguiu esta tendencia transformando a Consellaría en Secretaría Xeral de Emigración.

Cómpre destacar o continuismo con respecto á era Fraga: segue vencellándose inmigración coa emigración galega no exterior. Durante a última lexislatura de Manuel Fraga créase unha Consellaría de Emigración, que, de forma subsidiaria se ocupaba de actuacións de tipo asistencial coa poboación inmigrante en Galicia. No último goberno Fraga, consituíuse un chamado **Observatorio Galego do Racismo e a Xenofobia** que contou cunha pequena representación de asociacións de inmigrantes ou que traballan a

prol da inmigración e que puxo en marcha un proceso para elaborar un Plan Galego de Inmigración. O proceso deseñado foi o habitual para a administración nestes casos encargar un estudo coas correspondentes orientacións para elaborar o Plan a unha empresa privada.

O cambio de goberno supuxo continuar e rematar ese proceso. Esquerda Unida, desde o Foro Galego da Inmigración, reclamou en moitas ocasións participar na elaboración do Borrador do Plan, mesmo solicitou unha xuntanza co secretario de Emigración, Manuel Lois Rodríguez, pero as portas semella que están pechadas para a sociedade civil organizada e máis, se cabe, para a esquerda política.

O mesmo cabe dicir do proceso de constitución dun **Consello Galego de Inmigración**, que rematou por facerse efectivo en febreiro do presente ano 2007, que permite unha maior participación de entidades e asociacións venecelladas coa inmigración máis os tres sindicatos grandes, **pero que segue copado e dominado por membros dos diferentes departamentos do goberno autónomico.**

O Plan Galego de Inmigración, como sinalamos no seu momento, ben de forma individual, ben de de forma colectiva cos movementos asociativos migrantes, representa unha poldra inestable no río da integración: hai notables ausencias que fan que o Plan se quede sen planificación. En efecto, fáltalle unha cronografía detallada de cómo levar a cabo as actuacións recollidas nas 13 áreas de intervención (Acollida, Atención e Garantías Xurídicas, Benestar social, Saude, Vivenda, Educación, Emprego, Participación Cidadá, Codesenvolvemento, Muller, Sensibilización Social, Convivencia Intercultural e Mocidade). Non se especifica nin como, nin cando, nin onde, nin quen, nin canto e nin con que. Tampouco se especifica a distribución xeográfica das mesmas; tampouco a quen corresponde desenvolver as mesmas, ou unha cuantificación das actuacións previstas.

No estado actual trátase dun non-Plan. A ausencia dunha memoria orzamentaria indica o máis que previsible defecto de todos os Plans e Leis do goberno bipartito: ausencia ou carencias no desenvolvemento por falta de recursos de todo tipo.

Para Esquerda Unida será prioritario que tanto Consello Galego como Plan Galego de Inmigración sexan realmente expresión da pluralidade existente en Galicia en todos os eidos asociativos, e que non se quede detrás das cancelas pechadas de San Caetano.

A inexistencia dunha regularización ordinaria no país de acollida segue sendo o motivo máis grave para derogar a Lei de Estranxeiría. Esquerda Unida presionará desde a Xunta para que así sexa. Mentres non academos ese obxectivo, cómpre loitar para introducir reformas que beneficien ás persoas migrantes e limiten o alcance policial e represor da Lei.

Como organización vencellada aos movementos sociais, agrupados ao redor do Foro de Inmigración, Esquerda Unida quere erixirse en voceira das persoas migrantes establecidas en Galicia, tanto as que están en situación regular como irregular desde o punto de vista administrativo. Esquerda Unida non se esquece das persoas que están en situación irregular, hoxe condeadas ao medo permanente por seren tratadas como delincuentes pola Administración Pública e condeadas a sobrevivir da economía mergullada (estratexia adoptada con gusto pola patronal cando está en vacas gordas). Antes de proceder a un procedemento de expulsión ao seu país –decisión de retorno, chámanlle na modificación-, debemos ofrecer a dita persoa a posibilidade de regularizar a súa situación de forma ordinaria. Todas as persoas migrantes, con independencia da súa situación gozarán da igualdade de acceso aos servizos públicos básicos. Esquerda Unida será esixente nestas garantías no caso de mulleres migrantes explotadas sexualmente ou maltratadas.

Esquerda Unida asume o compromiso de facer súas as demandas da sociedade civil migrante realizadas logo da I Asemblea do Foro Galego de Inmigración.

Área de Emprego:

1.- Cómpre mudar o sistema de continxentes actual. É preciso un modelo **razoable e plenamente entroncado coa realidade económica e laboral de Galicia**. Agora que se contemplará a posibilidade de que as comunidades autónomas emitan elas mesmas as autorizacións, faise importante que o modelo sexa flexible e adaptado cronoloxicamente ás necesidades que vaian xurdindo ao longo de todo o ano. Por iso, optamos por un continxente que contemple tres realidades: estatal, autonómico e provincial. O mesmo acontecerá cos Catálogos de Difícil Cobertura.

2.- Os servizos públicos de emprego deben ofertar cando sexa necesario recursos específicos nos ámbitos da orientación, formación, reciclaxe profesional, acceso a prestacións, etc , e garantir a plena integración da poboación traballadora inmigrante nos ordinarios. **Salientou a Asemblea a necesidade de que os e as traballadoras inmigrantes, independentemente da súa situación administrativa, puideran acceder aos curso de formación ocupacional do plano FIP.**

3.- As profesións catalogadas de difícil cobertura deben adaptarse plenamente á realidade do mercado de traballo de cada provincia, recollendo de forma ampla as demandas realmente existentes.

4.- Os estudos estatísticos amosan que os e as traballadores e traballadoras inmigrantes perciben moita menor retribución e soportan peores condicións laborais que a poboación traballadora autóctona, Esquerda Unida traballará para evitar esta discriminación.

5.- As administracións públicas deben potenciar entre o empresariado, como no resto da sociedade, unha imaxe positiva e constructiva do e da traballador e traballadora inmigrante. As administracións públicas deben perseguir con todo os medios ao seu

alcance, e incrementándolos cando non sexan suficientes, o traballo irregular e a explotación laboral dos e das traballadores e traballadoras inmigrantes.

Área de Servizos Públicos

1.- O Compromiso da administración autonómica e das administración locais para garantir o acceso da poboación inmigrante – tamén da que se atopa en situación de irregularidade administrativa – en plenas condicións de igualdade a todo os servizos públicos e de xeito especial aos servizos sociais: garderías, prestacións, asesoramento xurídico, programas de conciliación de vida laboral e familiar, coidado e atención de persoa dependentes, etc .

Neste senso para Esquerda Unida é fundamental que a Lei de Servizos Sociais inclúa de forma específica na súa base 4, á poboación inmigrante residente en Galicia, con independencia da súa situación de regularidade ou irregularidade administrativa, como persoas con dereito a acceder ao sistema galego de servizos sociais que establece a Lei.

2.- Esquerda Unida traballará para a posta en marcha dende os concellos, ou entes comarcais nas zonas rurais, de oficinas públicas de atención e asesoramento con servizos gratuitos de asesoría e representación legal se é necesario.

3.- Tendo constatado a Asemblea a necesidade de que o persoal administrativo estea o suficientemente preparado a nivel técnico para atender as demandas da poboación inmigrante, tanto o específico, como o destinado aos servizos públicos en xeral, Esquerda Unida velará pola formación en interculturalidade e materia migratoria do persoal administrativo.

Área de Educación

1.- Elaborar un Plan de Acolida para Alumnado Inmigrante no ensino non universitario, que sería concretado polo Centro Educativo. Dito Plan deberá implicar ás autoridades do Concello, á familia, e á Dirección do Centro e ao equipo do Dpto. de Orientación do mesmo, e deberá conter:

- a. unha información clara sobre a organización do centro;
- b. as peculiaridades do mesmo;
- c. as características da zona;
- d. as medidas curriculares contempladas;
- e. a forma de contrarrestar o currículo oculto (as actitudes e crenzas do profesorado, materiais, recursos, etc) que fomenta a xenofobia, o racismo, a discriminación; etc.
- f. no caso de precisarse un intérprete, éste deberá ser achegado polas autoridades educativas da zona.

2.- **Conceder a todo alumno ou alumna que conclúa os estudos na etapa postobrigatoria (ciclos formativos, educación para adultos,...) con éxito e aproveitamento os pertinentes títulos acreditativos, con independencia da situación administrativa.**

3.- Establecer unha ratio nos centros da rede pública equilibrada para a acolida de alumnado inmigrante, veña cando veña. Formar á clase profesoral en educación intercultural e coeducación, transmitindo enfoques, programas, métodos, experiencias, etc. e incrementando os recursos materiais e humanos. Resaltou de forma específica a Asemblea que nese enfoque intercultural é importante a presenza do continente africano e dos seus habitantes, fuxíndo dos tópicos máis habituais (poboación en taparabos, animais salvaxes, etc). Tamén facer referencia a colonización española

nese continente. Finalmente eliminar referencias – día negro, traballo en negro- que identifican esa cor con conceptos negativos.

-Aplicar un criterio de calidade e non de cantidade á hora de conceder un profesor de apoio á alfabetización no caso de alumnado que ignora as dúas linguas de Galicia;

- Flexibilizar os pasos para a consecución do graduado no caso de alumnado que vén cunha idade superior á dos 16 anos. A causa das homologacións e do criterio etnocentrista que os relega un ou dous cursos inferiores ao que lle corresponde, é moi doado que o alumnado experimente unha deslocalización acusada. O descoñecemento das linguas non significa ignorancia ou incapacidade formativa nos conceptos das distintas materias.

- Tras o período de alfabetización e tras o primeiro curso de “integración”, deberíase conceder a posibilidade de acceder ao curso que lle corresponde por idade, ou, en todo caso, ver que procedemento lle permitiría a consecución do graduado escolar.

4.- O alumnado universitario debe dispoñer tamén dun Plan de Acollida elaborado polas propias Universidades que inclúa:

- Un guía, ou unha asociación ou un titor que nos dous primeiros anos asesore de forma permanente ao alumnado inmigrante.

- Flexibilizar o abono das taxas académicas, prolongando os prazos actuais de Febreiro, ata Xuño, e incluíndo a oferta de formas de pago complementarias mediante traballos na universidade ou ONGs. Hai que ter en conta que os gastos de manutención e aluguer son máis gravosos para este colectivo que ten as súas familias- xeralmente- moi lonxe.

- Acceso a bolsas de estudio en condicións de igualdade, tendo en conta que a presentación de declaración da renda ou outros xustificantes de ingresos pode resultar un tramite moito máis complexo.

- Facilitade á hora de solicitar créditos de estudio, acceso a ordenadores, etc.

5.- As Universidades de Galicia deben permitir aos estudantes universitarios con permiso de estancia por estudos optar á devolución dos prezos públicos de matrícula en igualdade de condicións cos demais estudantes universitarios con baixos ingresos, tendo en conta que isto se permite aos estudantes universitarios inmigrantes con residencia. As Universidades de Galicia deben informar de forma clara e efectiva sobre as homologacións entre os distintos sistemas educativos e facilitar os trámites burocráticos para a súa formalización, permitindo flexibilizar a súa matriculación ata coñecer o resultado da homologación.

Area de Integración

1.- Establecer unha **única cidadanía**, definida a través dos dereitos, deberes e liberdades, sen exclusións, **e como tal debe figurar no novo Estatuto de Galicia.**

2.- Establecer as liñas mestras dunha política de integración construída de forma transversal, e artellada en base á participación activa dos colectivos veciñais e das propias asociacións de inmigrantes, coa fin de deseñar os alicerces da sociedade intercultural. A concreción desta participación debería reflectirse nos Consellos de Migración tanto autonómico como locais, cuxa consecuencia máis directa sería a elaboración de Plans Galegos de Migración.

3.- Dispoñer dun fondo de axudas sociais máis amplo que permita a converxencia de Galicia con España e con Europa. O seu aumento, necesario en canto a que España e Galicia son das que menos invirten en gasto social de toda a UE, permitirá rachar coa percepción de “competitividade” polas axudas.

4.- Declarar de xeito oficial un día ao ano, no que se permitan e promovan mostras interculturais nos colexios, barrios, cidades, etc..

Area de Retorno

1.- Esiximos puntos de información veraz nos Consulados e fóra destas oficinas de representación nos países de emigración, na que as persoas emigrantes retornadas coñezan a realidade sócioeconómica e laboral en Galiza. Esiximos unha política de información non electoralizada.

2.- Reclamamos programas de inserción sociolaboral que teñan verdadeira saída laboral, e que non supoñan iniciativas que axudan a este fin a longo prazo. Cremos conveniente que se fagan iniciativas de accións formativas en terreos laborais onde haxa demanda.

3.-- Reclamamos unha maior participación na administración local nos Concellos nos que se reside logo do retorno. Igualmente solicitamos participar nos organismos de carácter autonómico que co fin de Emigración se teñan creado ou sexa de pronta creación.

4.- **Recoñecer a situación das mulleres retornadas que non fixeron aportes á Seguridade Social por adicarse a traballar como amas de casa**

Area de Vivenda

Elaboración por parte da Xunta de Galicia, xunto cos concellos galegos dun Plan Integral de Vivenda para a poboación inmigrante que incorporará os seguintes aspectos:

1.- Non diferenciar o **acceso a bolsas de vivenda** pola situación administrativa das persoas, é dicir, que a circunstancia de **irregularidade** administrativa non sexa unha limitación para residir nunha vivenda digna.

2. Permitir a sinatura de contratos mesmo en condicións de irregularidade administrativa, para evitar abusos e condicións de marxinalidade.

3. Elaborar unha política de vivenda social que non implique só a persoas migrantes, senón a toda **poboación local vulnerable**, para evitar o rexeite ou a competencia social e que, polo tanto, a vivenda sexa un factor de integración social.
4. Diseñar un Programa de **Inmobiliaria Social** no que se contemplarán os seguintes obxectivos: Dar **garantías** aos posibles arrendadores/propietarios; colaborar coa procura de vivenda; dar información e asesoramento sobre as posibilidades de aloxamento, direccións, características, prezo; realizar acompañamento dos inquilinos na visita ás vivendas; facer recepción de ofertas e demandas de aloxamento; informar a propietarios e inquilinos/compradores de deberes e dereitos segundo a lexislación; achegar orientación e asesoramento xurídico ao propietario/a e á persoa migrante.
5. Promover un **Programa de Mediadores de Vivenda**, que teña como obxetivos: servir como intermediadores culturais nos asuntos relativos á vivenda; facilitar información sobre os servizos de acceso; realizar labores de formación, acompañamento e seguemento, tanto dos receptores dos servizos como dos veciños dos barrios con maior presenza de persoas inmigrantes, cara a unha axeitada integración social; dinamizar a participación dos novos veciños no tecido asociativo do barrio; orientar sobre o aproveitamento doutros servizos públicos e privados, que garantan o benestar de veciños e veciñas.
6. Desenvolver programas **globais de rehabilitación de vivendas deshabitadas** no que participen migrantes e poboación de acollida, nos que se apoie de maneira integral ás persoas en educación, saúde, cultura, etc. Y que impliquen unha dispersión territorial, pero con coordinación entre os diferentes axentes e o traballo cos veciños dos barrios.
7. A **coordinación das actuacións da administración pública** coas diferentes asociacións que traballan con migrantes como punto clave para a rentabilidade dos recursos e o éxito das intervencións.

8. **Elaboración** dunha guía informativa completa onde se expliciten as prácticas sociais reguladas e as non reguladas, que se relacionan co alugueiro ou compra de vivenda: p.e. empadramento, prezos, seguros, hipotecas, formas de afrontar incidencias, formas de organización vecinal, asignación de colexios públicos, acondicionamentos básicos e hixienización, uso de áreas comúns etc.

9. Promover o alugueiro de vivenda a colectivos en risco de exclusión social.

Area de Muller

1.- Actuacións de xénero en campos específicos onde a situación de discriminación da muller inmigrante resulta máis evidente: integración socio-laboral; recoñecemento da situación das mulleres retornadas que non fixeron aportes á Seguridade Social por adicarse a traballar como amas de casa; violencia de xenero ou exercicio da prostitución, **garantindo o acceso en condicións de igualdade, independentemente da situación de irregularidade administrativa, a servizos, recursos e axudas públicas. Especialmente garantir o acceso ao chamado “salario da liberade” no caso de situacións de violencia de xenero.**

2.- Esquerda Unida velará pola especial protección das mulleres migrantes sometidas a explotación sexual. Neste eido, de forma contraria ao que acontece hoxe, e promovendo a figura da regularización ordinaria por motivos humanitarios, ofrecerase acceso aos mecanismos de protección social, formación e acceso aos servizos públicos e inserción no mercado laboral.

3. Máis de dous anos despois da entrada en vigor da Lei Integral, segue existindo unha falta de adecuación das medidas de asistencia, como as casas de acollida, ás necesidades das vítimas de violencia de xénero, así como a falta de cumprimento das tres condicións básicas para a súa efectividade: dispoñibilidade (os recursos seguen sendo

insuficientes en número e están repartidos de forma desigual), accesibilidade (continúan as restricións ó acceso de determinados colectivos de mulleres) e calidade (non existen controis de calidade eficaces da xestión do recurso dende a institución responsable).

Faltan, igualmente, nas Comunidades Autónomas medidas específicas para garantir os dereitos humanos das mulleres pertencentes a colectivos especialmente vulnerables, como son mulleres inmigrantes, mulleres maiores, mulleres do medio rural e as pertencentes a minorías étnicas como a xitana.

Renovación do Empadramento

Para Esquerda Unida será unha obriga rematar con esta práctica discriminatoria, por iso, o primeiro será:

- 1.- Se asume o goberno, suprimir esta norma. En caso contrario, desde a oposición, animar a que os concellos galegos asuman con carácter crítico o principio de autonomía municipal, tal como proclama o borrador do Libro branco para a reforma do goberno local en España;
- 2.- Elevar ao Goberno da Xunta de Galicia a necesidade de suprimir a norma do reempadronamento;
- 3.- Respetar o principio tantas veces proclamado de cidadanía municipal e asumir a responsabilidade política e social de crear unha cidadanía sen exclusións.
- 4.- Realizar plans locais destinados á formación dunha sociedade intercultural contando coa participación de todos os sectores sociais da vida municipal, desde un enfoque transversal, para implicar a todas as concellarías.
- 5- Impedimento para que o padrón se poda empregar de forma policial.

Naturalmente Esquerda Unida solicitará ao Parlamento e a Xunta de Galiza inste ao goberno central á derogación desta parte da Lei claramente discriminatoria.

Esquerda Unida comprométese para erradicar os comportamentos xenófobos e racistas para coa poboación migrante e para coa etnia xitana. Dita erradicación principia polas forzas que representan á seguridade cidadá, que deben eliminar a presenza de actos racistas do seu quefacer cotián. A tales efectos, poñeranse en marcha programas de formación en Dereitos Humanos e loita contra o racismo para o persoal das Administracións Públicas.

Ademais, tal como o declara Amnistía Internacional, Esquerda Unida instará ao Goberno a:

1. Elaborar e poñer en marcha un Plan estatal e integral contra o racismo, a xenofobia e outras manifestacións discriminatorias.
2. Asinar e ratificar a Convención Internacional sobre a Protección de tódolos Traballadores Migratorios e as súas Familias, das Nacións Unidas.
3. Asinar e ratificar o Convenio Europeo contra a Trata de Seres Humanos, aprobado polo **Consello de Europa o 16 de maio de 2005.**

MOCIDADE

A atención á mocidade implica, ao igual que sucede coas políticas de muller, unha efectiva transversalidade que impregne a todos os eidos da política.

EMPREGO

- Subvencións para a contratación de mcozos e mozas desempregadas, tanto por empresas sen ánimo de lucro, como por calquer outro tipo de empresa, evitando a privatización dos servizos sociais esenciais.
- Subvencións para a creación e fomento de emprego estable dirixida aos [moz@s](#) e potenciar a creación de escolas-taller, casas de oficios e e talleres de emprego destinados a promover a futura inserción da mocidade no mundo laboral.
- Establecemento de programas ambiciosos para a prevención de riscos laborais. Cun sistema de intervención e sanción exhaustiva para as empresas con altos índices de sinistralidade.
- Creación dun programa de orientación sociolaboral dende os niveis máis básicos.
- Intermediación laboral, supresión da ETT's e establecer un control exhaustivo sobre as subcontratas así como establecer límites para as mesmas, co obxectivo de evitar a explotación laboral e a represión sindical sobre os sectores máis afectados pola precariedade e a temporalidade laboral.

VIVENDA

Vivenda social en aluguer:

Os mozos e mozas galegos apostamos polo aluguer como medio para iniciar a emancipación, propomos a creación dunha bolsa de vivendas equivalente ao 10% do parque residencial da comunidade autónoma galega, dita bolsa estaría formada por:

- Vivendas novas en aluguer xestionadas por unha empresa pública de aluguer.
- Vivendas en aluguer xestionadas polos usuarios en réxime de cooperativa.
- Vivendas baleiras: mediante concertos cos propietarios/as, establecer un mecanismo mediante o cal o usuario poidera dispor da vivenda durante un periodo determinado de tempo a cambio de que a administración comprométase ao mantimento da vivenda, garantizando a devolución en perfectas condicións ao finalizar o contrato.
- Elaboración dun censo de vivendas desocupadas onde se estuden a causa de dita desocupación e se establezan as medidas oportunas para rematar con esta situación.

Plan de vivenda xoven para a emancipación:

O obxectivo das políticas neste senso irían encamiñadas a xerar unha cadea de vivendas protexidas que faga fronte a dita situación.

- Políticas que posibiliten o acceso a unha vivenda digna aos mozos e mozas que o desexen, de acordo a súa situación económica, así como o establecemento dun máximo non superior a 1/3 ao SMI como límite mensual do aluguer.
- Políticas que faciliten a saída ao mercado, de aluguer ou venda das actuais vivendas baleiras.
- Plano “primeira vivenda”, en réxime de aluguer, xestionadas polo ente público, iría dirixido principalmente aos mozos e mozas, cuns ingresos inferiores ao SMI,.
- Con carácter prioritario estas medidas irán dirixidas aos sectores da poboación máis novos e cuns ingresos familiares inferiores a 3 veces o SMI.

- Vivendas en autoconstrución, a idea consiste en facilitar solo e financiamento, ás cooperativas para que estas poidan construír as súas casas.

Rehabilitación:

A nosa aposta é iniciar un proceso de rehabilitación e renovación que permita actuar sobre as vivendas que non cumpran as condicións de habitabilidade. Este plano permitiría chegar a acordos entre administración e propietarios para que unha vez rehabilitadas poideranse incorporar aos planos anteriormente citados.

EDUCACIÓN

As seguintes actuacións dentro do marco competencial da comunidade autónoma galega:

- Mellora sustancial da rede de ensino público tanto no ensino xeral como no ensino especial.
- Gratuidade do ensino básico, incluíndo os libros de texto e o material didáctico necesario para o alumnado dos centros públicos. Para elo, crearanse bibliotecas, e dotacións de recursos en todos os centros así como potenciaranse fórmulas de préstamos de libros de texto e material aos alumnos.
- Crear medidas serias destinadas a evitar a saída temperá do sistema educativo sen acadar o obxectivo de facelo co graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Apertura dos centros públicos escolares fóra do horario escolar, asignándolles os recursos necesarios para poder ofrecer un sistema de servizos e actividades de acordo coas necesidades do alumnado e do entorno do centro. Maior dotación de profesores de apoio para axudar a evitar o fracaso escolar.

- Fomento e ampliación das prazas de formación profesional, para acadar unha boa relación entre a oferta e a demanda de dito sector estudantil.
- Fomento dun ensino crítico e científico en todos os eidos do ensino, tanto nos institutos como nas universidades públicas, sen esquecer que as universidades deben desenvolver todas as ramas do saber con independencia da demanda de prazas.
- Aumento e extensión das prazas para prácticas en empresas a todas as carreiras e FP's nas que isto sexa posible. Así como establecer un mecanismo que asegure que ditas horas de práctica contan coa remuneración axeitada para o alumno.
- Conxelación das taxas universitarias e supresión do recargo a partir de segundas ou terceiras matrículas.
- Establecemento dun sistema de bolsas en cuxos criterios de acceso primen os socioeconómicos e non os académicos, así como ampliar substancialmente tanto a contía como a cobertura das mesmas.
- Supresión das probas de acceso á univesidade pública, sendo a nota media do bacharelato o criterio para corrixir os desaxustes entre a oferta e a demanda de prazas.
- Non ás previsións da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria de considerar o Máster en Formación de Profesorado de Secundaria como unha barreira ao establecer varios filtros: a) unha oferta inferior á demanda real; b) selección económica (ao redor duns 1500 euros aos que sumar o ano de estadía suplementario na cidade universitaria); c) a consideración eliminatória do expediente académico (esta circunstancia non valora as realidades socioeconómicas do alumnado: se tivo ou non que traballar; etc...); d) a posibilidade adicional ou non dunha entrevista persoal. Para Esquerda Unida a

oferta ten que ser análoga á demanda e, desde logo, suprimiremos os filtros de selección e discriminación.

- Potenciación do chamado “Software Libre”, para acadar, grazas ao aforro nas licencias de uso, un nivel óptimo de numero de computadores por alumno/a.
- Acadar un coñecemento real da memoria histórica do noso pobo e do noso país, dende os niveis mais básicos de ensino.
- Desaparición dunha vez por todas da relixión nos aulas dos centros públicos para acadar unha sociedade laica.
- Establecemento de mecanismos que aseguren a aplicación da lei de normalización lingüística nos centros de ensino tanto primarios como secundarios.
- Considerar faltas xustificadas as faltas por enfermidade nos Ciclos Formativos.
- Educación sexual como materia obrigatoria na ESO.

MOCIDADE, LECER, CULTURA

- Creación de casas da mocidade, centros culturais e sociais, que permitan aos mozos e mozas contar con espazos propios onde desenvolver un ocio creador, con medidas como, por exemplo, o establecemento de grupos de teatro, locais para grupos musicais e para que poidan pasar alí un bo anaco de tempo.
- Reducir aínda máis os prezos para a mocidade en actividades culturais (cinema, teatro, circo...), a través do carné xove.
- Reparto gratuito de anticonceptivos (principalmente o preservativo), para evitar a transmisión de enfermidades sexuais, así como os embarazos non desexados.
- En canto ao tema do botellón , é necesario un sistema non xeneralizado de estudo do problema, pois non todas as zonas onde se práctica o botellon teñen a mesma problemática. Así, deberíanse habilitar zonas para o exercicio desta práctica e establecer os medios necesarios para controlar dunha forma razoable o ruído

xerado polos rapaces e rapazas, e establecer os medios necesarios para evitar o vandalismo e evitar que as nosas prazas e parques queden repletas de lixo.

- Reformar as leis e ordenanzas que rixen os horarios dos locais, así como fortalecer os mecanismos de inspección dos locais en materias como a calidade do alcohol, seguridade, insorización etc....
- Establecer un sistema de buses públicos gratuitos que conecten as principais zonas de marcha cos nucleos urbáns así como aumentar a súa periodicidade e seguridade.
- Promover campañas de información e de educación sexual entre os rapaces e rapazas para que poidan vivir a súa sexualidade de forma plena, sen nengún tipo de discriminación por orientación sexual, así como para evitar a ignorancia e o descoñecemento nun tema tan importante.
- Gratuidade da píldora postcoital. Establecer mecanismos para que permanezcan abertos os centros de planificación familiar os fins de semana, pois son os períodos cunha enorme demanda de atencións.
- Para desenvolver os valores do antimilitarismo e da no-violencia negar calquer tipo de colaboración coas campañas de recrutamento de tropas para o exército profesional.
- Deben ser consideradas familias todas aquelas persoas unidas por vínculo matrimonial, as parellas de feito e totalas unidades de convivencia cando constitúan núcleos estábeis de vida en común xa sexa por afectividade ou por parentesco.
- Amnistía para os condenados e condenadas por okupación.

Revela a Realidade,
Rebélate!

Vota



esquerda unida
izquierda unida

www.esquerdainiciacion.org

DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL, IGUALDADE DE DEREITOS

Solicitaremos a modificación do artigo 14 da Constitución española para incluír a prohibición de discriminación por razón de orientación sexual.

A promulgación dunha lei de parellas de feito que regule as relacións afectivo-sexuais distintas ao matrimonio en igualdade de dereitos con este, de forma que se recoñezan a todas as parellas, sexan do mesmo ou distinto sexo, os mesmos beneficios de carácter económico-patrimonial (fiscalidade, herdanza, seguridade social, alimentos, etc.), e outros, como o dereito de adopción, os beneficios laborais, a adopción da nacionalidade da compañeira ou compañeiro estranxeiros, etc. Así mesmo esta lei, de carácter estatal, deberá crear os mecanismos que posibiliten a interconexión áxil, eficaz e garantista dos distintos rexistros de parellas de carácter autonómico ou municipal existentes. Importante este particular no que se refire ás persoas inmigrantes para acadar unha regularización administrativa, xa que a non homoxeneidade do sistema impide o recoñecemento dunhas partes a outras do Estado.

- Modificación do Código Civil para mellorar a reforma de 2005 que posibilita o matrimonio entre persoas do mesmo sexo, de maneira que se igualem as condicións relativas á filiación e patria potestade na presunción de paternidade e maternidade.

- Modificación da Lei de Reprodución Asistida Humana para posibilitar a doazón de óvulos no caso das parellas formadas por dúas mulleres.

- A creación dun Instituto ou Servizo, público e gratuíto, para a promoción, defensa, e atención do colectivo LGTB en Galicia.

- A aprobación de convenios colectivos en todas as empresas e organismos públicos que garantan a extensión de todos os beneficios concedidos aos matrimonios ás parellas de feito, do mesmo ou distinto sexo (licenza por contraer matrimonio, permisos por paternidade/maternidade, etc.).

- A promoción de campañas de información social que denunciaren os comportamentos lesbo-homo-bi e transfóbicos e promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade. A completa supresión, na documentación oficial, de requisitos, contidos, mencións e signos discriminatorios cara a calquera opción afectivo-sexual promovidos desde instancias tanto públicas como privadas, así como calquera mención do termo “grupo de risco” en alusión ao colectivo de gais, lesbianas, bisexuais e transexuais.
- A tipificación como delito específico da discriminación por motivos de orientación sexual e de identidade de xénero no Código Penal.
- A retirada ou denegación de calquera axuda ou subvención por parte das administracións públicas ou de calquera dos organismos e empresas dependentes, a aquelas entidades tanto públicas como privadas que pola súa ideoloxía ou actividade incorran en calquera manifestación de homo-lesbo-bi-transfobia.
- Inclusión, dentro das políticas de protección do menor, de medidas que permitan garantir a liberdade de expresión da sexualidade, co fin de evitar os problemas de inseguridade, baixa autoestima, depresión e outros problemas derivados do rexeitamento do ambiente familiar e social que rexeita a homosexualidade e a transexualidade. Recoñecemento do dereito universal e na rede sanitaria pública do proceso integral de reasignación de sexo e despatoloxización da transexualidade.
- Establecer a persecución por orientación sexual (homofobia) como causa para a concesión de asilo político.
- Posta en marcha de iniciativas que favorezan ás persoas que exercen a prostitución, talles como programas de redución do risco sanitario e de reinserción social e laboral, e, en xeral, todas aquelas que permitan a superación das situacións de exclusión social deste colectivo.

- Reformulación do Plan Nacional sobre SIDA como un verdadeiro Plan Integral de loita contra o VIH-SIDA, abarcando todos os aspectos que melloren a calidade de vida dos e as seropositivos.
- Nos casos de expulsión do fogar familiar por razón da opción sexual ou da identidade de xénero, as administracións públicas deberán facilitar a estas persoas nesta situación a axuda tanto emocional como material necesaria: apoio psicolóxico, orientación xurídica, pisos de acollida para mozas, bolsas de estudo, pensións de manutención e outras.
- Esixir de todos os medios de comunicación un tratamento respectuoso e digno de todas as informacións relacionadas con gais, lesbianas, bisexuais e transexuais, baseado no principio de igualdade e libre desenvolvemento da personalidade.
- Aprobación dun Protocolo de control de estereotipos e prexuízos sobre a realidade LGTB nos medios de comunicación.
- Incluír nos cursos de formación de todos os corpos de seguridade, tanto públicos como privados, así como dos funcionarios, especialmente da Administración de Xustiza, unidades que capaciten a todos os axentes e funcionarios e funcionarias para desenvolver o seu labor desde o respecto cara a todas as opcións sexuais e expresións da identidade de xénero e persecución dos comportamentos lesbo-homo- bi- transfóbicos.
- Subvención e apoio por parte de todas as administracións públicas ás asociacións de gais, lesbianas, bisexuais e transexuais, sen outro control que non sexa o da correcta utilización das subvencións concedidas nos obxectivos e actividades propias de cada asociación.
- Campañas de fomento do asociacionismo xuvenil LGTB.
- Nos últimos tempos, a realidade das persoas LGTB (lesbianas, gais, transexuais e bisexuais) viviu cambios importantes que a redibuxan. Faise necesaria a reformulación de

reivindicacións en materia de liberdades sexuais que, máis aló do necesario de recoñecemento de dereitos sobre o papel, supoñan conquistas tanxibles na vida cotiá.

- Por iso, Esquerda Unida loitará desde Galicia para dotarse dunha Lei Integral contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, que elaborará xunto cos colectivos e que terá polo menos os seguintes puntos.

- Tipificación como delitos de odio das declaracións e accións manifestamente homófobas e tránsfobas (con atención especial ás cuestións de xénero) que se poidan verter á opinión pública. Resulta inconstitucional o que a incitación ao odio ao colectivo LGTB sexa impune, polo tanto debemos desenvolver os mecanismos legislativos para iso. Principalmente penas económicas.

- Tipificación como delito en se dos comportamentos e actitudes homófobas e tránsfobas. É preciso que as expresións claramente LGTB fóbicas sexan consideradas non só agravantes, senón delitos en si mesmos que poidan perseguirse xudicialmente de oficio. Políticas positivas para favorecer o acceso ao emprego de calidade para aquelas persoas que sofren discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. Estímulo á contratación de persoas transexuais, que atopan graves obstáculos para a súa inserción laboral digna.

- Inclusión nas políticas de igualdade de xénero de accións dirixidas ás mulleres lesbianas, bisxuais e transexuais.

- Campañas de sensibilización pola diversidade sexual.

- Acción no sistema educativo: atallar urxentemente o acoso escolar por orientación sexual e identidade de xénero (bullying homofóbico) apoiando e potenciando a creación de Tutorías de Atención á Diversidade Afectivo-Sexual en centros de secundaria, e garantir unha educación integral para unha sexualidade libre, sa e plena nos contidos curriculares.

- Mecanismos asistenciais dentro dos servizos sociais para abordar problemáticas como o abandono ou expulsión do fogar de menores LGTB por homofobia ou transfobia.
- Creación dun observatorio contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero que avalíe as realidades discriminatorias e promova programas, campañas, servizos (políticas positivas en xeral) pola igualdade social das persoas LGTB.
- Fomento dos estudos e investigacións LGTB nos que se teñan en conta os efectos das discriminacións múltiples.

Trátase xa que logo dunha lei integral, que debe levar adxunta unha memoria económica para poder dotar de ferramentas eficaces o deber do Estado na consecución da igualdade real do colectivo LGTB.



XUSTIZA



esquerda unida
izquierda unida

A política da Xunta de Galicia desde que foron transferidas as competencias, en 1997, veu determinada pola falta de planificación, pola improvisación, sen un claro proxecto político de futuro. A cuestión é sumamente grave tendo en conta que a Administración de Xustiza, segundo o propio, C.X.P.X., ocupa un nefasto posto na valoración que recibe por parte da cidadanía en relación ás restantes administracións. A XUSTIZA é unha peza básica do Estado do benestar. Defender unha xustiza de calidade é unha aposta pola convivencia pacífica na sociedade.

A transferencia competencial realizouse dun xeito fixo, limitándose a persoal, que por aquel entón ascendía a algo máis de 1.000 funcionarios. Na actualidade **o persoal funcionario ascende a aproximadamente 2.200**. O orzamento incrementouse tan só no IPC, pero este non foi adicado a inversión.

O orzamento 2009 para Xustiza é de pouco máis 105 millóns de euros, cun incremento do 6% sobre o do ano pasado. Semella que as actuacións para dotar de locais chegan ao final da lexislatura, xa que os xulgados están agora mesmo colapsados sen recursos e persoal suficiente para atender os procesos que está desencadeando a crise económica e estrutural do capitalismo. A capacidade inversora chega tarde, debera comezar desde o inicio. De feito a cidade da xustiza en Vigo tamén se demora, convertendo o traballo nun imposible.

Os problemas conxunturais nunca resolven problemas estruturais. Un exemplo só o T.S.X.G na Sala do Contencioso ten **9.000 asuntos pendentes**.

A situación é dunha falta de medios materiais e humanos evidente. Cun corpo de interinos no que existen diferencias salariais co resto.

Esquerda Unida defende a creación dunha delegación do Instituto de Toxicoloxía localizado en Galicia para atender o Noroeste peninsular. É necesario adaptar as

necesidades da administración de Xustiza trala modificación da LOPX 19/02, 23 de decembro, que modifica a Lei 6/85, reguladora do Poder Xudicial.

A oficina xudicial ata agora se concebía como unha oficina do século XIX, no que o xuíz realizaba multitude de funcións e se atopaba no cumio da pirámide. Desde a reforma, debe cumprir coa súa función fundamental, constitucional: ditar resolucións. Faise necesaria unha adecuación ao XXI e dar un servizo de calidade cun deseño dos planteis á nova oficina xudicial. Tendo en conta que na sociedade actual a litixiosidade vai a aumentar.

ESQUERDA UNIDA considera como elemento central que en Galicia se aumente **un 10%** as plazas de xuíces en 1ª Instancia, tendo en conta que o modelo de eficacia ven determinado en 650 asuntos. As enquisas e estudos realizados (Memoria Fiscalía, CXPX) amosan que moitos xulgados de primeira instancia case duplican esas ratios de eficacia. A este respecto temos que ter en conta que a xurisdicción penal ten un retraso aproximado de 5 anos

Hai que adecuar as ratios de traballo ás necesidades do Xuíz. En Europa hai 14 xuíces por 1000 hab. No Estado español hai 8 xuíces por 1000 hab. Faise necesario a creación dun 10 % máis de prazas.

DESEÑO DUN NOVO MAPA XUDICIAL EN GALICIA.

Hai que adecuar o mapa xudicial á nova realidade social de Galicia. Debendo crear novos partidos xudicias onde non existen e sexan necesarios. Para elo deberá facerse un estudo riguroso que describa cada unha das situacións. Deberá ter en conta os movementos demográficos e sociais nos últimos anos.

Previendo os índices de litixiosidade é necesario un estudio a fondo das necesidades de cada Partido xudicial. Ex. Arteixo debe ter o seu propio Partido. Carballo , amplialo. Pontedeume.

Respecto da creación de órganso xudiciais , ESQUERDA UNIDA opta pola especialización .

Violencia de xénero, facer un estudo en profundidade para satisfacer as necesidades.

Demanda social, pero débese estudar a resposta que se dá. Adecuar a realidade da xustiza á social. Temos que ter en conta que tanto a administración autonómica como a estatal está a legislar sin financiación para a introducción destas reformas. Este é o caso dos xuízos rápidos. Da lei integral contra a violencia de xénero do PSOE que, o marxe de non introducir medidas reais que solventen ou palién a problemática, non leva consigo investimento.

XUSTIZA MUNICIPAL

ESQUERDA UNIDA defende a mellora da xustiza municipal, fundamentalemtn e en Galicia, pola importancia das zonas rurais e a cercanía que a mesma supón. (* importancia en Galicia pola dispersión. Cercano á cidadanía).

Os xulgados de paz son os grandes esquecidos da Xustiza. Dependentes totalmente do Concello, dos orzamentos dos concellos , de ahí a súa precariedade (Debería producirse unha mellora a través da FEGAMP). Algúns deles ata carecen de recursos informáticos.

Debemos defender que neles haxa funcionarios de Xustiza Xulgados de Paz. Mentres non se modifique a financiación hai que traballar coa Deputación Provincial e coa FEGAMP.

PACTO GALEGO POLA XUSTIZA.

PROPOSTAS BÁSICAS

- Segregación dalgunha das Audiencias.

- Creación dunha Consellería de Xustiza, dotada con todas as competencias.
- Potenciación do CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS, debendo formar con carácter integral a todo o persoal de xustiza.

Normalización lingüística: introdución do bilingüismo en toda a actuación xudicial.

- Política de Transparencia, achegamento da política á cidadanía.
- Facer campañas educativas, tipo EDUCAR EN XUSTIZA. Dereito constitucional nos colexios para evitar que a Xustiza se convirta nun muro infranqueable para a cidadanía.
- Modificación e adaptación do Mapa Xudicial.
- Modificación da Oficina xudicial.
- Creación do IMELGA
- Creación dunha delegación en Galicia do Instituto de Toxicoloxía.
- Formación continua do persoal de xustiza.
- Creación de Xulgados de 24 horas. Vigo e A Coruña. Un xulgado para a garda normal e outro para xuízos rápidos.
- Especialización dos órganos xudiciais.
- Creación dun 10% de xuíces.
- Planificación das políticas de xustiza
- PACTO GALEGO POLA XUSTIZA, por enriba do partidismo.
- Servizo público de calidade.
- Potenciación do T.S.X.G. en materia de casación, agás nos recursos en interese da Lei e unificación de doutrina.
- Comarcalización, reforzamento do mapa xudicial.
- Infraestruturas- Gastos a adaptación da nova oficina xudicial.
- Incremento de órganos xudiciais para os dous tipos.
- Creación das equipas psicosociais.

AUTOGOBERNO E FEDERALISMO



esquerda unida
izquierda unida

**ESTADO SOCIAL
PLURALIDADE
DEMOCRACIA PARTICIPATIVA**

Non podemos contemplar a situación de Galicia en tanto que nación, sen considerar as súas relacións dentro do marco do Estado.

Desde iun punto de vista meramente institucional a situación actual en España podería sintetizarse da seguinte forma:

- Xeráronse Dereitos de nova xeración que non acadan a protección debida do Estado Social, cada vez menos social e máis xestor económico (a malo, porque atende a principios que fuxen da solidariedade para abrazar o interés sectarista e a rendibilidade electoral.
- Dáse unha crise das institucións e unha crise da *res publica*.
- Patrimonialización e instrumentalización do poder xudicial. (o nomeamento do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estivo bloqueado polos partidos e só en datas recentes 23 de decembro de 2008 se designaba como presidente a Miguel Cadenas).
- Transformacións no modelo de Estado establecido na Constitución. Son necesarias mudanzas da textualidade da constitución para amparar novos dereitos que respoden a novas realidades sociais (o voto da poboación migrante, por exemplo, sen facela caer dentro do concepto de reciprocidade).

Levamos anos, desde o seu nacemento diríamos, denunciando desde Esquerda Unida que a filosofía capitalista e sobre todo na súa doutrina neoliberal levaría a un deterioro das relacións humanas, a unha destrución sen parangón da Terra, desbaldindo e esnaquizando recursos non recuperables á mesma velocidade que se consomen, á extensión da pobreza e a situación de neoescravidade laboral.

Podemos dicir, sen temor a equivocarnos, que PSdG e BNG son fieis practicantes de tal doutrina. E se ben se escudan nun discurso hipocritamente progresista, o certo é que as praxes son neoliberais: crenza cega na autorregulación do mercado e no modelo produtivista actual (de aí o desexo de inzar de diñeiro o sector da automoción, cando o modelo de sobreproducción levou a un stock sen vender e que é imposible voltar ao de antes sen caer directamente no suicidio), a primacía do privado sobre o público e a drástica diminución das prestacións do Estado e da súa capacidade redistributiva (entreguismo continuado ao capital privado: benestar social; cidade da cultura; citas telefónicas e fundacións en sanidade; asesorías e externalizacións masivas na Xunta; eliminación do imposto de patrimonio e sucesión; etc.).

O Estado, a Xunta de Galicia fixeron deixadez das súas obrigas esenciais e non cumpren coa súa función de control do exercicio do poder, de equilibrio entre os diferentes poderes do Estado (executivo, legislativo e xudicial), de dar canle á participación política da cidadanía –esta mesma convertida nunha etiqueta excluínte ao acceso só das persoas recoñecidas como “con papeis”-, así como de garantir as regras do xogo democrático (o control dos medios de comunicación desde a política de subvencións e das prácticas escurantistas provocan un enorme déficit democrático, xa que se viola o dereito á información e se vulnera a existencia da pluralidade real de Galicia).

A persistencia de fenómenos de degradación da democracia (corrupción, clientelismo, utilización partidista das institucións, etc.), xunto cunha intensa campaña de desprestixio do público, está pondo en cuestión a posibilidade de que a cidadanía organice a súa convivencia en base a valores colectivos, como a solidariedade, a equidade, a xustiza e a participación.

Para rematar, destacar a crise en que está sumido o sistema constitucional español, tanto respecto da forma política do Estado, como á súa organización territorial. A Monarquía pon en cuestión ao propio sistema democrático ao establecer que a máxima institución española, a Xefatura do Estado, asígnese mediante vía hereditaria, en lugar de ser elixida democraticamente polos todos os cidadáns. A súa inutilidade e inconveniencia e a necesidade de avanzar cara á forma política de Estado Republicano está gando terreo entre moitas capas da sociedade española.

Outro tanto está pasando co Estado Autonómico. Sen dubidar do importante impulso descentralizador que supuxo o seu desenvolvemento, este atópase na actualidade en vías de esgotamento, ao ser incapaz de recoller a pluralidade nacional e cultural dos distintos pobos de España, de dotarse de instrumentos que permitan a toma de decisións colectivas entre todos os entes territoriais, de levar a cabo de forma efectiva os principios de solidariedade e equilibrio interterritorial, nin de facer realidade os principios de autonomía e suficiencia financeira dos Municipios, como establece a Constitución.

Ante esta situación Esquerda Unida procurará a superación destes problemas, en liña co noso proxecto estratéxico: a consecución dunha democracia avanzada que amplíe os marcos de liberdade e participación e garanta o benestar económico, e cultural da cidadanía. Unha sociedade que estableza un novo modelo de desenvolvemento ecoloxicamente sostible, dentro dunha necesaria filosofía de decrecemento e de austeridade (vivir ben con menos é posible), onde as grandes opcións socioeconómicas sexan reguladas democraticamente.

Os eixos e obxectivos básicos das propostas serían:

- Defensa e desenvolvemento do Estado Social Participativo. Pór ao cidadán no centro da política.
- Defensa dos servizos públicos.
- Democratización das institucións e rexeneración da vida democrática.
- Avance cara a un Estado Federal Republicano
- Unha Xustiza eficaz, independente e imparcial, que ofrezca ás persoas un servizo próximo e de calidade.
- Reforma das Administracións Públicas.

DEFENSA E DESENVOLVEMENTO DO ESTADO SOCIAL PARTICIPATIVO

Esquerda Unida defenderá que os dereitos sociais e culturais (como o dereito á educación, á saúde, ao traballo, á vivenda, a unha pensión digna, etc), adquiren a categoría de exixibles pola cidadanía. O Estado deberá garantir o cumprimento de devanditos dereitos.

- Incorporación dos Dereitos humanos de nova xeración como a participación presentando ao comezo da próxima lexislatura un proxecto de Lei de Democracia Participativa, co desenvolvemento de políticas activas de fomento da participación.
- Reforma da Lei Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, naqueles aspectos que limitan a participación e información da cidadanía. Un aspecto fundamental a cambiar é a filosofía restritiva con que se contempla o concepto de “interesado”, figura que outorga a posibilidade de actuar ante as Administracións Públicas.
- Apoio desde as institucións ao fortalecemento do movemento asociativo, recoñecendo o seu carácter de utilidade pública e aumentando os recursos económicos e materiais para o desenvolvemento das súas actividades: convenios, infraestruturas, formación continua, soporte técnico, etc. Elaboración dunha nova lexislación sobre

asociacionismo que responda ás especificidades do feito asociativo, e reforma daquela que limite as posibilidades de participación.

SERVIZOS PÚBLICOS

ESQUERDA UNIDA aposta por recuperar a idea de Servizo Público, desde as premisas de constitucionalización dos dereitos sociais, económicos e culturais, e a primacía do interese xeral e da cohesión social.

- Defensa dos servizos públicos e mellora da calidade das súas prestacións. Esquerda Unida oporase á súa desregulación e privatización.
- Esquerda Unida defenderá, en xeral, a xestión pública dos servizos públicos. No caso de servizos públicos esenciais cuxa xestión estea privatizada (abastecemento e saneamento, transportes urbanos, residuos urbanos, etc.) Esquerda Unida traballará para que retornen á xestión pública, como xa se ten realizado nos países do norte de Europa.
- Regulación máis estrita da contratación pública, para evitar a falta de transparencia nas licitacións e a posibilidade de prácticas corruptas.
- Establecemento de sistemas de participación e control do funcionamento dos servizos públicos por parte dos axentes sociais (asociacións de veciños e/ou usuarios, sindicatos, etc.) e dos traballadores do propio servizo. No caso de que o sistema de xestión sexa mediante empresa ou entidade pública, EU propondrá a participación social nos propios Consellos de Administración
- Creación dun Ente Regulador dos servizos públicos de carácter estatal, cuxo obxectivo sexa o control e avaliación da calidade dos servizos prestados, utilizando indicadores que midan ademais dos aspectos técnicos e económicos, os aspectos ambientais e sociais.
- Compromiso de recuperar a idea de Servizo Público na construción europea, excluíndoos do ámbito da competencia. Establecemento no ámbito da

UE dunha Carta dos Servizos Públicos onde se estableza a súa suxección ao interese xeral, os seus principios caracterizadores (igualdade de acceso, universalidade, continuidade, transparencia, calidade, eficacia económica, ecolóxica e social, simplificación de procedementos, participación e control público) e os dereitos dos cidadáns.

- Compromiso de loitar desde todos os ámbitos posibles, contra a aplicación do *Acordo Xeral de Comercio de Servizos*, suscrito pola OMC e que trata de liberalizar e privatizar todos os servizos públicos, incluídos os denominados de interese xeral (educación, sanidade, etc.).

DEMOCRATIZACIÓN DAS INSTITUCIÓNS

Esquerda Unida comprométese a realizar, tanto a nivel institucional como a través da súa práctica política cotiá, cantos esforzos sexan necesarios, para avanzar na rexeneración da vida democrática do noso país, asegurando o máis estrito comportamento ético dos seus representantes e cargos públicos.

- Establecemento dun Pacto para a rexeneración da vida democrática e contra a corrupción. Suscrito por partidos políticos e organizacións sociais, para articular os mecanismos que aseguren a transparencia, a participación e a pluralidade nas decisións que se adopten na actividade pública.

- Reforma do sistema electoral, encamiñada a garantir a proporcionalidade electoral na repartición de escaños como mandata a Constitución:

a) En primeiro lugar, modificar aqueles aspectos da Lei que non precisan reforma constitucional: ampliación a 400 do número de deputados; redución a un do número mínimo de deputados por provincia e repartición dos novos deputados e os sobrantes de modo que se mellore o cociente poboación-deputados;

b) En segundo lugar, impulsar a modificación constitucional na dirección de converter a comunidade autónoma en circunscrición electoral. Para rematar, asegurar o interese público durante a campaña electoral garantindo a existencia de debates plurais (non *bipartidistas) na campaña electoral, nos medios de comunicación públicos e privados.

- Reforma do sistema de elección dos órganos de goberno en cuxa determinación interveñen as Cortes Xerais (Consello Xeral do Poder Xudicial, Defensor do Pobo, Tribunal Constitucional, Consello de Administración de RTVE, Consello de Seguridade Nuclear) asegurando unha representación que considere o carácter plurinacional do noso estado e a pluralidade de sensibilidades políticas presentes na nosa sociedade. Propomos que a capacidade de proposta amplíese a organizacións sociais e que previamente á súa elección os candidatos comparezan ante a Comisión correspondente do Congreso, para dar a coñecer as súas ideas sobre o traballo a desenvolver no órgano de goberno.

- Potenciar o papel da Iniciativa Lexislativa Popular, desenvolvendo a Lei orgánica que a regula e superando a limitación da Constitución sobre a mesma; pero dándolle un trámite parlamentario máis eficaz á participación cidadá e á vez ampliar da capacidade de proposta de Referendo ás cidadás e cidadáns, ben directamente ou a través das Cortes Xerais, e ás Comunidades Autónomas, no seu ámbito e competencia.

- Reforma da Lei do Tribunal de Contas, co obxectivo de mellorar a capacidade e competencias deste organismo no control do gasto público.

- Medidas tendentes a garantir o comportamento ético dos cargos públicos:

a) Regulación máis estrita das incompatibilidades; b) medidas contra o transfuguismo; c) obrigação de declarar anualmente os seus bens patrimoniais; d)

Lei expropiatoria de bens adquiridos mediante prácticas corruptas; e)

Establecemento dun código ético do cargo público.

FEDERALISMO, REPÚBLICA E MUNICIPALISMO

A descentralización política e a democracia participativa cobra o seu sentido na nosa proposta de Estado Federal Republicano e no noso concepto do Municipalismo. Esquerda Unida entende o federalismo e a España plural como un Estado que asuma o diversificado da súa composición, sexa garante dos acenos de identidade das partes, garanta os equilibrios territoriais, profunde na democracia e faga efectivos os principios de igualdade, solidariedade e progreso. Nesta dirección EU defende o dereito a decidir como unha opción democrática que asegure dereitos colectivos internacionalmente recoñecidos.

O ideal republicano permite fundamentar o federalismo sobre unha base de transformación social e dar unha solución solidaria non excluínate ao problema nacional do Estado Español. O republicanismo é unha boa fórmula para facer fronte ás demandas de democratización da sociedade española.

Esquerda Unida ten moi clara a súa concepción de nación para Galicia, e aí está a nosa proposta de Estatuto presentada ante a sociedade galega no Parlamento de Galicia. Ao revés que as forzas que si teñen representación parlamentaria, incapaces de avanzar cara a un Estatuto modernizado e coherente con este inicio de século XXI, Esquerda Unida si ten claro que o pilar esencial é unha nova concepción do Municipalismo, que vai moito máis alá da mera descentralización administrativa. O espazo municipal é aquel onde os cidadáns desenvolven a súa actividade laboral e social cotiá, é aquí onde xorden as súas necesidades e o mellor lugar para dálles unha solución. Serve para desenvolver formas directas e participativas de xestión do público, é dicir, permite profundar no autogoberno e traducir o dereito da autodeterminación a unha práctica cotiá concreta e perceptible para a cidadanía. Esquerda Unida é consciente que a constitución dun Estado Federal Republicano necesita dun amplo consenso na sociedade española que

actualmente non existe, con todo o debate sobre o modelo de Estado é de vixente actualidade, existindo amplos sectores da esquerda que comparten o ideal republicano e a necesidade dun Estado Federal. EU comprométese a difundir e impulsar esta alternativa desde a súa actividade política e a apoiar aquelas medidas que avancen na federalización da actual Constitución Española.

Propostas:

- Esquerda Unida comprométese a presentar no marco das reformas constitucionais previstas para a próxima lexislatura, unha proposta para que se someta a referendo a forma política do Estado Español: Monarquía ou República.
- Axilización do traspaso de trasferencias das competencias definidas nos Estatutos de Autonomía, tanto no caso dos reformados recentemente, como nos que non sufriron reforma algunha, tal como acontece co de Galicia.
- Reforma do Senado para convertelo nunha verdadeira cámara de representación territorial. O Senado debería ter competencias como corpo colexislador, como órgano de control do Goberno e como órgano con competencias exclusivas nos temas de política autonómica, incluíndo o dereito a veto dos Proxectos de Lei do Congreso que afecten lesivamente ás competencias das CC.AA. Participación das CC.AA. nos órganos constitucionais e institucionais do Estado: Tribunal Constitucional, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Consello de Seguridade Nuclear, Consello Económico e Social, Comisión Nacional do Mercado de Valores, Banco de España, Axencia Tributaria, etc. Reforzamento dos mecanismos para ao cumprimento do principio de solidariedade interterritorial. Posta en marcha do Fondo de Nivelación cunha cantidade non inferior 0,2% do PIB. Substitución do antigo Fondo de Cooperación Interterritorial (FCI), por un Fondo de Desenvolvemento Territorial cuxa función sexa a de contribuír á corrección dos desequilibrios rexionais, mediante o desenvolvemento das rexións menos desenvolvidas. Devandito Fondo dotaríase cunha cantidade non inferior ao 0,4% do PIB.

- Reforma da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local (LRBLR) co obxectivo de definir con claridade as competencias exclusivas, compartidas e delegadas dos Municipios, nun marco de descentralización e coordinación interadministrativa, que aplique o principio de subsidiaridade.
- Reforma da Lei de Facendas Locais, que debe establecer os mecanismos necesarios (achegas do Estado, achegas das CC.*AA e recursos propios), para conseguir a suficiencia financeira dos Municipios e os recursos necesarios. para a prestación dos servizos que lles corresponda, con eficacia e calidade. Respecto das achegas do Estado, EU propón incrementar a súa contía actual nun 20% e mellorar o Fondo de Cooperación dirixido a municipios de menos de 20.000 habitantes a 100 millóns de euros.

REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA. REFORMA DA LEI ELECTORAL

O bipartito non foi quen de acometer o desafío da necesaria rexeneración democrática dun país eivado pola longa estadía no poder do aparello clientelar do fraguismo. Os pasos que se deron, positivos, semellan ser a todas luces insuficientes. No remate da lexislatura no noso país os sufraxios non valen igual e o voto emigrante carece das necesarias garantías democráticas. Esquerda Unida presentou unha proposta de reforma da lei electoral (reforma prometida tamén no devandito Acordo de goberno) que foi desestimada con argucias legais e unha total falla de vontade política pola Mesa do Parlamento e o silencio cómplice dos grupos que habitan o Hórreo, que co seu laissez passer cohonestaron a lei electoral imposta por Fraga.

Esquerda Unida defenderá unha reforma da lei electoral que de cabida no Hórreo a pluralidade política e social da nosa nación. Contamos co texto da proposta articulado para a súa presentación como Iniciativa lexislativa Popular – inadmitida a trámite nesta

lexislatura - e estamos certos que o Parlamento de Galicia terá que recoller máis temprano que tarde a diversidade da nosa sociedade.

O atraso político galego tamén ten un indicador fiable na redución - nos anos de desenvolvemento do réximen autonómico – a só tres partidos, fronte á moita máis rica pluralidade dos parlamentos eúscaro e catalán.

O Parlamento Galego non gañou centralidade necesaria na vida pública do país diante da non reforma da lei electoral e co mantemento das dificultades para a constitución e funcionamento das comisións de investigación. Malia elo temos que recoñecer que a actitude do bipartito saínte foi outra no canto de comparecer na Cámara Parlamentar para a necesaria laboura fiscalizadora.

UNHA CULTURA DE PAZ



esquerda unida
izquierda unida

**CARA UNHA CULTURA DE PAZ
INTERNACIONALISMO SOLIDARIO**

No contexto de crise estrutural do capitalismo déuse a chegada de Barak Obama, cuxas raíces afondan nunha etnia africana. Cómpre ver se as súas accións políticas no exterior van de acorde coas proclamas electorais. Se ben, cando aínda non asumira o mando en xaneiro de 2009, a escena internacional víase golpeada –segue estándoo- pola brutalidade de Israel que bombardeou durante días a franxa de Gaza, despois de que

esta sufrise un desproporcionado bloqueo desde o 2007. Este escenario precisa de valentía por parte de todos os actores sociais (proto)occidentais e mundiais, xa que só sera posible a paz coa creación única dun Estado Democrático Palestino.

Desde Galicia podemos e debemos contribuir mediante a xusta presión política e mediante a propia coherencia desde a política institucional da Xunta, a que España se insira nunha cultura de paz efectiva que renegue do militarismo como forma de diplomacia.

Neste sentido, no da construción dunha cidadanía incluínte, no da defensa do carácter público do Estado, que fixo a Xunta de Galicia cando se asinou o Tratado de Lisboa ou que fixo cando se asinou a vergoñenta Directiva de Retorno? Silencios que comprometen e que indican que se asume, sen ningún tipo de desobediencia civil, as peores estratexias involucionistas desde o punto de vista social á hora de construír Europa.

Contribuír para que América Latina camiñe libre de peaxes neocoloniais exemplificadas nos intereses desorbitados das grandes empresas multinacionais españolas; ou incidir en que se deben cumprir as resolucións existentes para que o Sahara sexa Estado libre e independente, deben formar parte do diálogo que Galicia manteña cos interlocutores estatais e europeos.

Debemos contribuír a que o noso Estado se dote dunha nova política exterior baseada no respecto do dereito internacional, na promoción da paz e na loita contra a pobreza.

Por iso, desde a coherencia, Esquerda Unida loitará por:

- unha política de Paz en Oriente Medio e a creación dun Estado Democrático de Palestina;
- retirada das tropas españolas de Afganistán;
- inicio dun proceso multilateral, apoiándose no dereito internacional, que sexa capaz de confluír nunha Conferencia de Paz e a retirada de todas as tropas de ocupación de Iraq, Palestina, Siria e Líbano;
- unha política solidaria cos procesos de transformación social de América Latina, apoiando a nacionalización dos recursos e a redefinición das relacións comerciais coas empresas españolas en base a criterios de redistribución da riqueza para a poboación afectada polas prácticas extractivase outras. É imprescindible a elaboración da lei de responsabilidade social corporativa destas empresas, subvencionadas en moitos casos polo estado español. EU apoia a imprescindible dimensión social dos procesos de integración rexional e as negociacións coa UE para ampliar o acceso ao mercado comunitario dos produtos industriais, agrícolas e de servizos das economías de América Latina;
- Esquerda Unida impulsará un maior compromiso da política exterior co proceso de paz en Colombia;
- Cuba segue sendo un referente na súa resistencia contra o bloqueo económico e o illamento diplomático ao que quere someterlle EE.UU. EU defende o levantamento das sancións e embargos, así como unha redefinición da política da UE, hoxe recollida na chamada “posición común”, que supón unha inxerencia nos asuntos internos de Cuba. Só aos cubanos corresponde determinar o seu futuro político e social, no respecto pleno dos dereitos humanos;
- Polo dereito de autodeterminación do pobo Saharauí; solución xusta e definitiva ao longo conflito e exilio do pobo saharauí, baseada no exercicio efectivo do dereito de autodeterminación e o fin da ocupación militar marroquí do Sahara Occidental.

España segue tendo unha responsabilidade moral e política neste proceso de descolonización, ao mesmo tempo EU apoia e seguirá impulsando a solidariedade co pobo saharauí.

Novo marco internacionalista

EU defenderá que a reforma das Nacións Unidas, en especial do Consello de Seguridade, así como de institucións internacionais como a Organización Mundial do Comercio, o Banco Mundial e o FMI sexan unha prioridade da acción exterior, que faga do multilateralismo o seu principal método de intervención. EU defende a extensión e reforzamento das competencias do Tribunal Penal Internacional. Así mesmo EU defende a creación dunha Axencia Internacional para a loita contra o Cambio Climático, no marco de Nacións Unidas. A “síndrome compensatoria” do Goberno Zapatero con EE.UU manifestouse de xeito moi especial no mantemento dos Acordos de Defensa e a súa ampliación en materia de actuación dos servizos de intelixencia de EE.UU en territorio español.

EU cre urxente a revisión dos Acordos de Defensa con EE. UU e o fin da utilización por parte das tropas de EE.UU de facilidades nas bases españolas de Rota e Morón. A violación das normas do dereito internacional nos “voos da CIA” para o traslado ilegal de prisioneiros de guerra a Guantánamo pon en evidencia a existencia de zonas fose do control xudicial e parlamentario en territorio español como consecuencia dos Acordos de defensa con EE.UU.

A OTAN demostrou ser un instrumento ao servizo dos intereses imperiais dos EE.UU e un obstaculo para o desenvolvemento dunha política exterior e de defensa autónoma da Unión Europea. EU propugna a saída de España da OTAN e a convocatoria dun novo referendo sobre a pertenza á Alianza Atlántica.

EU defende, no marco da nosa proposta de reforma constitucional, que se recupere o vello principio da Constitución da II República, **polo que se renunciaba á guerra como instrumento da política exterior do estado** e, polo tanto a pertenza a alianzas militares. Así mesmo impulsará unha política de educación para a paz e de mediación de conflitos.

COOPERACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Galicia comezou tarde a facer os deberes en materia de cooperación ao desenvolvemento e a contribuir en acadar os 8 Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. Claro está que o enfoque de Esquerda Unida non vai da man do capitalismo, senón do socialismo na consecución de ditos ODM. O capitalismo ao longo desta década, desde que se lanzaron no 2000, non foi quen –nin sería quen- de contribuir a diminuír o padecemento da meirande parte da poboación que habita a terra. Ao contrario, as prácticas de rapiña do norte no sur, e os hábitos desaforadamente consumistas e egoístas dos países ricos só engrandeceron a fenda que separa ricos de pobres. De aí que o noso compromiso é por unha filosofía de codesenvolvemento que intervén para fortalecer o sector público, onde a contraparte teña un rol de continuidade. O diñeiro público ten que servir primordialmente para que sectores como educación, sanidade e outros servizos públicos, ao mesmo tempo que se empodera o rol da muller, se estendan a maioría social do país onde se realiza o traballo.

Tendo en conta que hai en marcha un novo plan director da cooperación española 2009-2012, esta pode ser unha oportunidade para profundar na reorientación estratéxica da cooperación española. Durante 2008 iniciáranse os traballos para un novo plan director da cooperación española, que levará ao sistema de cooperación ata o ano 2012. Trátase dun momento importante de definición de orientacións estratéxicas e operativas que deben

guiar o traballo a desenvolver durante un período determinante para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento do milenio.

As prioridades estratéxicas da cooperación Española dirixiranse aos seguintes elementos:

- Centralidade dos Dereitos Humanos, e especialmente, dos DESC, no desenvolvemento da política de cooperación;
- Reforzo do sistema público de incremento das capacidades humanas, a través do apoio aos sistemas públicos de educación, saúde e provisión de servizos sociais básicos;
- Fomento e apoio aos bens públicos mundiais, a través dunha dotación de fondos estable, previsible e permanente;
- Reforzo da xestión pública dos recursos naturais, evitando a súa privatización e favorecendo o seu uso racional e democraticamente controlado;
- Apoio a políticas de reforma institucional, bo goberno, extensión e afondamento democrático, incluíndo o fortalecemento dos sistemas fiscais dos países do sur;
- Apoio á participación cidadá, a través do desenvolvemento de programas de comercio xusto, consumo responsable e educación para o desenvolvemento;
- Promoción da coherencia e coordinación entre os diferentes actores e políticas de desenvolvemento. Dentro dun contexto descentralizado é preciso harmonizar criterios tanto para as convocatorias de cooperación como na reivindicación do 0,7%.

De acordo co ritmo de crecemento da Axuda Oficial ao Desenvolvemento na lexislatura 2004-2008, os fondos da cooperación española poden alcanzar o 0,7% en 2010, polo que a aposta de EU será conseguir esta cantidade nese prazo. A AOD debe

igualmente manter as tendencias de distribución sectorial, garantindo polo menos os seguintes indicadores:

- Cumprimento do compromiso de destino de polo menos o 20% a necesidades sociais básicas, incluíndo o 8% a educación básica.
- Redución dos fondos de axuda reembolsable ata menos o 5%, e nunca destinados a Países Menos Adiantados.
- Destino de polo menos o 25% da AOD a países menos adiantados. Non podemos escudarnos no actual contexto para seguir incumprindo as nosas obrigas para co sur empobrecido. Esquerda Unida propón a realización do esforzo de planificación financeira a catro anos, de maneira que os fondos sexan previsibles, estables e politicamente orientados no medio prazo, e non, como ata agora, nun horizonte temporal anual, de xeito evidente insuficiente para garantir políticas de desenvolvemento de alcance.

A lexislatura iniciouse en Galicia co compromiso do bipartito de acadar o 0,4% dos orzamentos ao remate da mesma. A constatación dos orzamentos do 2009 é desalentadora: 0,11%, lonxe do obxectivo inicial. Falta moita transparencia nos instrumentos e nos métodos, así como na interlocución cos axentes sociais. Esquerda Unida traballará para que esas condutas negativas cambien desde os parámetros da democracia participativa e na corresponsabilidade na organización e xestión. A Coordinadora Galega de ONGD's ten denunciado esta falta de transparencia: as consellarías como a de Pesca non facilitan datos; as explicacións dos plans de cooperación da propia Dirección Xeral de Cooperación son escasas e carentes do rigor que lles esixen ás propias ONGD's que concorren aos proxectos e microproxectos. A Axencia Galega de Cooperación vaise crear sen que, informan desde OSPAAAL GALICIA, se crease un proceso participativo de debate e consulta cos axentes sociais

implicados na tarefa do codesenvolvemento. Tal como acontecera coa creación do Plan Galego de Inmigración, como denunciámos máis arriba. Ao igual que o de inmigración, o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento reúnese para facer a foto e xustificar o diñeiro das dietas dos persoeiros da Xunta, que son os que copan o mesmo. Pero nada de xuntanzas para elaborar propostas, para debater as estratexias máis oportunas, para correxir erros, ou para denunciar a burocratización das axudas.

Esquerda Unida aposta por un achegamento diferenciador ás diferentes realidades xeográficas da cooperación Española, concentrando esforzos nos seus países prioritarios de América Latina, África e Asia, e evitando dispersión xeográfica naqueles países onde o achegue da nosa cooperación é marxinal ou ata algo menos que testemuñal.

A prioridade xeográfica da nosa cooperación debe ser a loita contra a pobreza e non os intereses xeo-estratéxicos, a loita contra a inmigración irregular ou a reconstrución de países ocupados por Estados Unidos ou a OTAN. Para iso xa existen, por desgraza en moitas ocasións, outros instrumentos de control e represión. A cooperación debe servir, e serve, para loitar contra a pobreza e a desigualdade, alí onde existe vontade e posibilidade de facelo.

De acordo coas recomendacións do Comité de Axuda ao Desenvolvemento, o compromiso de Esquerda Unida é concentrar o 70% da Axuda Oficial ao Desenvolvemento nos países prioritarios.

Unha política coherente implica reclamar que a política do Estado cambie: non pode existir unha cooperación eficaz e eficiente en Galicia se no Estado se incumpren os presuposto de coherencia e transparencia. Por iso, reclamaremos que a lei de débeda

sexa reformada nos aspectos relacionados coa transparencia e participación da sociedade civil, a corresponsabilidade na xestión da débeda e a non adicionalidade, é dicir, que a débeda convertida ou condonada non debería contar como AOD no cómputo cara ao 0,7%. A lei debería recoñecer a condonación automática da débeda ilexítima.

Esquerda Unida propónse eliminar os programas de conversión da débeda en investimentos privados e avanzar na condonación do total da débeda, cunha posición máis activa no marco da iniciativa HPIC (Países pobres altamente endebedados).

Esquerda Unida aposta pola reforma dos dous instrumentos que máis débeda externa xeran: o Fondo de Axuda ao Desenvolvemento e a Compañía Española de Seguros de Crédito á Exportación. Esquerda Unida retirará a regulación do FAD que corresponde a 1976 e creará un FAD de segunda xeración, non reembolsable, dirixido a sectores sociais prioritarios e en liñas coas prioridades xeográficas, xestionado desde o ámbito de cooperación e non desde o de comercio. O CESCE será reformulado para evitar a xeración de nova débeda comercial.

Máis aló das orientacións estratéxicas, Esquerda Unida proporá a elaboración dunha metodoloxía para a cooperación multilateral permitindo un maior nivel de transparencia e participación dos actores da Cooperación Española na planificación e xestión dos fondos destinados a organismos multilaterais.

Ao igual que solicitamos crear o **Instituto de Civís pola Paz**, como órgano de apoio do Ministerio de Presidencia para a administración da política de xestión civil de crise, cómpre entender que Galicia estará representada en dito instituto cuxas funcións, entre outras, serían:

- Adquirir a capacidade de realizar misións nos ámbitos prioritarios da xestión civil de crise, misións de observación e misións de apoio aos representantes especiais da Unión Europea.
- Desenvolver capacidades para o despregamento de recursos multifuncionais de xestión civil de crise nun marco integrado.
- Desenvolver capacidades para o despregamento de misións civís que impliquen diversos niveis de compromiso, incluída polo menos unha gran misión civil de substitución a curto prazo nunha contorna hostil.
- Despregar misións europeas de xestión civil de crise de xeito autónomo, conxuntamente ou en estreita cooperación con operacións militares.

Propoñemos a promoción e uso dos programas de apoio orzamentario e sectorial aos servizos públicos de saúde e educación nos países prioritarios, fortalecendo a dotación pública dos servizos sociais básicos e evitando a súa privatización. A posta en marcha dos programas de apoio orzamentario pactarase de xeito plurianual, sobre a base de obxectivos concretos e realizables, e acompañando medidas de fortalecemento fiscal que permitan a sustentabilidade das políticas públicas no tempo. Esquerda Unida propón avanzar na consecución de recursos financeiros a través de sistemas de imposición global, de acordos coas recomendacións da Alianza contra o Fame e a Pobreza e os mecanismos innovadores de financiamento, que en ningún caso deben substituír á Axuda Oficial ao Desenvolvemento xa comprometida.

Esquerda Unida propón a reforma da lei de subvencións e, paralelamente, un novo marco de financiamento plurianual ás ONG cualificadas, incrementando os controis internos e de avaliación dos seus procedementos de traballo á vez que se acordan

mecanismos de financiamento máis flexibles e amplos sobre a base de obxectivos, onde o cumprimento dos mesmos, e non o grao de execución orzamentaria, sexa a prioridade.

Esquerda Unida aposta pola sensibilización e a educación para o desenvolvemento, tanto no ámbito formal como no ámbito non formal e os medios de comunicación. A cooperación española destinará ata o 2% dos seus fondos totais a iniciativas e actividades directamente relacionadas con Educación para o Desenvolvemento, sensibilización, comunicación e cultura para o desenvolvemento. O orzamento de cooperación en Galicia detallará a cantidade que anualmente lle corresponda, despois de consultar os axentes sociais, a Educación para o Desenvolvemento en Galicia. No entanto, para Esquerda Unida faise prioritario enfatizar dita educación no eido rural, onde, ata o día de hoxe, a mesma depende do voluntarismo militante dalgunhas organizacións sociais.

Coherencia de Políticas

A cooperación é un elemento importante pero non o único en materia de loita contra a pobreza e as desigualdades internacionais. Esquerda Unida aposta polo establecemento dun marco de coherencia de políticas.

No ámbito da política comercial, Esquerda Unida apoiará a creación do consello consultivo sobre política comercial, que permita aos axentes sociais e aos actores da cooperación española valorar e informar sobre as decisións de política comercial apoiadas no marco da Unión Europea. Esquerda Unida favorecerá e impulsará no seo da Unión Europea unhas normas comerciais internacionais máis acordes coas necesidades de desenvolvemento dos países empobrecidos, especialmente en materia agrícola e de

soberanía alimentaria, e contra a extensión e aplicación do Acordo Xeral de Comercio de Servizos (AXCS).

Esquerda Unida rexeita o enfoque da prexudiciais que é incapaz de sacar adiante no marco da Organización Mundial do Comercio. Esquerda Unida promoverá a posta en marcha de avaliacións de impacto ambiental en todos os acordos de cooperación e comercio asinados pola Unión Europea, cuxo coñecemento debería ser obrigatorio antes da súa posta en marcha.

No ámbito dos investimentos españois no Exterior, Esquerda Unida promoverá a elaboración da lei de Responsabilidade Social Corporativa con implicacións no exterior, seriamente avaliabile e coercitiva, para que non caia nun mero formalismo a acreditación de responsabilidade para unha empresa determinada. Os acordos de protección recíproca de investimentos deben incluír entre as súas cláusulas o cumprimento dos convenios da OIT sobre condicións de traballo e a avaliación do impacto social e ambiental de devanditos investimentos. A política de promoción destes investimentos, a través do Fondo de Investimento no Exterior, Instituto de Crédito Oficial e de CESCE, será revisada desde o principio de contribución ao desenvolvemento do país receptor, responsabilidade ambiental e impacto social do investimento. Non se apoiarán con fondos públicos programas de investimentos non produtivos ou que busquen a privatización de servizos públicos xa existentes.

No ámbito do financiamento internacional, Esquerda Unida comprométese a loitar contra os paraísos fiscais, e polo establecemento dun sistema financeiro máis xusto e equitativo, evitando os movementos financeiros especulativos a través do establecemento dunha Taxa de Imposición ás Transaccións Financeiras Internacionais, cuxos fondos serán

destinados á provisión de bens públicos mundiais a través dos organismos multilaterais pertinentes.

En materia multilateral, Esquerda Unida propón un apoio específico ás institucións de integración rexional no sur, especialmente aos Fondos Monetarios Rexionais e aos Bancos Rexionais de Desenvolvemento como prioridade, favorecendo experiencias innovadoras de integración enerxética, de infraestruturas e de dimensión social, especialmente en América Latina e África.

En materia ambiental, Esquerda Unida propón a incorporación de estudos de impacto ambiental sobre as políticas de cooperación, así como a adaptación da cooperación ás necesidades de redución, mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático. En calquera caso, Esquerda Unida propón non utilizar a AOD para compensar o exceso de emisións de CO₂, nin a través da adquisición de créditos nos mercados internacionais, nin a través do apoio a Fondos de Carbono ou Mecanismos de Desenvolvemento Limpo.

No ámbito da coherencia de políticas, Esquerda Unida aposta pola elaboración dun libro branco sobre coherencia de políticas no desenvolvemento, a ser discutido por todos os axentes implicados, e que recolla estes obxectivos prioritarios nun marco anual razoable para a súa execución.

A coherencia de políticas será avaliada polo Consello Galego de Cooperación e os seus informes faranse públicos.

Mellora do marco institucional

Esquerda Unida aposta por unha renovación profunda do marco institucional no que se desenvolve a política de cooperación ao desenvolvemento. Para iso, propón:

- Trasladando federalmente a creación dun ministerio específico de Cooperación ao Desenvolvemento, Esquerda Unida propondrá a creación dunha Consellería de Cooperación e Desenvolvemento.
- A reforma do Consello Galego de Cooperación para que sexa realmente un órgano participativo e definitorio na política que deba desenvolver Galicia desde o punto de vista do Desenvolvemento. A
- reforma da comisión interterritorial, que mostrou claras insuficiencias no desenvolvemento da coordinación de actores en materia de cooperación ao desenvolvemento, permitindo unha auténtica programación compartida entre a Administración Xeral do Estado e as cooperaciónns autonómicas e locais.
- A creación dunha axencia de avaliación independente, que elabore informes públicos sobre o impacto e alcance das políticas de cooperación, e que permita aprender de experiencias exitosas e erradas. A axencia de avaliación debe velar pola transparencia, bo goberno e calidade da política de cooperación, incluíndo o uso dos fondos públicos polas ONG.
- A creación da unidade humanitaria da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID) debe levar consigo unha estratexia consensuada en materia de Axuda Humanitaria, incluíndo a necesaria coordinación entre os diferentes axentes e evitando a instrumentalización por parte dos intereses diplomáticos ou estratéxicos españois, respondendo unicamente aos imperativos humanitarios, de acordo cos principios establecidos no código de Boas prácticas sobre doazóns humanitarias. Para garantir esta reforma institucional e o seu éxito, a formación do persoal a cargo da cooperación española é un imperativo. Esquerda Unida propón o establecemento dun sistema de formación básico a incorporar ao programa de formación do Ministerio de Administracións Públicas, e a incorporación dunha temática específica en materia de cooperación nos corpos

da Administración Xeral do Estado (Economistas do Estado, Avogados do Estado, TAC, Diplomáticos, etc...).